



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 442
26 de xaneiro de 2023



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZHOa-7

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

■ 46968 (11/POP-007187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da resolución do problema da falta de profesionais médicos nos puntos de atención continuada da comarca de Arousa-O Salnés

[172090](#)

■ 46974 (11/POP-007188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os recursos dotados para os traballadores autónomos no programa Impacto Autónomo

[172092](#)

■ 46984 (11/POP-007189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubiión, Corme e Laxe

[172094](#)

■ 46986 (11/POP-007190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a xestión privada do centro de menores de especial protección Casa da Quinta, no concello de Pontecaldelas

[172097](#)

■ 46992 (11/POP-007191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto á dotación do concello de Carral dun centro de día público de atención aos maiores

[172099](#)

■ 46995 (11/POP-007192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da exclusión de case a totalidade das explotacións agrogandeiras das axudas directas a autónomos

[172101](#)



I 47002 (11/POP-007193)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre o atraso nos informes solicitados desde o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en relación cos parques eólicos necesarios para a reactivación de Alcoa en San Cibrao

[172103](#)**I 47011 (11/POP-007194)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

[172106](#)**I 47013 (11/POP-007195)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a renuncia do Goberno galego a 180 prazas de medicina familiar e comunitaria

[172110](#)**I 47018 (11/POP-007196)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a diminución da produción marisqueira das rías

[172112](#)**I 47040 (11/POP-007197)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a garantía de protección das vítimas de violencia de xénero que acoden á xustiza

[172114](#)**I 47067 (11/POP-007198)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a execución do proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños

[172116](#)**I 47069 (11/POP-007199)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 7 máis**

Sobre a situación na que se atopa o proxecto apoiado pola Xunta de Galicia para a mellora da conectividade de telefonía e internet no termo municipal de Lugo

[172119](#)**I 47074 (11/POP-007200)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as características que deben ter as explotacións agrogandeiras para ser consideradas explotacións en ecolóxico ou tradicionais

[172121](#)**I 47077 (11/POP-007201)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre a situación na que se atopa a construción da nova planta de biorresiduos de Cervo [172124](#)

I 47079 (11/POP-007202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as características que teñen as parcelas adxudicadas nos últimos doce meses no parque empresarial de Cuíña, no concello de Cervo [172126](#)

I 47081 (11/POP-007203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto para acondicionar unha praza pública no barrio da Atalaia de San Cibrao, en Cervo [172127](#)

I 47084 (11/POP-007204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a eliminación dun médico de atención primaria e dunha consulta de enfermaría no Centro de Saúde da Rúa [172129](#)

I 47087 (11/POP-007205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación da comarca do Barbanza dun servizo permanente de ambulancia de soporte vital avanzado [172134](#)

I 47089 (11/POP-007206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para o recoñecemento do labor dos técnicos en coidados de enfermaría [172137](#)

I 47091 (11/POP-007207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a baixa execución orzamentaria da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade [172140](#)

I 47094 (11/POP-007208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da xubilación anticipada e parcial do persoal estatutario e funcionario dos servizos de saúde [172142](#)

I 47097 (11/POP-007209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a previsión da Consellería de Sanidade en relación coa cobertura das prazas de pediatría no Centro de Saúde de Vilalba con persoal especializado [172145](#)

I 47101 (11/POP-007210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a situación do Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra [172148](#)

I 47103 (11/POP-007211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar o centro de saúde e o punto de atención continuada de Pontearreas do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario necesario para prestarlle unha atención sanitaria de boa calidade á poboación [172151](#)

I 47104 (11/POP-007212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a previsión do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde e punto de atención continuada para Pontearreas e a súa área [172154](#)

I 47106 (11/POP-007213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a dotación dos servizos de emerxencias sanitarias en zonas con déficits de recursos, como as comarcas de Lalín-Deza, O Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras e outras [172157](#)

I 47109 (11/POP-007214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a baixa execución orzamentaria da partida relativa a control ambiental e xestión de residuos [172161](#)

I 47147 (11/POP-007215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense [172163](#)

I 47178 (11/POP-007217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración do Goberno galego dos datos do índice de prezos ao consumo e das perspectivas para o inicio de 2023 [172166](#)

I 47193 (11/POP-007218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei

[172169](#)**I 47206 (11/POP-007221)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a tramitación do parque eólico Troitomil e doutros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes

[172172](#)**I 47217 (11/POP-007222)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as obrigas da Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

[172177](#)**I 47218 (11/POP-007223)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as accións concretas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

[172179](#)**I 47223 (11/POP-007224)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a súa veciñanza respecto do parque eólico de Vilartoxo

[172181](#)**I 47228 (11/POP-007225)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para fomentar vocacións tecnolóxicas entre as mulleres

[172183](#)**I 47234 (11/POP-007226)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as medidas específicas previstas pola Xunta de Galicia para reducir as vítimas de accidentes de tráfico

[172185](#)**I 47249 (11/POP-007227)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne [172187](#)

I 47254 (11/POP-007228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o plan de acceso á vivenda pública na cidade da Coruña [172190](#)

I 47288 (11/POP-007229)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a posibilidade de desafectar o depósito de auga no lugar de Porca-Lires, en Cee, para a súa reparación e uso [172194](#)

I 47293 (11/POP-007230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de recadar un informe xurídico sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial da empresa Estela Eólica [172197](#)

I 47294 (11/POP-007231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre as previsións do Goberno galego de demandar do Estado a convocatoria dun concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama, en Cerceda [172199](#)

I 47299 (11/POP-007232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento do plan industrial na tramitación do parque eólico Os Cotos, en Cerdedo-Cotobade [172202](#)

I 47321 (11/POP-007233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o protocolo do Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos [172205](#)

I 47322 (11/POP-007234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o protocolo do Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos [172207](#)

I 47327 (11/POP-007235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo

[172210](#)**I 47329 (11/POP-007236)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de habilitar de maneira urxente axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polas inundacións de principios de xaneiro

[172213](#)**I 47335 (11/POP-007237)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as previsións do Goberno galego de levar a cabo as actuacións de mellora do Centro Público Integrado Fonte Díaz, de Touro

[172215](#)**I 47343 (11/POP-007239)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a homoxeneización das unidades de mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías

[172217](#)**I 47345 (11/POP-007240)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a detección de dificultades de aprendizaxe entre o alumnado galego de infantil e primaria

[172219](#)**I 47346 (11/POP-007241)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos

[172221](#)**I 47348 (11/POP-007242)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Armada Pérez, José Antonio e 6 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da funcionalidade do Sistema de información de terras de Galicia

[172223](#)**I 47350 (11/POP-007243)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Armada Pérez, José Antonio e 6 máis**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural do funcionamento dos viveiros de xestión pública

[172225](#)**I 47353 (11/POP-007244)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre as prioridades que está a desenvolver a Xunta de Galicia para seguir velando pola convivencia escolar e o benestar emocional no sistema educativo [172227](#)

I 47355 (11/POP-007245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a forma en que se vai incorporar a innovación educativa e as novas experiencias de aprendizaxe ao sistema educativo de Galicia [172229](#)

I 47361 (11/POP-007246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o cumprimento da Lei 2/2010 e os dereitos das mulleres galegas en materia de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo [172231](#)

I 47363 (11/POP-007247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 8 máis

Sobre a situación actual da ampliación do solo residencial de San Paio de Navia, en Vigo [172234](#)

I 47365 (11/POP-007248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis

Sobre as axudas financiadas con fondos europeos convocadas pola Xunta de Galicia en materia de vivenda en 2022 [172236](#)

I 47372 (11/POP-007249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a nova regulación da Certificación galega de excelencia en igualdade [172238](#)

I 47377 (11/POP-007250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 9 máis

Sobre a situación en que se atopa a obra de construción do Centro Integral de Saúde de Lugo, emprazado no barrio da Residencia [172240](#)

I 47379 (11/POP-007251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 9 máis

Sobre as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo [172242](#)

I 47381 (11/POP-007252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre o proxecto de construción do aparcamento disuasorio da avenida Breogán, na cidade de Lugo [172244](#)

I 47382 (11/POP-007253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia da segunda edición do Bono Cultura [172246](#)

I 47385 (11/POP-007254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a baixa execución da partida 423 A, de servizos e axudas complementarias da ensinanza [172248](#)

I 47389 (11/POP-007255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade das últimas edicións do programa Galicia Emprega [172250](#)

I 47391 (11/POP-007256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as previsións de alcance do Plan formativo para o emprego para 2022 e 2023 [172252](#)

I 47394 (11/POP-007257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o reiterado requirimento ao Goberno galego de informes de impacto ambiental por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico [172254](#)

I 47404 (11/POP-007258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 7 máis

Sobre as conexións entre o mundo educativo e empresarial que poden abrir os proxectos previstos no Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, de Ourense [172256](#)

I 47408 (11/POP-007259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a redución orzamentaria ao proxecto da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2023 [172259](#)

I 47411 (11/POP-007260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a necesidade de dotar o concello da Estrada dun centro de día [172261](#)



I 47416 (11/POP-007261)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de proceder a restaurar a atención sanitaria no consultorio de Baamonde para devolver a proximidade da asistencia á poboación

[172264](#)**I 47418 (11/POP-007262)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas que hai que tomar para a prevención e a atención ao suicidio en Galicia

[172267](#)**I 47421 (11/POP-007263)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a necesidade de prestación de xeito directo do servizo de transporte sanitario terrestre por parte da Xunta de Galicia

[172270](#)**I 47426 (11/POP-007264)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre os novos anticoagulantes orais

[172273](#)**I 47431 (11/POP-007265)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas que hai que tomar para implementar unha estratexia de saúde sexual e reprodutiva

[172276](#)**I 47435 (11/POP-007266)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural ante a sentenza do Xulgado nº 1 do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, relativa ás contías descontadas ao persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pola folga do 2020

[172282](#)**I 47446 (11/POP-007267)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego tendentes a resolver as deficiencias detectadas na xestión do PAC de Santa Cruz (Oleiros)

[172285](#)**I 47449 (11/POP-007268)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a dotación dunha ambulancia de soporte vital avanzado, así como a dotación das de soporte vital básico no concello de Lalín

[172288](#)

I 47456 (11/POP-007269)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coa monetarización do plan industrial presentado pola empresa Aldeasa no concurso eólico de 2010 [172291](#)

I 47457 (11/POP-007270)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a baixa execución da partida orzamentaria 423 B [172293](#)

I 47460 (11/POP-007271)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Otero Lago, Noelia**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de obras de acondicionamento no patio do Centro de Ensinanza Infantil e Primaria Nicolás del Río, en Cedeira [172295](#)

I 47461 (11/POP-007272)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das pistas das concentracións parcelarias de Gorgullos e Viladabade, no concello de Tordoia [172297](#)

I 47462 (11/POP-007273)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a desaparición ou perda do valor orixinal do proxecto de homologación do Camiño dos Faros como Ruta de gran percorrido (GR) [172299](#)

I 47463 (11/POP-007274)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o número de concentracións parcelarias pendentes de remate por parte da Consellería do Medio Rural [172301](#)

I 47464 (11/POP-007275)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as obras de seguridade necesarias na dársena dos portos de Malpica e de Barizo [172305](#)

I 47468 (11/POP-007276)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre os datos cos que conta o Goberno galego sobre infraccións da normativa forestal nos últimos tres anos [172307](#)



I 47471 (11/POP-007277)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación na que se atopa o centro de saúde do concello de Vedra

[172309](#)**I 47472 (11/POP-007278)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre os mecanismos para garantir que os produtores de leite cobren por enriba dos custos de produción

[172312](#)**I 47473 (11/POP-007279)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre a previsión do Goberno galego en canto a establecer os criterios de emprego e actividade industrial que dean cumprimento á Sentenza do tribunal superior de xustiza de Galicia do 20 de novembro de 2020

[172316](#)**I 47474 (11/POP-007280)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa ruta do Camiño dos Faros

[172318](#)**I 47475 (11/POP-007281)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre o grao de cumprimento da axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0

[172320](#)**I 47476 (11/POP-007282)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a posta en marcha da comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

[172323](#)**I 47477 (11/POP-007283)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as medidas que está a tomar o Goberno galego para apoiar as empresas do sector de carburantes en Galicia ante o proceso de transición enerxética

[172327](#)**I 47478 (11/POP-007284)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre a disposición dun médico en quenda de tarde no consultorio de Meicende (Arteixo)

[172331](#)**I 47479 (11/POP-007285)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a situación e o estado das liñas de ata tensión na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo

[172333](#)

I 47480 (11/POP-007286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que adoptou o goberno galego en relación coas denuncias realizadas por Ecoloxistas en Acción ante a consellería do Medio Rural pola eucalptización das brañas de Loira e da Serra

[172335](#)

I 47483 (11/POP-007287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto das demandas do instituto de ensino secundario Punta Candieira, de Cedeira

[172339](#)

I 47484 (11/POP-007288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos problemas co servizo de transporte escolar no concello de Arteixo

[172341](#)

I 47485 (11/POP-007289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da caída da produción industrial

[172343](#)

I 47486 (11/POP-007290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre os traballos que está a facer a Xunta de Galicia para recuperar o sector agrario no Val de Lemos

[172345](#)

I 47487 (11/POP-007291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo

[172348](#)

I 47488 (11/POP-007292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a denegación pola Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda da solicitude de subvención do Concello de Melide na actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos

[172350](#)

I 47489 (11/POP-007293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda despois da contestación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental respecto das condicións da planta de compostaxe de Arteixo en 2019

[172354](#)**I 47490 (11/POP-007294)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas con fondos propios ás industrias con altos custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro

[172357](#)**I 47491 (11/POP-007295)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as iniciativas que adoptou o Goberno galego desde a sinatura do protocolo de colaboración entre Maersk e o Goberno do Estado para facilitar a chegada deste investimento industrial ao noso territorio

[172359](#)**I 47492 (11/POP-007296)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a ampliación do prazo e o aumento do orzamento para as axudas para a prevención de danos ocasionados pola fauna silvestre

[172362](#)**I 47493 (11/POP-007297)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a ampliación, por parte do Goberno galego, dos censos para a nova liña da PAC «Xestión sustentable de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros»

[172364](#)**I 47522 (11/POP-007298)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar para as axudas dirixidas á realización de operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños en 2023

[172366](#)**I 47524 (11/POP-007299)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar para axudas no ámbito da produción acuícola en 2023

[172368](#)**I 47526 (11/POP-007300)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar a axudas para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico a innovación e a competitividade no sector da acuicultura en 2023

[172370](#)

I 47527 (11/POP-007301)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**Sobre a supresión dunha mestra e dunha aula de educación infantil no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha [172372](#)**I 47561 (11/POP-007302)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana**Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no porto de Covelo en Poio no ano 2023 [172374](#)**I 47586 (11/POP-007303)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**Sobre os pasos dados pola Consellería de Medio Rural dende xuño de 2021 ata a actualidade en relación coa entrega de títulos da concentración que afecta o municipio de Cartelle [172376](#)**I 47589 (11/POP-007304)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia**Sobre valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da execución orzamentaria no tema da vivenda, nomeadamente no acceso a vivenda (451B) [172378](#)**I 47595 (11/POP-007305)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**Sobre a valoración do Goberno galego da evolución económica do tecido produtivo [172381](#)**I 47600 (11/POP-007306)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da tramitación da liña de alta tensión de conexión dos parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños [172383](#)**I 47602 (11/POP-007307)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**Sobre o balance que fai o Goberno galego das accións levadas a cabo dentro do Plan de Pastoreo de Galicia [172387](#)**I 47611 (11/POP-007308)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre a avaliación da Xunta de Galicia do programa 151A Fomento da lingua galega [172389](#)

I 47618 (11/POP-007309)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis**

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia co financiamento das universidades públicas galegas

[172391](#)**I 47622 (11/POP-007310)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as previsións do Goberno galego de completar todo o territorio galego co servizo de biblioteca

[172393](#)**I 47629 (11/POP-007311)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a promoción e protección do sector cultural da ilustración

[172395](#)**I 47635 (11/POP-007312)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre os problemas de saturación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago

[172397](#)**I 47643 (11/POP-007313)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a situación vivida na residencia de maiores do concello de Sarria

[172399](#)**I 47645 (11/POP-007314)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a publicación da información complementaria dos orzamentos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia

[172402](#)**I 47653 (11/POP-007315)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 5 máis**

Sobre os recursos técnicos da Sociedade galega do medio ambiente para tratar a xestión de residuos orgánicos dos concello adscrito ao seu sistema

[172404](#)**I 47659 (11/POP-007316)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a contía aportada aos colexios profesionais de avogados e procuradores de Galicia para a xestión do acceso á xustiza gratuíta

[172407](#)**I 47664 (11/POP-007317)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da actualización da lexislación galega en materia de residuos e solos contaminados [172409](#)

I 47668 (11/POP-007318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as comparecencias do Goberno galego no Parlamento de Galicia para informar das viaxes dos altos cargos [172412](#)

I 47669 (11/POP-007319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dalgunha ferramenta no eido educativo para traballar pola igualdade nos centro de ensino [172413](#)

I 47677 (11/POP-007320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos trámites para a integración das marismas do río Baxoi na Rede Natura 2000 [172415](#)

I 47682 (11/POP-007321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da avaliación do Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022 e da elaboración dun novo plan de residuos industriais [172418](#)

I 47685 (11/POP-007322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da titularidade da estrada EP-8001, que une as localidades de Catoira e de Caldas de Reis e as provincias da Coruña e de Pontevedra [172421](#)

I 47687 (11/POP-007323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presentación de alegacións ao Anteproxecto de lei de mobilidade sustentable para que se teñan en conta alternativas como a do modelo de Pontevedra para a implantación de zonas de baixas emisións nas cidades [172424](#)

I 47690 (11/POP-007324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña [172428](#)



I 47696 (11/POP-007325)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o procedemento sancionador aberto á empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa de Ar-teixo

[172430](#)**I 47703 (11/POP-007326)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios

[172432](#)**I 47711 (11/POP-007327)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións do Goberno galego para facer públicas as listas de espera do Servizo Galego de Saúde

[172435](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de xaneiro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 46968 (11/POP-007187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da resolución do problema da falta de profesionais médicos nos puntos de atención continuada da comarca de Arousa-O Salnés

- 46974 (11/POP-007188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os recursos dotados para os traballadores autónomos no programa Impacto Autónomo

- 46984 (11/POP-007189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe

- 46986 (11/POP-007190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a xestión privada do centro de menores de especial protección Casa da Quinta, no concello de Pontecaldelas

- 46992 (11/POP-007191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en canto á dotación do concello de Carral dun centro de día público de atención aos maiores

- 46995 (11/POP-007192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da exclusión de case a totalidade das explotacións agrogandeiras das axudas directas a autónomos

- 47002 (11/POP-007193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o atraso nos informes solicitados desde o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en relación cos parques eólicos necesarios para a reactivación de Alcoa en San Cibrao

- 47011 (11/POP-007194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

- 47013 (11/POP-007195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a renuncia do Goberno galego a 180 prazas de medicina familiar e comunitaria

- 47018 (11/POP-007196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a diminución da produción marisqueira das rías

- 47040 (11/POP-007197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a garantía de protección das vítimas de violencia de xénero que acoden á xustiza

- 47067 (11/POP-007198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a execución do proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños

- 47069 (11/POP-007199)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 7 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto apoiado pola Xunta de Galicia para a mellora da conectividade de telefonía e internet no termo municipal de Lugo

- 47074 (11/POP-007200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as características que deben ter as explotacións agrogandeiras para ser consideradas explotacións en ecolóxico ou tradicionais

- 47077 (11/POP-007201)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre a situación na que se atopa a construción da nova planta de biorresiduos de Cervo



- 47079 (11/POP-007202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as características que teñen as parcelas adxudicadas nos últimos doce meses no parque empresarial de Cuíña, no concello de Cervo

- 47081 (11/POP-007203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto para acondicionar unha praza pública no barrio da Atalaia de San Cibrao, en Cervo

- 47084 (11/POP-007204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a eliminación dun médico de atención primaria e dunha consulta de enfermaría no Centro de Saúde da Rúa

- 47087 (11/POP-007205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación da comarca do Barbanza dun servizo permanente de ambulancia de soporte vital avanzado

- 47089 (11/POP-007206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para o recoñecemento do labor dos técnicos en coidados de enfermaría

- 47091 (11/POP-007207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a baixa execución orzamentaria da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

- 47094 (11/POP-007208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da xubilación anticipada e parcial do persoal estatutario e funcionario dos servizos de saúde

- 47097 (11/POP-007209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a previsión da Consellería de Sanidade en relación coa cobertura das prazas de pediatría no Centro de Saúde de Vilalba con persoal especializado



- 47101 (11/POP-007210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a situación do Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra

- 47103 (11/POP-007211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar o centro de saúde e o punto de atención continuada de Pontearreas do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario necesario para prestarlle unha atención sanitaria de boa calidade á poboación

- 47104 (11/POP-007212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a previsión do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde e punto de atención continuada para Pontearreas e a súa área

- 47106 (11/POP-007213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a dotación dos servizos de emerxencias sanitarias en zonas con déficits de recursos, como as comarcas de Lalín-Deza, O Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras e outras.

- 47109 (11/POP-007214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a baixa execución orzamentaria da partida relativa a control ambiental e xestión de residuos

- 47147 (11/POP-007215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario de Ourense

- 47178 (11/POP-007217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración do Goberno galego dos datos do índice de prezos ao consumo e das perspectivas para o inicio de 2023

- 47193 (11/POP-007218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei



- 47206 (11/POP-007221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a tramitación do parque eólico Troitomil e doutros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes

- 47217 (11/POP-007222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as obrigas da Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 47218 (11/POP-007223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as accións concretas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 47223 (11/POP-007224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a súa veciñanza respecto do parque eólico de Vilartoxo

- 47228 (11/POP-007225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para fomentar vocacións tecnolóxicas entre as mulleres

- 47234 (11/POP-007226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as medidas específicas previstas pola Xunta de Galicia para reducir as vítimas de accidentes de tráfico

- 47249 (11/POP-007227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne



- 47254 (11/POP-007228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre o plan de acceso á vivenda pública na cidade da Coruña

- 47288 (11/POP-007229)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a posibilidade de desafectar o depósito de auga no lugar de Porca-Lires, en Cee, para a súa reparación e uso

- 47293 (11/POP-007230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de recadar un informe xurídico sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial da empresa Estela Eólica

- 47294 (11/POP-007231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón
Sobre as previsións do Goberno galego de demandar do Estado a convocatoria dun concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama, en Cerceda

- 47299 (11/POP-007232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir o cumprimento do plan industrial na tramitación do parque eólico Os Cotos, en Cerdedo-Cotobade

- 47321 (11/POP-007233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre o protocolo do Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos

- 47322 (11/POP-007234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre o protocolo do Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos

- 47327 (11/POP-007235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo



- 47329 (11/POP-007236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de habilitar de maneira urxente axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polas inundacións de principios de xaneiro

- 47335 (11/POP-007237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as previsións do Goberno galego de levar a cabo as actuacións de mellora do Centro Público Integrado Fonte Díaz, de Touro

- 47343 (11/POP-007239)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a homoxeneización das unidades de mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías

- 47345 (11/POP-007240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a detección de dificultades de aprendizaxe entre o alumnado galego de infantil e primaria

- 47346 (11/POP-007241)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos

- 47348 (11/POP-007242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Armada Pérez, José Antonio e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da funcionalidade do Sistema de información de terras de Galicia

- 47350 (11/POP-007243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Armada Pérez, José Antonio e 6 máis

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural do funcionamento dos viveiros de xestión pública

- 47353 (11/POP-007244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as prioridades que está a desenvolver a Xunta de Galicia para seguir velando pola convivencia escolar e o benestar emocional no sistema educativo



- 47355 (11/POP-007245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a forma en que se vai incorporar a innovación educativa e as novas experiencias de aprendizaxe ao sistema educativo de Galicia

- 47361 (11/POP-007246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o cumprimento da Lei 2/2010 e os dereitos das mulleres galegas en materia de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo

- 47363 (11/POP-007247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 8 máis

Sobre a situación actual da ampliación do solo residencial de San Paio de Navia, en Vigo

- 47365 (11/POP-007248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis

Sobre as axudas financiadas con fondos europeos convocadas pola Xunta de Galicia en materia de vivenda en 2022

- 47372 (11/POP-007249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a nova regulación da Certificación galega de excelencia en igualdade

- 47377 (11/POP-007250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 9 máis

Sobre a situación en que se atopa a obra de construción do Centro Integral de Saúde de Lugo, empuzado no barrio da Residencia

- 47379 (11/POP-007251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 9 máis

Sobre as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo

- 47381 (11/POP-007252)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 9 máis

Sobre o proxecto de construción do aparcamento disuasorio da avenida Breogán, na cidade de Lugo



- 47382 (11/POP-007253)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia da segunda edición do Bono Cultura

- 47385 (11/POP-007254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a baixa execución da partida 423 A, de servizos e axudas complementarias da ensinanza

- 47389 (11/POP-007255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre o balance da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade das últimas edicións do programa Galicia Emprega

- 47391 (11/POP-007256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as previsións de alcance do Plan formativo para o emprego para 2022 e 2023

- 47394 (11/POP-007257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o reiterado requirimento ao Goberno galego de informes de impacto ambiental por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

- 47404 (11/POP-007258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 7 máis

Sobre as conexións entre o mundo educativo e empresarial que poden abrir os proxectos previstos no Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, de Ourense

- 47408 (11/POP-007259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a redución orzamentaria ao proxecto da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2023

- 47411 (11/POP-007260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a necesidade de dotar o concello da Estrada dun centro de día

- 47416 (11/POP-007261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de proceder a restaurar a atención sanitaria no consultorio de Baamonde para devolver a proximidade da asistencia á poboación

- 47418 (11/POP-007262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que hai que tomar para a prevención e a atención ao suicidio en Galicia

- 47421 (11/POP-007263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a necesidade de prestación de xeito directo do servizo de transporte sanitario terrestre por parte da Xunta de Galicia

- 47426 (11/POP-007264)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre os novos anticoagulantes orais

- 47431 (11/POP-007265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que hai que tomar para implementar unha estratexia de saúde sexual e reprodutiva

- 47435 (11/POP-007266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural ante a sentenza do Xulgado nº 1 do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, relativa ás contías descontadas ao persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pola folga do 2020

- 47446 (11/POP-007267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego tendentes a resolver as deficiencias detectadas na xestión do PAC de Santa Cruz (Oleiros)

- 47449 (11/POP-007268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a dotación dunha ambulancia de soporte vital avanzado, así como a dotación das de soporte vital básico no concello de Lalín

- 47456 (11/POP-007269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coa monetarización do plan industrial presentado pola empresa Aldeasa no concurso eólico de 2010

- 47457 (11/POP-007270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a baixa execución da partida orzamentaria 423 B

- 47460 (11/POP-007271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Otero Lago, Noelia

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de obras de acondicionamento no patio do Centro de Ensinanza Infantil e Primaria Nicolás del Río, en Cedeira

- 47461 (11/POP-007272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das pistas das concentracións parcelarias de Gorgullos e Viladabade, no concello de Tordoia

- 47462 (11/POP-007273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar a desaparición ou perda do valor orixinal do proxecto de homologación do Camiño dos Faros como Ruta de gran percorrido (GR)

- 47463 (11/POP-007274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o número de concentracións parcelarias pendentes de remate por parte da Consellería do Medio Rural

- 47464 (11/POP-007275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as obras de seguridade necesarias na dársena dos portos de Malpica e de Barizo

- 47468 (11/POP-007276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os datos cos que conta o Goberno galego sobre infraccións da normativa forestal nos últimos tres anos

- 47471 (11/POP-007277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación na que se atopa o centro de saúde do concello de Vedra

- 47472 (11/POP-007278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre os mecanismos para garantir que os produtores de leite cobren por enriba dos custos de produción

- 47473 (11/POP-007279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre a previsión do Goberno galego en canto a establecer os criterios de emprego e actividade industrial que dean cumprimento á Sentenza do tribunal superior de xustiza de Galicia do 20 de novembro de 2020

- 47474 (11/POP-007280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa ruta do Camiño dos Faros

- 47475 (11/POP-007281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre o grao de cumprimento da axenda da competitividade Galicia-Industria 4.0

- 47476 (11/POP-007282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a posta en marcha da comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

- 47477 (11/POP-007283)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as medidas que está a tomar o Goberno galego para apoiar as empresas do sector de carburantes en Galicia ante o proceso de transición enerxética

- 47478 (11/POP-007284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre a disposición dun médico en quenda de tarde no consultorio de Meicende (Arteixo)

- 47479 (11/POP-007285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia



Sobre a situación e o estado das liñas de ata tensión na parroquia de Oseiro, no concello de Arteixo

- 47480 (11/POP-007286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que adoptou o goberno galego en relación coas denuncias realizadas por Ecoloxistas en Acción ante a consellería do Medio Rural pola eucaliptización das brañas de Loira e da Serra

- 47483 (11/POP-007287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto das demandas do instituto de ensino secundario Punta Candieira, de Cedeira

- 47484 (11/POP-007288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia dos problemas co servizo de transporte escolar no concello de Arteixo

- 47485 (11/POP-007289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da caída da produción industrial

- 47486 (11/POP-007290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre os traballos que está a facer a Xunta de Galicia para recuperar o sector agrario no Val de Lemos

- 47487 (11/POP-007291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo

- 47488 (11/POP-007292)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a denegación pola Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda da solicitude de subvención do Concello de Melide na actuación de posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos

- 47489 (11/POP-007293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda despois da contestación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental respecto das condicións da planta de compostaxe de Arteixo en 2019

- 47490 (11/POP-007294)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da implementación dunha liña de axudas con fondos propios ás industrias con altos custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro

- 47491 (11/POP-007295)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as iniciativas que adoptou o Goberno galego desde a sinatura do protocolo de colaboración entre Maersk e o Goberno do Estado para facilitar a chegada deste investimento industrial ao noso territorio

- 47492 (11/POP-007296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a ampliación do prazo e o aumento do orzamento para as axudas para a prevención de danos ocasionados pola fauna silvestre

- 47493 (11/POP-007297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a ampliación, por parte do Goberno galego, dos censos para a nova liña da PAC «Xestión sustentable de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros»

- 47522 (11/POP-007298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar para as axudas dirixidas á realización de operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños en 2023

- 47524 (11/POP-007299)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar para axudas no ámbito da produción acuícola en 2023

- 47526 (11/POP-007300)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar a axudas para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico a innovación e a competitividade no sector da acuicultura en 2023



- 47527 (11/POP-007301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a supresión dunha mestra e dunha aula de educación infantil no CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha

- 47561 (11/POP-007302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no porto de Covelo en Poio no ano 2023

- 47586 (11/POP-007303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre os pasos dados pola Consellería de Medio Rural dende xuño de 2021 ata a actualidade en relación coa entrega de títulos da concentración que afecta o municipio de Cartelle

- 47589 (11/POP-007304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da execución orzamentaria no tema da vivenda, nomeadamente no acceso a vivenda (451B)

- 47595 (11/POP-007305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración do Goberno galego da evolución económica do tecido produtivo

- 47600 (11/POP-007306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da tramitación da liña de alta tensión de conexión dos parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños

- 47602 (11/POP-007307)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego das accións levadas a cabo dentro do Plan de Pastoreo de Galicia

- 47611 (11/POP-007308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia do programa 151A Fomento da lingua galega



- 47618 (11/POP-007309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia co financiamento das universidades públicas galegas

- 47622 (11/POP-007310)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as previsións do Goberno galego de completar todo o territorio galego co servizo de biblioteca

- 47629 (11/POP-007311)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a promoción e protección do sector cultural da ilustración

- 47635 (11/POP-007312)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os problemas de saturación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago

- 47643 (11/POP-007313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación vivida na residencia de maiores do concello de Sarria

- 47645 (11/POP-007314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a publicación da información complementaria dos orzamentos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia

- 47653 (11/POP-007315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 5 máis

Sobre os recursos técnicos da Sociedade galega do medio ambiente para tratar a xestión de residuos orgánicos dos concello adscrito ao seu sistema

- 47659 (11/POP-007316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a contía aportada aos colexios profesionais de avogados e procuradores de Galicia para a xestión do acceso á xustiza gratuíta

- 47664 (11/POP-007317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da actualización da lexislación galega en materia de residuos e solos contaminados

- 47668 (11/POP-007318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as comparecencias do Goberno galego no Parlamento de Galicia para informar das viaxes dos altos cargos

- 47669 (11/POP-007319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dalgunha ferramenta no eido educativo para traballar pola igualdade nos centro de ensino

- 47677 (11/POP-007320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio dos trámites para a integración das marismas do río Baxoi na Rede Natura 2000

- 47682 (11/POP-007321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da avaliación do Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022 e da elaboración dun novo plan de residuos industriais

- 47685 (11/POP-007322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da titularidade da estrada EP-8001, que une as localidades de Catoira e de Caldas de Reis e as provincias da Coruña e de Pontevedra

- 47687 (11/POP-007323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presentación de alegacións ao Anteproxecto de lei de mobilidade sustentable para que se teñan en conta alternativas como a do modelo de Pontevedra para a implantación de zonas de baixas emisións nas cidades

- 47690 (11/POP-007324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña



- 47696 (11/POP-007325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o procedemento sancionador aberto á empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa de Ar-teixo

- 47703 (11/POP-007326)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios

- 47711 (11/POP-007327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións do Goberno galego para facer públicas as listas de espera do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

A situación da Atención Primaria en Galicia está nun momento de ampla preocupación, con profesionais saturados e centros sanitarios sobrevivindo ante a demanda asistencial sen recibir ningún apoio real en formato de recursos ou medidas de xestión eficiente por parte da dirección do sistema sanitario galego.

O escenario no que se atopa o sistema sanitario é de gran preocupación, cun problema de persoal froito dos recortes da última década expresados fundamentalmente na non reposición dos profesionais, a renuncia do Goberno galego a formar decenas e decenas de novos profesionais para primaria, tanto facultativos como profesionais de enfermaría, e o sometemento a condicións laborais en continuo empeoramento que fan das prazas un espazo profesional moi pouco atractivo para captar novos sanitarios.

A comarca de Arousa – O Salnés é un punto no que estes problemas se amosan na súa máxima expresión. Dende a dirección do sistema sanitario público véñense abandonando as políticas de dotación de recursos humanos axeitados para a atención primaria, ademais de demorar durante anos a atención ás necesidades de infraestruturas axeitadas que están chegando tarde (centros de saúde de Vilagarcía ou Meis), que directamente non queren ser postas en marcha (centro de saúde do Grove), ou que foron arranxadas sen afrontar o conxunto dos problemas (centro de saúde da Illa).

Esta situación agrávase cando se trata de avaliar o funcionamento dos PAC, onde durante o último ano vivíronse escenarios moi preocupantes con dotacións mínimas de persoal ou incluso ausencia de profesionais facultativos nos PAC desta comarca. Ocorreu en numerosas ocasións durante o verán, sendo a comarca turística de referencia de Galicia, e dende o Goberno de Galicia apuntouse aos problemas de cubrir persoal nos meses de vacacións dos profesionais e co aumento poboacional. Pero chegado o inverno seguen a ocorrer as mesmas situacións, e evidéncianse como incapaces de solucionar nada todos os anuncios baleiros de propostas que nunca se concretan.

Entrado 2023 seguimos nesta comarca cun problema grave de abandono dos PAC por parte da dirección do sistema, e coas fins de semana en que a área Pontevedra – Salnés sofre sen médicos nos puntos de atención continuada, o que repercute



ademais nunha grave saturación dos servizos de urxencias dos hospitais, cuxos profesionais alertaron en numerosas ocasións da necesidade de que se poña freo a esta ausencia de profesionais en Atención Primaria.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

Que solucións ten previsto o Goberno de Galicia para resolver a constante problemática de falta de profesionais médicos nos PAC da comarca de Arousa – O Salnés?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 16:54:54

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 16:55:05



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como xa acontecía co lanzamento do bono turístico e o desconto cultural a páxina *web* da Xunta de Galicia quedou colapsada o día 9 de xaneiro cando se abriu o prazo de presentación de axudas directas de entre 800 e 1.500 euros do Programa impacto autónomo.

O prazo de solicitude e presentación de documentación abríase o día 9 e a *web* saturábase pasada a media noite e estivo caída por momentos prexudicando tanto a particulares como a profesionais que xestionan estas axudas

O colexio de xestores administrativos de Galicia recolleu críticas polo colapso na sede electrónica da Xunta de Galicia denunciando que a publicación inclúe unha captura de pantalla cos datos de cola virtual con case unha hora de espera e mais de medio millar de usuarios por diante. As 00.04 horas xa había 4.000 postos en espera.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego é insostible.

O Programa impacto autónomo da Consellería de Emprego chega tarde, non é ambicioso e suple as funcións e orzamento de que dispón a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía para paliar a situación das empresas e dos autónomos e autónomas galegas para minorar as consecuencias primeiro da pandemia e agora da alza de prezos provocada pola guerra de Ucraína

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego suficientes os recursos dotados para os autónomos galegos dada a delicada situación que están a atravesar provocada primeiro pola pandemia e agora pola guerra de Ucraína?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 17:15:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 17:15:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2023 17:15:37

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 17:15:49

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 17:16:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG da Costa da Morte asistimos con gran preocupación ao xiro que deu o procedemento de cobertura do servizo de practicaxe portuario, que afecta aos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe. Dende marzo do ano pasado vimos advertindo sobre os erros substanciais que figuraban no prego de condicións para a contratación do servizo, e sobre a altísima probabilidade de que quedase deserta a convocatoria, co grave problema que iso suporía para a seguridade de navegación na zona.

Despois dunha primeira convocatoria (na que non se corrixiron eivas), Portos de Galiza teimou no despropósito cando, por un erro non explicado no procedemento, realizou unha nova convocatoria para cubrir o servizo e non corrixiu as eivas denunciadas no prego nin os recortes orzamentarios.

No seu día desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego propuxemos na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo do Parlamento Galego que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixase sen efecto ese prego, que se tramitase un novo que corrixisse as eivas substanciais do publicado e que revisasen as condicións económicas.

Porén, o Partido Popular vetou esta iniciativa. Veto que constituía unha irresponsabilidade porque de non variarse as condicións económicas, o servizo corría o risco de quedar deserto.

De darse esta circunstancia, a Costa da Morte perdería un servizo vital para a seguridade marítima no corredor de Fisterra e vería comprometida a actividade portuaria ordinaria nos portos da zona.

Coa circunstancia engadida que a perda deste servizo suporía un novo golpe para as fábricas de ferroalixes de Cee e Dumbría, ao non poder cargar e descargar no Porto de Brens a materia prima e dar saída por mar ao producido no complexo industrial de XEAL. A razón é sinxela; a figura do práctico e a súa tripulación é imprescindible para a entrada de tráfico marítimo nos portos.

Aínda así, Portos de Galiza porfiou nunha convocatoria que, cando se publicaba, xa estaba abocada á non cobertura do servizo.

Unha convocatoria que, como adiantamos, ficou deserta, coa consecuencia que desde o 1 de decembro do ano pasado até o día de hoxe, a Costa da Morte no dispón do servizo de practicaxe. Así as cousas, a pregunta oral en Pleno do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Conselleira do Mar manifestou que se estaba a traballar dende o goberno galego para garantir este servizo. Mais a realidade é que de momento non hai novidade algunha ao respecto, co que esta parte do litoral do noso país carece dun servizo vital para a seguridade marítima e para a operatividade dos portos da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode garantir o goberno galego que os portos da Costa da Morte contarán no prazo dun mes, desde o rexistro desta iniciativa, cun servizo especial de practicaxe?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2023 17:22:05

Daniel Pérez López na data 12/01/2023 17:22:08



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai case dous anos o Grupo Parlamentario Socialista expoñía en sede parlamentaria varias opcións para o futuro da vivenda indiana denominada Casa da Quinta no concello de Pontecaldelas.

Estas opcións respondían ao proxecto iniciado no goberno bipartito que executou un proxecto de rehabilitación e acondicionamento desta vivenda co fin de ser utilizada como centro asistencial e centro de día de persoas maiores.

Cando o PP no ano 2010 chegou ao goberno da Xunta, deixou abandonado este proxecto e ata hai un ano esta casa permaneceu pechada, totalmente acondicionada e co mobiliario embalado.

A pesares das nosas suxestións o Goberno galego decidiu modificar o uso inicial e facer desta vivenda un centro de menores con problemas de saúde mental, pero ante a falla de persoal para este fin optou por unha xestión privada do centro e adxudicou a vivenda por un valor de 1 millón e medio de euros para as anualidades, 2021, 2022, 2023 para dar asistencia a 12 menores.

Dende o Grupo Socialista entendemos que nin as características desta vivenda nin o concello no que se atopa reúnen as condicións para un centro deste tipo pero sobre todo defendemos que un centro destas características require unha xestión pública.

Os problemas sucédense dende a súa apertura o último o acontecido foi o día 10 de xaneiro no que tiveron que intervir a policía local, a Garda Civil e o 061, sendo derivados varios menores e un traballador ao centro hospitalario de Montecelo.

Ante a opacidade en relación a este asunto, dende o Grupo Parlamentario Socialista esixe a este goberno que informe sobre as condicións nas que estes menores están a ser asistidos co fin de poder quedar garantida a súa protección e seguridade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:



Como xustifica este goberno a xestión privada dun centro de menores de especial protección?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/01/2023 16:51:56

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 16:52:07

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 16:52:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dotar a vila de Carral dun centro de día público para o a coidado das persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Carral é un concello da comarca da Coruña cuxo censo actual supera os 6.000 habitantes, unha poboación que, segundo datos do INE, medrou progresivamente nas últimas dúas décadas ao longo do municipio e que se duplicou no propio lugar de Carral, aglutinando a poboación das zonas máis rurais e acollendo tamén poboación deslocalada desde a cidade próxima da Coruña.

Na actualidade, como no conxunto de Galiza, este concello presenta unha elevada porcentaxe de poboación de idade avanzada que precisa dunha atención e coidado de calidade garantidos desde os servizos públicos.

Carral é un concello que na actualidade non conta con ningún centro de día público, malia a demanda social existente e que no BNG puidemos testemuñar.

O que si existe na memoria colectiva desde o ano 2016 son os sucesivos anuncios do Partido Popular, tanto desde a Xunta como do Concello, da posta en marcha dun centro de día para os maiores, mesmo comprometendo unha partida de 150.000 euros do orzamento público e ubicación no colexio Víctor Velasco, que xa leva tempo pechado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos seis anos Carral segue sen ningún centro de día de atención aos maiores e con todas as necesidades de coidado para unha vellez digna sen atender.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta incumpriu con Carral, ao longo de seis anos, o seu compromiso de dotación dun centro público de maiores?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2023 17:29:52

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 17:29:56



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Mediante a orde do 28 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa impacto autónomo se procede a convocatoria de axudas, abríndose o prazo de presentación o día 9 de xaneiro.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego e insostible .

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista o igual que a Organización Unións Agrarias considera intolerable os límites impostos pola Administración autonómica; que deixan fóra da convocatoria á práctica totalidade das explotacións de vacún de carne da Comunidade e vetan aos profesionais coas rendas máis baixas, quen máis precisa deste apoio.

Afirma a organización agraria que a inmensa maioría dos gandeiros de vacún de carne galegos non poderán acceder ás axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para minimizar as consecuencias da suba dos custos na actividade das persoas autónomas e das microempresas.

É así porque, de xeito ilóxico, a Xunta de Galicia exclúe da convocatoria aos traballadores con rendementos inferiores aos 10.000 €. Unha cantidade que non acadan as explotacións galegas e que representa unha decisión incomprensible, pois supón excluír as rendas máis baixas deste apoio.

Outra vez máis o rural segue a sufrir unha discriminación por parte de Goberno galego.

Entende este grupo parlamentario que a Xunta debe ampliar a contía orzamentaria destinada a paliar a suba de custos na actividade de autónomos e pequenas empresas, quedando moitos traballadores e traballadoras excluídos debido ao cativo gasto que a Administración destina.



Por outra banda o igual que aconteceu co bono turístico e cultural que a solicitude de axudas tan só poida tramitarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e un factor que supón unha discriminación para a poboación do rural, que padece a fenda dixital, e que supón un agravio comparativo, pois impedirá o acceso en igualdade de condicións respecto á cidadanía de contornas urbanas cunha mellor cobertura dixital. Algo máis grave aínda tendo en conta de que as axudas se concederán por orde de solicitude e ata esgotamento de crédito.

Debe recordar a Xunta de Galicia o carácter estratéxico da gandería e agricultura que se está a converter no derradeiro soporte económico e social para comarcas enteiras nas que o despoboamento e o colapso demográfico son xa unha realidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego de que as axudas directas a autónomos exclúan na practica totalidade as explotacións agrogandeiras galegas?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 13:57:19

Martín Seco García na data 12/01/2023 13:57:33



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A finais de decembro de 2021 os traballadores e traballadoras da planta de Alcoa en San Cibrao aceptaban a proposta da multinacional de cesar a produción de aluminio primario parando as cubas de electrolise da planta de aluminio ata o 1 de xaneiro de 2024.

A proposta de parar as cubas de electrolise durante 24 meses implicaba o compromiso da empresa de traballar con subministradores de enerxía para acadar a medio e longo prazo (PPAs) a prezo competitivo, que entrarían en vigor en 2024 e cunha vixencia de 10 anos.

Creouse tamén unha mesa constituída polos Representantes Legais dos Traballadores, empresa, Xunta de Galicia e Goberno central para analizar e facer seguimento dos compromisos adquiridos por todas as partes.

Xunta de Galicia e Goberno de España deben de acompañar, axudar e cumprir os seus compromisos para que, como moi tarde, o 1 de xaneiro de 2024, as cubas estean operativas. Sendo imprescindible acadar eses contratos de subministro de enerxía renovables, a prezos competitivos, que garantan a viabilidade da actividade.

Para que ese rearranque sexa unha realidade é preciso, que se facilite, por parte do Goberno galego, a tramitación dos parques eólicos que blinden o subministro enerxético a Alcoa a prezos competitivos. Estes novos parques eólicos deben de desenvolverse dun xeito ordenado, con control, respectando os dereitos dos propietarios dos terreos, os espazos naturais sensibles e as zona de aproveitamento agrícola e gandeiro, e con retorno no propio territorio.

Dende o PSdeG e dende o MITECO, ante a actitude pasiva do Goberno galego, lévase moito tempo reclamando axilidade á Xunta de Galicia na tramitación destes parques eólicos fundamentais para poder manter os postos de traballo de Alcoa en San Cibrao. Foron numerosos os chamamentos e requirimentos feitos dende o propio Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico de cara a que a Xunta de Galicia facilitase a tramitación destes parques.

No pleno do Parlamento de Galicia do 9 de novembro de 2022 sacamos adiante unha Proposición non de lei deste Grupo Parlamentario, que despois de ser transaccionado cunha emenda do Grupo Parlamentario Popular instaba a Xunta de Galicia e ao Goberno central a facilitar a tramitación dos parques eólicos que sexan necesarios e cumpran coa normativa para que o prezo da enerxía sexa competitivo para a planta de Alcoa de San Cibrao. Nesas mesmas datas nunha reunión entre o presidente da Xunta de



Galicia e a ministra de Transición Ecolóxica acordaban avanzar na tramitación eólica a prol da industria e Rueda garantía axilidade na tramitación destes parques eólicos.

Pero a verdade é que a pesar destes compromisos acadados polo PP e polo Goberno galego a actitude da Xunta de Galicia non ten mudado moito e o Goberno do Estado, a pesar de reiteradas solicitudes está á espera dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para tramitar os parques eólicos que darán enerxía a Alcoa. Parques estes que son instalacións vitais para a industria galega e para poder reactivar a produción de aluminio primario prevista para comezos de 2024.

Os informes enviados polo Goberno galego para estes parques eólicos non eran válidos, e o MITECO continúa á espera dos novos informes, tras varias reiteracións de solicitude.

É precisa seriedade para poder obter unha resolución favorable cun traballo conxunto das administracións e con lealdade institucional. De nada serve promulgar declaracións de excepcionalidade se despois non se fai o traballo para aprobar os trámites administrativos e non perder os puntos de conexión e acceso, cos que xa contan os proxectos vinculados a Alcoa.

Polo tanto, ante a falta dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para a tramitación destes parques eólicos, é preciso que o Goberno galego dea unha resposta inmediata. Estamos en tempo de desconto, xa que o vindeiro 26 de xaneiro caducan estes permisos de conexión, que cómpre recordar que o MITECO xa lle ten concedidas dúas prórrogas previas ao Goberno galego, debido a que este estivo case que dous anos de brazos cruzados.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Por que a Xunta de Galicia está a retrasar o envío dos informes solicitados dende o MITECO de cara a poder tramitar os parques eólicos necesarios para que Alcoa consiga un prezo da enerxía competitivo e así garantir a viabilidade da actividade e o mantemento dos postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 18:04:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 18:04:25

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2023 18:04:39

Martín Seco García na data 12/01/2023 18:04:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros, de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sofre os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que o Sergas leve máis de 13 meses sen cubrir as vacantes xeradas tras o concurso de traslados que deixa sen médica/o de atención primaria a máis de 2.800 persoas veciñas, o que na práctica supón denegarlle a estas o acceso ao sistema sanitario público, xa que tampouco se lles permite introducirse no cupo de outra/o médica/o e só se lles atende cando hai dispoñibilidade ou por urxencias.

Hai que engadir, que hai períodos nos que non se substitúen á/ao pediatras, obrigando ás familias a desprazarse ás urxencias hospitalarias ou a acudir á sanidade privada, algo totalmente inadmisíbel, ademais de ter que soportar elevadas listaxes de agarda para unha cita.

Ademais, a Consellería de Sanidade teima en manter as urxencias de Moaña no PAC de Cangas, que na maior parte do tempo se atopa colapsado porque non se dota do persoal necesario para atender ás máis de 46.000 persoas residentes en ambas localidades. O traslado das urxencias a Cangas tamén provoca a dificultade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazamento ata esta vila que teñen aquelas persoas que non dispoñen de medio de transporte propio. E ademais destas cuestións, manter o PAC en Cangas supón unha dilatación moi importante nos tempos de resposta ante as emerxencias sanitarias que se dan en Moaña. A pesar disto, a Xunta de Galiza sigue a denegar aos concellos de Cangas e Moaña unha terceira ambulancia de reforzo que poida desprazar con maior rapidez o equipo médico do PAC en caso de urxencia vital ou que poida atender emerxencias no territorio cando as ambulancias actuais están xa nun servizo.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o transvase de doentes cara ás redes privadas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña, a cobertura das prazas vacantes e para reforzar o servizo de ambulancias nos concellos de Moaña e Cangas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2023 18:15:21

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 18:15:27



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A situación da sanidade pública galega é un evidente problema de xestión que está amosándose en cada punto de Galicia coa saturación dos profesionais, demoras asistenciais froito da falta de profesionais e déficit na capacidade de xestión dos órganos directivos que negan algúns dos obvios problemas como a falta de atractivo dalgunhas prazas e a necesidade de exprimir ao máximo as posibilidades do sistema de obter o maior número de profesionais posibles.

A dirección da Consellería de Sanidade e dende a propia Presidencia da Xunta de Galicia preténdese, nos últimos tempos, poñer o foco no suposto problema da necesidade de máis prazas MIR para Galicia, tentando de autoexculparse con respecto á responsabilidade estatal no proceso de dotación de prazas de formación.

Estas excusas son desbotadas ao coñecer que, dende o cambio de goberno no Estado en 2018, as 5 convocatorias de formación de residentes emitidas foron, sucesivamente, as 5 convocatorias máis grandes da historia. Tamén este dato se cumpre para as prazas especificamente de Galicia e, tamén, para as explícitas de medicina de familia e comunitaria, que agora superan as 200 por ano mentres no período 2011-2018 non chegaron a 100 ningún ano.

Ademais dos datos anteriormente apuntados, cabe mencionar que todas as peticións de habilitación de prazas novas que fixo o Goberno de Galicia foron concedidas e habilitadas polo Goberno de España, sendo a Comunidade Autónoma de España que máis prazas viu aumentadas en habilitación para medicina familiar e comunitaria para a última convocatoria realizada (probablemente o ámbito onde maior tensión se está a producir). Isto é así a pesares de que na anterior atribución de prazas tras o exame MIR, Galicia non foi quen de cubrir todas as súas prazas de medicina de Atención Primaria. Ninguén que se quixera formar en Atención Primaria en Galicia quedou sen praza MIR e Galicia tivo habilitadas todas as prazas MIR que solicitou. O que non foi explicado en ningunha ocasión é por que o Goberno de Galicia renunciou a 180 prazas da propia especialidade de medicina familiar e comunitaria durante a última década, que podían ter sido convocadas por estar habilitadas pero que o Goberno galego evitou convocar por decisión propia a pesares de coñecer das dificultades de persoal que existen neste servizo.



Non entanto dende o Goberno de Galicia, lonxe de afrontar os problemas que ten o sistema sanitario público de por si na falta de profesionais, segue a apuntar que o único problema é a falta de prazas de formación nas convocatorias. E, con esta situación, a recente convocatoria para 2023 feita polo Goberno de Galicia, toda vez que foron habilitadas polo Goberno de España o total das prazas que podían selo (725), quedou reducida a 620 por decisión propia do Goberno de Galicia de renunciar a máis de 100 prazas só para este ano. Entre elas están 29 de enfermería familiar e comunitaria, específicas do servizo de Atención Primaria. Esta decisión contrasta de maneira frontal co argumento expresado de maneira repetida polo propio goberno sobre a necesidade de máis prazas formativas, que desta maneira queda reducido a unha mera estratexia de desculpas infundadas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Por que o Goberno de Galicia renunciou a 180 prazas de medicina familiar e comunitaria durante a última década cando eran perfectamente coñecidos os problemas crecentes de dotación de facultativos no servizo de Atención Primaria?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 18:59:35

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 18:59:48



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

De maneira reiterada e durante xa varios anos, a explotación marisqueira das rías galegas sofre un descenso de capturas e de produción apuntado polos propios colectivos de mariscadoras/es e tamén polos patróns/as maiores das confrarías que apuntan a un grave problema que non está sendo afrontado.

Paralelamente o Goberno de Galicia afronta esta situación de mans paradas, escusando constantemente a situación mediante afirmacións repetidas de que os datos non confirman estas tendencias que o sector apunta e que as alteracións son cuestións puntuais e non estruturais. Tanto a través das propostas parlamentarias e debates producidos, como en declaracións públicas e a través das xuntanzas co propio sector, o Goberno de Galicia expón unha visión non coincidente cos traballadores do mar e manifesta a súa convicción de estar facendo todo o necesario e de tomar decisións e actuacións correctas para afrontar o que, na súa valoración, non é un problema.

Este ano, como noutras ocasións, a campaña de libre marisqueo vén de ser pechada antes de tempo pola baixa produción que ofreceron as rías galegas. Este escenario agrava e pon en perigo novamente a viabilidade do marisqueo nos formatos actuais se o Goberno de Galicia non toma decisións sobre o asunto. Os colectivos de mariscadoras/es ven esmorecer as súas posibilidades e, un ano máis, afronta con preocupación a situación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

Mantén o Goberno de Galicia a súa valoración de que a produción marisqueira das rías galegas non diminuíu nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 19:29:10

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 19:29:21



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, regula a organización das Oficinas de Asistencia ás Vítimas cuxo obxectivo xeral é prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas como consecuencia do delito e dar resposta ás necesidades específicas no eido xurídico, psicolóxico e social.

E prevé que serán as comunidades autónomas que teñan asumido competencias en materia de Xustiza as que terán que organizar, permitindo a posibilidade de celebrar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas, sen ánimo de lucro, para prestar os servizos de asistencia e apoio.

Esta lei regula tamén os protocolos de actuación e dispón que o Goberno e as comunidades autónomas no marco das súas competencias, co fin de facer máis efectiva a protección das vítimas e dos seus dereitos recoñecidos por esta lei, aprobarán os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

A maiores disto o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que contén diferentes medidas dirixidas a previr e combater a violencia contra as mulleres e a mellorar a resposta que as institucións ofrecen ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, recomenda potenciar as Oficinas de Asistencia a Vítimas para tutelar os dereitos das vítimas de violencia de xénero, así como o establecemento dun protocolo específico para menores nas Oficinas de Atención ás Vítimas.

En Galicia existen estas oficinas nas sete grandes cidades pero aínda seguimos á espera da aprobación dun protocolo, que tiña que estar aprobado hai mais dun ano e que segundo manifestou o Goberno da Xunta nunha comparecencia en sede parlamentaria, leva todo este tempo pendente dun trámite de aprobación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é urxente a súa aprobación e posta en funcionamento, estamos a vivir uns meses moi difíciles no que se refire á violencia de xénero e ás mulleres vítimas que acudan á Xustiza a denunciar teñen que se atopar cunha total protección e coordinación dos diferentes axentes públicos que minimize a vitimización primaria e evite a vitimización secundaria.



Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cre este goberno que as vítimas de violencia que acoden á xustiza teñen garantida unha total protección que minimize a súa vitimización primaria e evite a vitimización secundaria?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/01/2023 20:00:27

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2023 20:00:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a seguridade no porto de Malpica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal , o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena. Especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, pronosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

A día de hoxe, case dous anos despois dese anuncio, e catro anos do tráxico accidente do Silvosa, descoñecemos en que fase se atopa ese proxecto.

Un proxecto de mellora da dársena que é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade.

A preguntas do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, desde o concello informouse en xullo de 2022 que os estudos estaban rematados e que no mes de setembro habería unhas conclusións que permitirían actuar para mellorar a seguridade na dársena.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2023 non se recolleu unha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai acometer nesta anualidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que fase se atopa e cal é a previsión temporal para a execución do proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños?

Santiago de Compostela, a 13 de xaneiro de 2023.

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 13/01/2023 10:40:02

Rosana Pérez Fernández na data 13/01/2023 10:40:14





Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Noelia Pérez López, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No termo municipal de Lugo prodúcense deficiencias de conectividade relativas aos proxectos de telefonía e de Internet, sobre todo, nas pequenas entidades de poboación e nas parroquias do rural.

Neste momento hai unha acción prevista no marco do convenio asinado entre Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) dirixida especificamente a mellorar esta conectividade.

No desenvolvemento da mesma, a Amtega concedeu unha subvención á operadora Vodafone que se complementa coa execución doutras accións suplementarias como a posta en servizo das torres previstas por parte de Retegal, ao abeiro dunha encomenda de xestión.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa o proxecto apoiado pola Xunta de Galicia para a mellora da conectividade de telefonía e internet no termo municipal de Lugo?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 13/01/2023 11:14:42

Noelia Pérez López na data 13/01/2023 11:15:03

José Manuel Rey Varela na data 13/01/2023 11:15:18

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2023 11:15:29

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2023 11:15:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 11:17:35
Nº Registro: 47069
Data envío: 13/01/2023 11:17:35.273

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2023 11:15:53

Paula Prado del Río na data 13/01/2023 11:16:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2023 11:16:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que a nova PAC foi un parto longo, difícil e doloroso é un feito non discutible. Tampouco o é a súa marcada tendencia polo respecto medio ambiental, a diminución no uso tanto de fitosanitarios coma de fertilizantes e a fixación dunha porcentaxe (25%) da SAU para a produción ecolóxica. Todo isto en aras dunha maior saúde alimentaria da poboación da UE.

E así neste marco, a propaganda previa, necesaria para este novo estilo “verde intenso” deu os seus froitos en Galicia cun aumento moi notable nas solicitudes de conversión a ecolóxico. A primeiros do ano 2022 xa se albiscaba este aumento e xa desde a Consellería se previra un aumento do orzamento para as axudas. A fins do primeiro trimestre xa se sabía que mesmo este aumento ía ser insuficiente e a mediados de maio os datos eran claros, os cartos necesarios para dar a imprescindible cobertura ao número de explotacións solicitantes e ao montante de novas hectáreas chegaban aos 5,6 millóns de euros. E a Consellería seguía dando palmadiñas de tranquilidade afirmando que non ía haber problemas.

Pero houbos, e a confianza foi tronzada cruentamente. Tivo un preámbulo a primeiros de decembro do 2022 nunha reunión de gandeiros. Pero o mal estaba xa feito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non obstante quedaba a posibilidade que a Consellería de Medio Rural nun acto de responsabilidade política sacase unha cantidade de fondos propios para remediar o mal feito.

E non.

E así, a primeiros de xaneiro deste ano en curso saíron da man do FOGGA as listas de afectados, a consumación do atentado contra da agricultura e ganaría en ecolóxico. Quedaba así rompido o mínimo nexo de confianza entre unha campaña avalada e protagonizada pola Consellería do PP e a crúa realidade. Pódese cualificar de traizón feita a un sector que no estado español e Europa debe ter e ten futuro. Trátase dunha confianza fanada, dun precedente que abre unha fenda difícil de reparar.

Faise pois imprescindible para a boa saúde da actividade agrogandeira en xeral recuperar a fiabilidade nas institucións que en román paladino viría a ser emendar os erros cometidos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son, a xuízo da Consellería do Medio Rural, as características dunha explotación “profesional” tanto en ecolóxico coma en convencional, en agrícola coma en ganaría, para poder ser tida en consideración nas ordes de axudas varias que reparte o PP con criterio propio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/01/2023 11:24:17

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2023 11:24:29

María González Albert na data 13/01/2023 11:24:39





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A nova planta de xestión de biorresiduos en Cervo é xa unha realidade moi próxima grazas ao remate do groxo das obras de construción desta nova infraestrutura ao servizo do medio ambiente.

As novas instalacións para biorresiduos de Cervo darán servizo a 15 concellos lucenses e será a segunda das catro plantas impulsadas pola Xunta de Galicia en poñerse en marcha.

O obxectivo é que as catro instalacións de compostaxe que integran a Rede de Infraestruturas autonómicas para a valorización da materia orgánica e as 13 plantas de transferencia nas que se apoiarán - cun investimento de 43 millóns de euros do Goberno galego - reciban un pulo definitivo nesta anualidade e vaian entrando en servizo de forma paulatina.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda redobra deste xeito a aposta pola Galicia verde e intensifica o apoio do Goberno autonómico aos concellos como administracións responsables de xestionar os residuos domésticos e cumprir cos obxectivos e directrices da UE nesta materia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa a construción da nova planta de biorresiduos de Cervo?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2023 11:32:13

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2023 11:32:29

Carmen María Pomar Tojo na data 13/01/2023 11:32:41





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 11:44:03
Nº Rexistro: 47077
Data envío: 13/01/2023 11:44:03.023

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2023 11:32:55

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2023 11:33:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2023 11:33:24

María Belén Salido Maroño na data 13/01/2023 11:33:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Có comezo do ano 2023 coñecíamos que a Xunta vén de adxudicar preto de 12.000 metros cadrados de solo no parque empresarial de Cuiña, en Cervo.

Dende a implantación das bonificacións en 2015, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo posible o acceso en condicións vantaxosas a solo industrial que permitiron ás empresas asentarse neste parque empresarial cun menor esforzo, contribuindo a xerar riqueza e emprego.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que características teñen as parcelas adxudicadas nos últimos doce meses no parque empresarial de Cuiña no concello de Cervo?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2023 11:37:22

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2023 11:37:38

Carmen María Pomar Tojo na data 13/01/2023 11:37:50

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2023 11:38:04

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2023 11:38:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2023 11:38:32

María Belén Salido Maroño na data 13/01/2023 11:38:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta lidera a transformación e recuperación urbanística de Galicia con iniciativas dirixidas a corrixir impactos paisaxísticos e fomentar o fermosismo.

Nunha contorna tan privilexiada como o barrio da Atalaia na península lucense de San Ciprián (Cervo) o Goberno galego promove xunto ao Concello o proxecto para acondicionar unha praza coa que se ampliarán os espazos públicos.

A actuación enmárcase no plan Hurbe, unha iniciativa a través da cal dende 2010 a Xunta mobilizou ao redor de 163 M€ para o financiamento de máis de 410 intervencións urbanísticas en decenas de concellos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa o proxecto para acondicionar unha praza pública no barrio da Atalaia de San Ciprián (Cervo)?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2023 11:41:30

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2023 11:41:44

Carmen María Pomar Tojo na data 13/01/2023 11:41:57

Ramón Carballo Páez na data 13/01/2023 11:42:14

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/01/2023 11:42:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2023 11:42:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 11:44:58
Nº Rexistro: 47081
Data envío: 13/01/2023 11:44:58.242

María Belén Salido Maroño na data 13/01/2023 11:42:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a supresión dun facultativo de medicina xeral no centro de saúde da Rúa e as medidas que debe de tomar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Rúa conta, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, cunha poboación de 4.245 habitantes en 2021. Dese total de habitantes un 59% está na franxa entre 18 e 65 anos mentres que o 30% é maior de 65. A media de idade no concello a día de hoxe é de 50,97 anos, o que representa 1,86 anos máis que vai un lustro. Dentro do termo municipal hai tamén dúas residencias de persoas maiores. Os Pinos, pertencente á Fundación Valdeogos, que conta con 111 prazas entre concertadas e libres e Nosa Señora de Fátima, da Fundación San Rosendo, que ten 70 prazas en total.

Non escapa polo tanto o concello da tendencia que é xeralizada, salvo contadísimas excepcións, na provincia de Ourense: envellecemento paulatino.

Do punto de vista da atención sanitaria, A Rúa pertence ao distrito sanitario de Valdeorras. O Centro de Saúde do Concello foi construído en 1982. Ten polo tanto 40 anos de antigüidade e é de titularidade municipal. Na actualidade, segundo o “Plan de





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Infraestruturas Sanitarias: Atención primaria” feito público en 2021 pola Consellaría de Sanidade, atende a 4.200 TIS (Tarxetas Individuais Sanitarias).

Este centro de saúde ten moitas carencias no que se refire a instalacións e profesionais para atender á poboación. Así e todo, até o mes de abril de 2022 contaba con 4 médicos de medicina xeral, 1 pediatra, 4 enfermeiras, 1 auxiliar de enfermaría e 2 auxiliares administrativos. Ao tempo, tiña dúas unidades de apoio: odontólogo e hixienista dental.

Aos problemas derivados da propia antigüidade do edificio súmase o feito de que non foi construído para albergar un Centro de Saúde destas características. Polo tanto ten importantes carencias e deficiencias estruturais e funcionais no que ten a ver coa accesibilidade, seguridade, espazos, barreiras arquitectónicas... É por este motivo que a poboación da Rúa leva décadas loitando pola construción dun novo edificio que dea solución ás necesidades de atención sanitaria que precisa o concello.

As alarmas comezaron a soar coa propia publicación do “Plan de Infraestruturas Sanitarias: Atención primaria” antes mencionado. Aí a cidadanía comprobou por primeira vez que a Consellaría de Sanidade facía unha previsión de 6 consultas de adultos (3 de medicina e 3 de enfermería) ademais da consulta de odontoloxía (para compartir o odontólogo e hixienista), 1 sala polivalente, 1 do programa da muller, 1 consulta de pediatría e 1 de enfermería pediátrica, 1 consulta de urxencias, sala de educación sanitaria, e despacho de traballo social. Isto supuña, na práctica, a previsión da supresión dunha consulta de medicina e outra de enfermería.

A actualidade máis recente é a que segue: o pasado 30 de marzo publicábase no portal de Contratos Públicos de Galiza a tramitación ordinaria do “Contrato de servizo para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra de edificación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Centro de Saúde da Rúa (Ourense), de clave OU/22/003.30. AT/004/2022”. A día de hoxe estamos pendentes de que a Axencia Galega de Infraestruturas elabore un informe técnico sobre a documentación presentada polas 3 empresas licitadoras a ese concurso. (As Mesas de Contratación reuníronse en data 28 de abril – apertura da documentación administrativa – e 3 de maio – apertura de proposicións técnicas -).

Entre toda a documentación que se adxuntaba nesa licitación aparece como Anexo II o “Plan Funcional do Centro”, que desenvolve e concretiza o resumo do plan funcional incluído no “Plan de Infraestruturas”. Ese Plan Funcional parte da situación actual no Centro de Saúde en funcionamento para facer unha previsión do cadro de persoal para o novo Centro de Saúde unha vez executado, rematado, e posto en funcionamento. Aí confírmase a eliminación dun médico de atención primaria (pasando de 4 a 3); previsión que se ve reafirmada no Anexo III (Programa de Espazos do futuro CS da Rúa) que estipula só 3 consultas de medicina para adultos así como 3 consultas de enfermaría para adultos.

Dase ademais a circunstancia de que nos últimos días tense xubilado un dos 4 médicos que até o mes pasado exercía a súa labor no Centro de Saúde da Rúa polo que, na práctica, xa son 3 as/os profesionais que están a atender á poboación adulta na Rúa.

Todo isto nun contexto de (post)pandemia e cunha poboación moi envellecida. Isto supón unha intolerábel merma da calidade na atención sanitaria incrementando substancialmente o número de TIS que pasará a atender cada médico nun contexto poboacional cunha idade media de case 51 anos.

Neste contexto é de remarcar que no Pleno ordinario do Concello da Rúa celebrado no día 2 de maio produciuse o acordo unánime dos catro grupos que fan parte





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da corporación municipal (BNG, PSOE, PP e RUA) en apoio a unha moción do PSOE que reclamaba:

1. O rexeitamento da supresión dun médico de medicina xeral no Centro de Saúde.
2. Instar á Xunta de Galiza a manter os catro médicos de medicina xeral cos que conta a actualidade o Centro de Saúde.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Teñen pensado rectificar e desistir da eliminación dun médico de atención primaria e unha consulta de enfermería na Rúa?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 13/01/2023 12:11:48

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2023 12:12:01

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:12:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2023 12:12:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recursos sanitarios existentes na comarca da Barbanza non permiten a atención de patoloxías graves nin, en moitos casos, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado nin ter UCI o Hospital da Barbanza.

Na atención das patoloxías de gravidade, o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que esta comarca, cunha importante actividade económica con potencial risco, como é o traballo no mar e unha importante actividade industrial, non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir, dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Foron estes, entre outros, os motivos que no ano 2019 levaron a máis de 4.500 persoas e a diversos colectivos e entidades da comarca a asinar unha petición para conseguir que o hospital comarcal conte cunha ambulancia medicalizada do 061.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca da Barbanza e por iso o BNG, que considera imprescindible esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e a vida dos veciños e veciñas da zona, vén demandándoa mediante emendas presentadas aos orzamentos da Xunta nos últimos anos, ou solicitando a súa inclusión nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre realizados por parte da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061, dependente do SERGAS, demandas que ata o de agora non foron tidas en consideración.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que características ou requisitos considera a Xunta de Galiza que debe cumprir a comarca da Barbanza para poder contar cun servizo permanente de ambulancia de soporte vital avanzado?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 13/01/2023 12:22:21

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:22:34

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:22:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a realizar para o recoñecemento da labor d@s TCAEs.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do sistema sanitario @s Técnic@s en Coidados de Enfermería (TCAE) teñen un papel relevante, realizan actuacións moi diversas, desde coidados, alimentación, hixiene, colaboración con probas diagnósticas, apoio psicolóxico e emocional a doentes e familias... malia isto a súa labor está falta de recoñecemento tanto laboral coma social, queda moitas veces ensombrecido.

As súas funcións están reguladas polo Estatuto de Persoal Sanitario non Facultativo, unha norma totalmente obsoleta, de hai 49 anos, do franquismo, do ano 1973.

No ano 1986 recoñéceselle a categoría profesional, en 1995 establécese o título de Técnic@ en Coidados Auxiliares de Enfermería (TCAEs), cun currículo de ciclo formativo de grao medio. A partir de aí non se ten avanzado nin na regulación nin no seu recoñecemento.

Existe unha fenda moi importante entre o mapa de competencias profesionais que este colectivo desenvolve na súa actividade laboral, e o seu currículo e clasificación profesional.



É preciso o recoñecemento das funcións d@s Técnic@s en Coidados de Enfermería (TACEs), @s que se lle esixe unha titulación de perfil técnico que nin se recoñece, nin remunera.

Desde a creación da categoría de Técnicos de Formación profesional no SERGAS non se tiña abordado a creación de postos de xefatura ou coordinación até o ano 2003. Nese ano, no ámbito da mesa sectorial, pactouse un acordo sobre melloras retributivas e profesionais, que regula a creación destes postos. Neste acordo recóllese o mandato de crear determinados postos de coordinación de persoal Técnico Superior. Apesares de que estes postos de xefatura teñen amparo normativo para o seu desenvolvemento dentro da Función Pública Galega, a situación é que se segue pendente de que o SERGAS regule a Orde pola que se crean.

A Organización Mundial da Saúde leva xa advertindo dende o ano 2000 da necesidade de avanzar nunha axeitada distribución das tarefas entre profesionais sanitarios, unha cuestión que non tivo unha aplicación global no Estado español e que actualmente produce un déficit en relación ao recoñecemento e formación de determinadas titulacións como pode ser a das Técnicas e Técnicos en Coidados de Enfermería.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para o recoñecemento da labor profesional e salarial d@s TCAEs?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:27:19

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:27:31

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:27:42



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Goberno galego dende 2009 a 2021 deixou sen gastar dos 5.154 millóns de euros asignados a políticas de emprego 1.775 millóns de euros, o 34,4 % do crédito asignado.

Esta afirmación proven dos datos facilitados polo Parlamento de Galicia sobre a execución orzamentaria.

Salientar que dos fondos asignados para formación para o emprego, 1.370 millóns de euros para formación de persoas paradas e 358 millóns para ocupadas, quedaron sen gastar 573 millóns de formación para paradas e 196 millóns para ocupadas.

Estes datos reflicten que os orzamentos realizados polo Goberno do Partido Popular son, en materia de emprego, unha farsa porque non os executan e, por tanto, con eles non son capaces de pór en marcha unha política de formación para o emprego, partindo da análise das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral galego para ter como resultado unhas políticas activas de emprego eficientes

Coñecido a finais de 2022 o nivel de execución orzamentaria da Xunta de Galicia do terceiro trimestre do ano, O Grupo Parlamentario Socialista ve con preocupación os datos que presentan as contas nos seguintes programas:

- Fomento da empregabilidades, un 16,4 %
- Formación profesional para desempregados, un 27,3 %
- Mellora da cualificación para o emprego, un 28,5 %

Só o programa de mellora dos sistemas de saúde supera o nivel de execución do 50 %.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración realiza o Goberno galego da baixa execución orzamentaria da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade?



Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 18:53:30

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 18:53:42

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 18:54:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao dereito do persoal estatutario dos Servizos de Saúde á xubilación anticipada e parcial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de xullo de 2006 subscribiuse o Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social, consecuencia do cal foi promulgada a Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social. Na súa disposición adicional sétima establece que *“no prazo dun ano, o Goberno presentará un estudo sobre a normativa reguladora da xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públic@s, así como do persoal das Forzas Armadas e ao servizo da Administración de Xustiza, que aborde a aplicación da normativa reguladora de tales modalidades de xubilación, as condicións nas que esta aplicación non xere problemas de sostibilidade aos sistemas de protección social e á homoxeneización, en termos equiparábeis, dos diferentes réximes. En dito estudo contemplárase a realidade específica dos diferentes colectivos afectados, incluída á do persoal ao que lle é de aplicación a Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, tomando en consideración as singularidades que rodean ao mesmo, desde unha perspectiva acorde coas prioridades e garantías que se sinalen no parágrafo anterior”*.

A pesar de que teñen transcorrido case 15 anos desde a aprobación da Lei, o persoal estatutario, así como o resto de empregad@s públic@s, seguen sen ter garantido o acceso á xubilación anticipada e parcial, véndose frustradas as expectativas dese





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereito de multitude de persoas que, por razón da súa idade, poidan aspirar a acollerse a estas modalidades de xubilación.

Tal como admite a propia disposición adicional sétima da Lei 40/2007 o persoal estatutario ten singularidades que o distinguen do resto do funcionariado, pola propia natureza do servizo público sanitario, prestación de servizo continuado as vinte e catro horas do día e os trescentos sesenta e cinco días do ano, o contacto coa enfermidade, a toma de decisións sobre a saúde e a vida doutras persoas, a presión familiar, o traballo a quendas...

Os propios plans de ordenación de recursos humanos que publica a propia Administración recollen problemas como os de unha pirámide profesional envellecida, o que incrementa o número de incapacidades temporais, a imposibilidade de efectivizar os acordos sindicais relativos a que o persoal facultativo deixe de facer gardas ao cumprir 55 anos, a imposibilidade de non traballar en horario nocturno a partir desa idade do resto do persoal...

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que acción vai realizar a Xunta de Galiza para que se regule a xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públic@s dos Servizos de Saúde e desenvolver o seu Estatuto xurídico?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:43:39

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 12:43:43

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:43:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilalba é un dos concellos máis grandes de Lugo, conta cunha poboación en torno aos 14.000 habitantes dos cales máis de 500 son nenas e nenos. Como a maioría dos concellos galegos vén perdendo poboación de modo continuado.

Leva varios anos sen atención pediátrica especializada pola non cobertura das prazas de Pediatra, quedando esta atención en mans de médicas de familia co correspondente curso de puericultura.

Á súa vez o concello de Abadín cunha grande superficie tamén conta con aproximadamente uns 2.500 habitantes e deles máis de 100 son crianzas.

Nin que dicir ten que a merma de asistencia sanitaria preocupa sobremaneira á poboación de ambos concellos, nais e pais que queren para as súas fillas e fillos a máis completa atención sanitaria e coa maior calidade posible.

Consideramos que é imprescindible que o Centro de Saúde de Vilalba conte como mínimo coas dúas prazas de especialista en Pediatría cubertas, para poder darlle á poboación infantil asistencia sanitaria da máis alta cualificación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a Abadín desprázase unha das profesionais existentes 2hs, durante 1 día á semana, que por suposto tanto as nais e pais como o BNG consideramos absolutamente insuficiente e motiva que estas criaturas teñan que viaxar a Vilalba se precisan atención outro día da semana.

Facilitar uns servizos tan básicos como a atención pediátrica completa, tanto no seguimento da saúde como na enfermidade é fundamental para que as parellas se queden a habitar nestes 2 concellos desfrutando dun servizo sanitario público e da máxima calidade, pero tamén de proximidade, que facilite a súa conciliación familiar, entre outras cousas.

Do contrario o máis probable é que, debido a isto, e a outro sen número de dificultades que atoparán ao longo da crianza dos seus fillos nas áreas rurais, acaben mudándose cara poboacións que contén con servizos públicos, amplos, gratuítos e que os fagan estar en igualdade de condicións a eles e ás súas crianzas co resto de cidadáns das zonas máis urbanas.

É mal costume acomodarse na resposta de que non hai profesionais, hai anos que se coñecía o risco de que Vilalba e a súa contorna quedara sen atención Especializada en Pediatría, polo tanto o que hai que facer é poñerlle remedio, porque a poboación ten dereito a recibir esta atención sen ter que acudir á privada, para conseguir a tranquilidade de saber atendidas as necesidades sanitarias das súas criaturas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Consellería de Sanidade cubrir as prazas de Pediatría do Centro de Saúde de Vilalba con persoal Especializado mellorando así a calidade asistencial que se veu deteriorando dende hai anos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 12:51:07

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 12:51:12

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2023 12:51:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas de recortes e privatizacións dos servizos públicos implantadas pola Xunta desde o ano 2009 levaron a unha situación crítica o sistema público de saúde.

O trasvase de grandes cantidades de fondos públicos á sanidade privada, a non cobertura de postos de traballo vacantes por xubilacións, a non cobertura de baixas e vacacións, a explotación laboral... son manifestacións do deterioro do sistema sanitario público, que lle afecta dunha maneira especialmente intensa á atención primaria e ás urxencias extrahospitalarias.

A pandemia da COVID puxo en evidencia unha situación que xa era moi precaria antes de 2020, como se puxo de manifesto nas denuncias de colexios, sindicatos, persoal e das persoas usuarias.

Ao longo dos últimos meses, numerosas mobilizacións en todo o noso país están poñendo de manifesto o descontento social con esta degradación da sanidade pública. Tamén son constantes as protestas do persoal do SERGAS, que denuncian o deterioro das condicións laborais, o esgotamento físico e mental, a mala organización, a redución de persoal...





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG vimos chamando a atención sobre a necesidade de reforzar a atención primaria mediante o incremento do gasto público, a dotación de medios humanos e materiais, a ampliación da carteira de servizos, o respecto dos dereitos laborais e unha mellor organización, incluíndo a garantía da atención presencial.

A área de Pontevedra está a sufrir como todas as demais zonas de Galiza o deterioro da atención primaria, debido á redución de persoal e á degradación das condicións laborais. Un dos ámbitos máis maltratados é o dos PAC, sometidos a unha forte presión asistencial e a unhas condicións laborais extremas.

As denuncias do persoal dos PAC son continuas, como tamén son habituais as queixas das persoas usuarias do servizo. O ocorrido o pasado domingo 6 de febreiro é unha mostra clara dunha situación que se vén dando de maneira habitual dos PAC da área de Pontevedra e en toda Galiza. Nesa xornada, no canto dos tres facultativos que deberían atender o servizo só estivo un. Nas 14 horas que durou a súa garda atendeu a 106 persoas entre atención presencial e telefónica e efectuou cinco saídas para atender a pacientes a domicilio.

Ademais da grave situación creada pola ausencia de persoal médico durante as citadas saídas, hai que poñer de relevo as condicións de presión laboral, estrés e frustración ás que se viu sometido o único facultativo, que chegou a manifestar en declaracións públicas a súa intención de deixar o traballo como médico.

Tanto a Xerencia da Área Sanitaria como o SERGAS teñen que adoptar de maneira urxen medidas para evitar unha situación tan grave como a descrita, que nin é casual nin é específica de Pontevedra senón que se produce de maneira habitual en todo o país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta a situación que se está a sufrir nos PAC pola carencia de persoal e nomeadamente a situación sufrida polo médico do PAC da Parda o pasado 6 de febreiro?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2023 13:05:25

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 13:05:37

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 13:05:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O centro de saúde e o PAC de Pontearreas levan meses nunha situación de caos e de colapso, debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións.

Nesta altura hai 9.000 persoas sen asignación de médico/a de familia, correspondentes á quenda de tarde, de maneira que son atendidas por persoal de urxencias ou por outras facultativas, unha diferente cada vez.

A falta de persoal sanitario e auxiliar agrávase na época do nadal e no verán, cando o centro funciona con un terzo do cadro de persoal. Esta situación provoca dificultades para contactar co centro e para conseguir citas tanto presenciais como telefónicas. O desconcerto e descoordinación na xestión diaria aumenta tamén polo cambio constante do persoal administrativo debido a baixas e outras circunstancias.

Durante o nadal a situación agravouse debido a que os concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, Covelo, As Neves, Arbo e A Cañiza quedaron sen servizo de pediatría, polo que o centro de saúde e o PAC de Pontearreas tivo que asumir unha carga asistencial suplementaria.

2. Por outra parte, as instalacións do centro de saúde e do PAC de Pontearreas están anticuadas e son claramente insuficientes para atender as necesidades dunha área





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi ampla e que só en Pontearreas supón unha poboación de máis de 23.000 persoas. En relación con este tema, existe un amplo consenso sobre a necesidade de construír un novo equipamento para mellorar a atención primaria de Pontearreas e contar con un novo PAC que dea un axeitado servizo a Pontearreas, Salvaterra do Miño, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves e Covelo.

Para dar resposta a esta demanda, a alcaldía enviou un escrito ao SERGAS propondo unha xuntanza entre persoal técnico municipal e da consellaría para estudar as necesidades de reserva de solo para o novo centro de saúde.

Outra demanda urxente é a que ten a ver coa Unidade de Saúde Mental, que é necesario que estea ubicada en Pontearreas para dar servizo a este concello e á comarca. Parece que o SERGAS ten intención de ubicala noutra localidade, usando como xustificación a falta de espazo no centro de saúde.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para dotar o centro de saúde e o PAC de Pontearreas do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario necesario para prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 13:11:03

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 13:11:06

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2023 13:11:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O centro de saúde e o PAC de Pontearreas levan meses nunha situación de caos e de colapso, debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións.

Nesta altura hai 9.000 persoas sen asignación de médico/a de familia, correspondentes á quenda de tarde, de maneira que son atendidas por persoal de urxencias ou por outras facultativas, unha diferente cada vez.

A falta de persoal sanitario e auxiliar agrávase na época do nadal e no verán, cando o centro funciona con un terzo do cadro de persoal. Esta situación provoca dificultades para contactar co centro e para conseguir citas tanto presenciais como telefónicas. O desconcerto e descoordinación na xestión diaria aumenta tamén polo cambio constante do persoal administrativo debido a baixas e outras circunstancias.

Durante o nadal a situación agravouse debido a que os concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, Covelo, As Neves, Arbo e A Cañiza quedaron sen servizo de pediatría, polo que o centro de saúde e o PAC de Pontearreas tivo que asumir unha carga asistencial suplementaria.

2. Por outra parte, as instalacións do centro de saúde e do PAC de Pontearreas están anticuadas e son claramente insuficientes para atender as necesidades dunha área





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi ampla e que só en Ponteareas supón unha poboación de máis de 23.000 persoas. En relación con este tema, existe un amplo consenso sobre a necesidade de construír un novo equipamento para mellorar a atención primaria de Ponteareas e contar con un novo PAC que dea un axeitado servizo a Ponteareas, Salvaterra do Miño, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves e Covelo.

Para dar resposta a esta demanda, a alcaldía enviou un escrito ao SERGAS propondo unha xuntanza entre persoal técnico municipal e da consellaría para estudar as necesidades de reserva de solo para o novo centro de saúde.

Outra demanda urxente é a que ten a ver coa Unidade de Saúde Mental, que é necesario que estea ubicada en Ponteareas para dar servizo a este concello e á comarca. Parece que o SERGAS ten intención de ubicala noutra localidade, usando como xustificación a falta de espazo no centro de saúde.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o goberno galego a respecto da construción dun novo equipamento sanitario (centro de saúde e PAC) para Ponteareas e a súa área?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2023 13:11:32

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 13:11:37

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 13:11:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario terrestre de calidade é unha preocupación constante do BNG. Levamos anos demandando o dimensionamento preciso, tanto en vehículos, persoal e recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias porque é un servizo vital na cadea asistencial e o servizo é deficitario.

A dotación de vehículos, de persoal e o tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

As Paradas Cardiorrespiratorias se non son atendidas nun tempo máximo de 15-20 minutos teñen case nulas opcións de recuperación, a mortalidade dos Infartos Agudos de Miocardio prodúcese fundamentalmente na primeira hora, @s doentes politraumatizad@s reducen drasticamente a súa supervivencia tras 20 minutos sen asistencia ou o tratamento do ictus reduce a súa eficacia cada hora que pasa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A conclusión é clara é preciso ter recursos, tanto materiais como humanos suficientes para que os tempos de resposta non supoñan que a poboación estea correndo serios riscos de quedar desatendida.

Ese risco de desatención, por falta de recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias é o que corre cada día a veciñanza, especialmente en zonas con déficit de recursos, con isócronas moi lonxe das aceptábeis. Comarcas enteiras sen dotación de Soporte Vital Avanzado (Valdeorras, Bergantiños, Baixo miño, Barbanza,Lalín...).

Infelizmente téñense producido desenlaces fatais, non son casos illados, chove sobre mollado, porque non estamos a falar dunha cuestión puntual, dun descoido, senón dunha práctica constante que non ten ningunha xustificación.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, en Galiza temos un servizo de transporte sanitario terrestre de baixa calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cidadanía agarda que cando precisa atención sanitaria se lle preste con garantías e con medios, non unha atención de terceira.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Considera suficiente a Xunta a dotación de emerxencias nas comarcas de Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras...?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2023 13:15:45

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2023 13:15:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2023 13:15:57



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A finais de 2022 tivemos coñecemento do nivel de execución orzamentaria da Xunta de Galicia do terceiro trimestre do ano.

Das diferentes partidas orzamentarias cuxa execución non chega ao 50 % algúns datos resultan moi preocupantes, entre eles atópanse os índices que presentan as contas da Dirección Xeneral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático no programa 541D relativo a Control Ambiental e Xestión de Residuos con unicamente un 15,5 % executado, que tería que ser destinado a implementar medidas de apoio aos concellos para a mellora na xestión de residuos, o cumprimento da normativa e o fomento da economía circular, así como a mellorar o funcionamento da xestión de residuos en Galicia e en concreto da entidade semipública Sogama.

O desleixo da Xunta neste eido vese claramente na baixa execución que presenta esta partida orzamentaria nos últimos anos, cuxas accións principalmente responden a fondos finalistas que proveñen do Estado ou fondos europeos.

Durante todos estes anos non se acadaron os obxectivos establecidos en materia de xestión de residuos colocando a Galicia na cola das diferentes comunidades autónomas pero tras as últimas modificacións legais producidas no ano 2022 para traspoñer a directiva europea este cumprimento pasa de unha obriga futura a un deber inmediato de cumprimento baixo risco de sanción polo que é incomprendible a baixa execución orzamentaria rematado o terceiro trimestre do ano.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego a baixa execución orzamentaria, unicamente un 15,5 %, rematado o terceiro trimestre do ano 2022 no programa 541D relativo a Control Ambiental e Xestión de Residuos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/01/2023 11:24:43

Pablo Arangüena Fernández na data 13/01/2023 11:24:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 e ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para reforzar o servizo e os cadros de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de informacións públicas emitidas por membros do cadro de persoal de urxencias que alertaban dunha situación insostible. Informaban de que desde a época navideña estaba a ser imposible cubrir as quendas de traballo na súa totalidade. A presidenta do Colexio de Médicos de Ourense, urxencióloga do CHUO, alertaba de que no lugar de 17 facultativos entre mañá e tarde, había 12, cinco menos e que o equipo precisaría dun reforzo de 10 profesionais para prestar un servizo adecuado.

Esta situación non é nova, pois cabe lembrar que ao longo de 2021 e 2022 foron numerosas as mobilizacións do servizo e que tamén se ten posicionado publicamente a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense respecto da saturación dos servizos de urxencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, cabe recordar que en xuño o cadro de persoal enviou unha queixa á Valedora do Pobo para sinalar a súa precaria situación e que no mes de decembro de 2022 enviaron tamén unha carta na mesma liña ao colexio de Médicos de Ourense.

Isto acontece nun contexto no que en Galiza se normalizou a lista de espera para acudir a un centro de saúde, ao especialista ou a operarse, e isto ten consecuencias negativas sobre a vidas persoas ao demorárense os diagnósticos e tamén con consecuencias na sobrecarga das urxencias.

Por estes motivos, é necesario que o goberno galego tome medidas relativas á alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 de cara a reforzar o servizo e os cadros de persoal

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar unha nova saturación das urxencias hospitalarias de Ourense?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 10:49:33

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 10:49:38

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 10:49:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 10:50:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego dos datos do IPC e das perspectivas para o inicio de 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre as consecuencias da consolidación da crise de prezos e do feito de que, desde hai máis dun ano, a inflación sexa superior en comparación coa media do Estado. Ademais, as e os galegos sofren a falta de actuación do goberno galego, que apenas impulsou medidas para paliar os efectos.

Dos datos do IPC definitivo a decembro de 2022 publicados polo INE e recollidos polo IGE o 13 de xaneiro de 2023 podemos destacar que a taxa de variación interanual de decembro de 2022, que coincide neste mes coa inflación acumulada do exercicio 2022, foi na Galiza do 6,4% fronte ao 5,7% no conxunto do Estado, afondando na tendencia diferencial do último ano e medio.

Así mesmo, cabe salientar a necesidade de observar estes datos en perspectiva, pois aínda que a percepción pode ser aparentemente positiva estamos a falar de taxas de variación interanual que parten do nivel de prezos que había no mesmo mes do ano 2021, no que os prezos xa experimentaran unha subida importante, do 6,7%. Por iso, malia as lecturas conformistas por parte do goberno central, a realidade é máis complexa, de forma singular para Galiza debido ao noso fierencial, á alta inflación





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subxacente, á incapacidade do goberno galego para arbitrar medidas de rescate social e ao factor de que os nosos salarios e pensións sexan dos máis baixos do Estado.

Outros dous elementos de especial complexidade e gravidade son a inflación subxacente (excluídos alimentos frescos ou non elaborados e enerxía) e a suba do prezo dos alimentos e produtos básicos. A inflación subxacente no Estado foi do 7%, por enriba da taxa xeral e aumentando sete décimas a respecto da experimentada en novembro. Os produtos que máis soben en Galiza son os de alimentación e bebidas non alcohólicas, de media un 16,2%.

Diante desta situación, o goberno galego reacciona eliminando axudas importantes como a Tarxeta Básica e aprobando pelletazos fiscais nuns orzamentos que se amosan como inútiles para reactivar a economía e protexer os sectores máis vulnerábeis. Así mesmo, todo isto acontece nun escenario económico global incerto, onde se prevén novas subas de tipo de xuro, empeoramento nas condicións de crédito e endebedamento e mesmo no se descarta por parte dalgúns instrumentos de análise a entrada en recesión técnica (dous trimestres consecutivos con crecemento negativo) dalgunhas economías da eurozona (e incluso da eurozona no seu conxunto) en 2023.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego respecto da evolución da crise de prezos ao longo de 2022 e as perspectivas para 2023?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:11:33

Rosana Pérez Fernández na data 16/01/2023 12:11:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas con independencia de onde teñan o seu lugar de residencia. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre salvagardalo aínda máis. Porén, a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza parecen ter decidido avanzar na senda da depauperación da atención pediátrica nas comarcas menos poboadas do país, como é o caso das de Ourense.

Cando se van cumprir tres anos das históricas mobilizacións do Verín non se pecha, novamente pais, nais, profesionais e veciñanza da comarca de Monterrei están a saír á rúa e a recoller sinaturas pola falta de persoal continuada do centro de saúde de Verín e pola desatención na comarca.

Así as cousas, o pasado 6 de decembro realizaban unha mobilización e nas últimas semanas do ano denunciaban que aos problemas da espera nas citas ordinarias engadíanse a derivación constante de urxencias cara o hospital de Ourense. Hai que ter en conta que desde Verín ata este hospital hai unha hora de coche, mais que no caso das poboacións como Laza o tempo increméntase aínda máis, constituíndo unha auténtica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

odisea para as familias e que estamos a falar de consultas habituais no inverno como son as infeccións respiratorias, non dunha cuestión que poida ser excepcional e precisar unha derivación puntual.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir unha adecuada atención ao servizo de pediatría na comarca de Monterrei?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 12:45:27

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 12:45:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:45:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o parque eólico Troitomil e outros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2022 publicouse no DOG a Declaración de Impacto Ambiental favorábel do parque eólico Troitomil, situado nos concellos de A Baña e Negreira.

Trátase dun polígono industrial eólico de 30MW promovido pola empresa Green Capital Power que afecta a centos de hectareas de terras de uso agrario, gandeiro e forestal e a varios núcleos de poboación, que se verán tamén afectados polo impacto ambiental e visual de 5 aeroxeradores de 200 m de altura e 6 MW de potencia. A afección territorial inclúe a construción de viais de acceso, gaviás de canalización, drenaxes de augas, explanación de terreos, construción de subestación, escavación das bases para a cimentación dos muíños...

Na avaliación do proxecto non se tiveron en conta as captacións de auga existentes na zona, que son a única fonte de abastecemento ao non haber traída de auga municipal. Aínda que o promotor indica que se procederá á reposición de captacións de auga que puidesen verse afectadas, non existe unha garantía de que este impacto sexa irreversible ou que poida ver mermada a dispoñibilidade de auga. Ademais, na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentación do proxecto e nos informes oficiais non figuran varias captacións de auga existentes na zona.

Ademais, na tramitación do proxecto prevese a ocupación e expropiación de viais públicos, propiedade do concello e da Deputación, o que supón un trato de favor a unha empresa privada que prevalece sobre o interese público e da veciñanza.

Por outra parte, no queda claro o impacto visual e paisaxístico do proxecto sobre o Camiño de Fisterra, e nomeadamente sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada BIC polo Decreto 83/2022 (DOG do 1 de xuño de 2022). Cómpre ter en conta que o procedemento para a declaración como ben de interese cultural comezou en maio de 2020, polo que se deberían extremar as cautelas ao respecto.

En relación coa Declaración de Impacto Ambiental, na mesma faise referencia a numerosos documentos achegados pola empresa así como a informes de departamentos da Xunta que non son de acceso público, o que crea indefensión para as entidades e persoas afectadas.

No ámbito do concello da Baña estanse a tramitar na actualidade 6 proxectos industriais eólicos, que suman en conxunto 256, 5 MW e 45 aeroxeradores de 200 m de altura.

Trátase dos seguintes proxectos

- Troitomil, de Green Capital Power (A Baña e Negreira): 30 MW, 5 aeroxeradores de 6MW
- Vilartoxo, de Green Capital Power (Val do Dubra e A Baña): 27 MW, 6 aeroxeradores de 4,5 MW. DIA favorábel
- Barrosino, de Green Capital Power (A Baña): 13,5 MW, 3 aeroxeradores de 4.5 MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Monte de Portodechán, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 66 MW, 11 aerogeradores de 6MW

- As Castiñeiras, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 54 megawattios, 9 aerogeradores de 6MW

- Monte Silvariño, de Green Capital Development (A Baña), 66 MW, 11 aerogeradores de 6 MW

Para avaliar a dimensión e a potencia instalada nestes proxectos, hai que ter en conta que suman unha potencia total superior á que había instalada en 2021 en Euskadi, Cantabria e Extremadura xuntas.

Tamén é necesario considerar as dimensións dos aerogeradores, de máis de 200 m de altura, nunha zona habitada e con unha importante actividade agraria, gandeira e forestal. Precisamente polos cambios tecnolóxicos e a maior dimensión dos aerogeradores a respecto dos instalados até datas recentes, en 2022 introduciuse un cambio normativo para incrementar a distancia con respecto a núcleos habitados, mais esta modificación non é de aplicación para os proxectos que estaban en tramitación con anterioridade a 2022.

Xunto con estes polígonos industriais eólicos hai que ter en conta o impacto das liñas eléctricas de evacuación. Unha delas, a LAT 132 kV SET parque eólico Troitomil-LAT 132kV SET parque eólico Banzas/SET colectora Lousame afecta de maneira directa e prexudicial aos concellos de A Baña e Lousame.

No caso dos parques Monte de Portodechán, As Castiñeiras e Silvariño son de competencia do goberno central e comparten a liña de evacuación, que ten unha tramitación independente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os parques eólicos Vilartoxo e Barrosino comparten subestación e liñas de evacuación coa subestación de Troitomil.

Dado que todos estes proxectos son promovidos polo mesmo grupo empresarial e teñen unha clara vinculación territorial e de infraestruturas comúns, deberá garantirse que non se leva a cabo unha fragmentación fraudulenta.

Tendo en conta as anteriores circunstancias, deberían someterse todos os proxectos citados a unha avaliación ambiental conxunta, que teña en conta os seus efectos sinérxicos e acumulativos e o seu impacto global no territorio, no medio, nas actividades económicas propias da zona, nos usos e valores do solo e na calidade de vida das persoas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera a Xunta a posibilidade de suspender a tramitación do parque eólico Troitomil mentres non se leve a cabo unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques eólicos proxectados na zona e sobre o seu impacto acumulativo no territorio, no medio natural, nas actividades económicas, nos usos e valores do territorio e na calidade de vida das persoas?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 13:26:33

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 13:26:37

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:26:47



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como ‘lei Ángeles Alvariño’ e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea máis en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que “as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para “enganchar” ás nenas ás carreiras tecnolóxicas e fácelas máis partícipes da Sociedade da Información”.

Diante desta información, no Grupo Socialista preguntámonos como é entón que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada vez máis baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a



implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se habrá unha segunda edición.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que as obrigas da Lei 13/2021 do 20 de xullo son ben coñecidas polas institucións e entidades do ámbito científico e universitario que as teñen que aplicar?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:51:13

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:51:28

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:51:42

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:51:53



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como ‘lei Ángeles Alvareño’ e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea máis en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que “as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para “enganchar” ás nenas ás carreiras tecnolóxicas e fácelas máis partícipes da Sociedade da Información”.

Diante desta información, no Grupo Socialista preguntámonos como é entón que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada vez máis baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a



implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se habrá unha segunda edición.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que accións concretas levou xa a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento a Lei 13/2021 de 20 de xullo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:52:21

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:52:35

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:52:47

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:52:58



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Pleno da Deputación da Coruña aprobaba o 22 de decembro de 2022 unha moción urxente de apoio ás alegacións realizadas polo concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo que remitiron de inmediato a todos os grupos parlamentarios.

Na súa exposición de motivos alegan:

“A entidade "Green Capital Power SL" está a promover o Parque Eólico de Vilartoxo no que prevé instalar 6 aeroxeneradores SG145- 4,5MW (27MW en total), cunha altura de buxe de 145 m. e unas palas de 71 m., entre os municipios de A Baña e de Val do Dubra, con especial afectación na parroquia de San Román deste segundo concello.

Trala existencia das correspondentes xuntanzas cos/as representantes da veciñanza afectada e das entidades creadas polos/as mesmos/as, para levar a cabo o estudo, seguimento e presentación de alegacións a este proxecto, e despois das correspondentes explicacións, datos e probas amosadas polos/as afectados/as, todo parece indicar que o proxecto do Parque de Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado, a pesares de que os tres comparten infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

Así mesmo, cómpre deixar constancia tamén das alegacións presentadas polo propio Concello do Val do Dubra, que van na mesma dirección que as realizadas polos veciños e veciñas afectados/as, e que inciden, entre outros aspectos, na vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, na ausencia de utilidade pública e interese social do proxecto eólico Vilartoxo, na vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA), na afectación para as familias que residen nos núcleos máis próximos, na falta de autorizacións de Patrimonio Cultural, etc.”

No Grupo Socialista facemos nosa a petición do Pleno da Deputación da Coruña ao considerar que existen innumerables razóns para non autorizar o parque eólico



de Vilartoxo tal e como vén formulado dende o inicio, ao supor na práctica un fraccionamento en varios parques ademais de vulnerar normativas medio ambientais e de afectación ao patrimonio cultural.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Valora positivamente o Goberno galego as alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e da súa veciñanza a respecto do Parque Eólico de Vilartoxo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:57:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2023 12:57:16

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/01/2023 12:57:31

Martín Seco García na data 16/01/2023 12:57:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como ‘lei Ángeles Alvareño’ e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea máis en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que “as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para “enganchar” ás nenas ás carreiras tecnolóxicas e fácelas máis partícipes da Sociedade da Información”.

Diante desta información, no Grupo Socialista preguntámonos como é entón que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada vez máis baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a



implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se habrá unha segunda edición.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que está a desenvolver accións acertadas para fomentar vocacións tecnolóxicas entre as mulleres e rachar con estereotipos sexistas e acelerar así a redución da fenda de xénero?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 13:09:50

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 13:10:05

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 13:10:14

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 13:10:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre mortes por accidentes de tráfico en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2022 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 89 vítimas mortais repartidas por provincias do seguinte xeito: 42 en Coruña, 18 en Pontevedra (incluíndo as 7 vítimas do accidente do autobús na noiteboa en Pedre), 17 en Lugo e 12 en Ourense. Resulta moi alarmante o número tan elevado de mortes na provincia da Coruña, que debería ser obxecto dunha análise específica.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que supoñen 10 vítimas máis que no ano 2021 e as mesmas que en 2019. En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 113 en 2021 (fronte ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (fronte ás 89 da DGT). E nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas específicas, máis alá das previstas no Plan de Seguridade Viaria, vai desenvolver a Xunta para analizar as causas da sinistralidade e reducir as vítimas de accidentes de tráfico?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:45:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 13:45:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de setembro do pasado ano rexistrabamos unha serie de iniciativas a respecto do RD 428/2022 poñendo o énfase no feito do descoñecemento de parte do Ministerio da realidade do sector da carne de vacún en Galicia que este real decreto amosaba.

“...constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún de Galicia, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.”

“...que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.”

Criticabamos naquela altura o feito de que a Consellería para materializar aquelas declaracións do presidente da Xunta en que lle parecía escasa a partida destinada polo Ministerio ó efecto e na que falaba de 17 millóns de euros que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta ametería para complementa-las axudas ó sector da carne. E a nosa crítica era porque tamén excluía os xatos nados e criados na mesma granxa.

E a Xunta corrixiu este erro (a intención) pero cae novamente noutros que apuntan a que o descoñecemento do sector non é so do Ministerio.

E así, o pasado venres 13, activou procedemento de solicitude de *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A)*. E unha vez máis bota mal as contas e establece un reparto totalmente inxusto:

- a) Faino por tramos e deste xeito un produtor con 4 cabezas cobra case 200 euros por res e un produtor con 10 cabezas cobra 79 euros.
- b) Tendo a man unha calculadora das de antes, 11.854 produtores e produtoras, botando a conta polo sistema de tramos establecido pola propia Administración galega, o total orzamentado pola Xunta de Galicia debería ser de 18.415.640 €, e non 17.156.000 €. Faltan, pois, 1.259.640 euros.
- c) A concesión das axudas queda condicionada a quen chegue antes coa documentación e de xeito obrigatoriamente dixital, establecendo de facto unha discriminación nun sector que polas súas características non anda sobrado de cobertura en internet.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a valoración do goberno galego das peripecias sufridas polas *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A)* que tanto malestar crean no sector da carne?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 16/01/2023 19:14:34

María del Carmen Aira Díaz na data 16/01/2023 19:14:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/01/2023 19:14:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta comprometa un plan de acceso á vivenda pública até final de lexislatura na cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, sinala que lle corresponde á Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda.

Con esa finalidade esa mesma lei habilita as Administracións Públicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo, a Xunta leva dez anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

O pasado ano o expresidente da Xunta de Galiza presentou en rolda de prensa o novo “Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025” que vén substituír o anterior programa “Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015- 2020”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Grupo do Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise. Cremos que o novo programa de vivenda non pode deixar de lado o actual contexto e que é necesaria a súa reformulación na procura de novas solucións.

O continuísmo do novo programa, con medidas e un enfoque que xa se demostraron un fracaso, só pode agravar a falta de mecanismos para achegar, no novo ciclo que se abre, respostas eficaces. As políticas recicladas do novo plan xa se demostraron ineficaces para garantir o acceso á vivenda e para intervir, reordenar e reequilibrar o parque inmobiliario.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de trece anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública vémosto na cidade da Coruña.

Os recentes datos do IGE referidos a decembro de 2021 conclúen que A Coruña é a terceira cidade con maior porcentaxe de fogares con dificultades para chegar a fin de mes, sendo tamén a terceira máis alta canto á taxa de risco de pobreza.

Un dato aínda máis significativo por preocupante é que 11.530 fogares coruñeses teñen moita dificultade para chegar a fin de mes, o 11% fronte ao 8% da media galega, isto é, a taxa máis alta entre os sete municipios galegos de maior poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As entidades de axuda social explican que son precisamente as graves dificultades de acceso á vivenda as que representan o principal factor de exclusión social na Coruña pola falta de oferta de vivenda social e a imposibilidade de acceder a un alugueiro debido aos elevados prezos que non deixan de subir, o que obriga, en moitos casos, a destinar o 100% dos ingresos ao pagamento do alugueiro quedando descubertas necesidades básicas como a alimentación, o vestido, o calzado ou o material escolar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que plan de acceso á vivenda pública compromete a Xunta até final de lexislatura na cidade da Coruña?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2023 20:01:06

Mercedes Queixas Zas na data 16/01/2023 20:01:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os depósitos de auga situados en puntos estratéxicos, na loxística de abastecemento en caso de incendios no monte, son unha realidade desde hai xa décadas. Uns continúan en activo cun mantemento normal e outros son substituídos e sofren o abandono e deterioro paulatino ao non seren desafectados nin tampouco reparados e/ou saneados.

Ademais do labor antes dito de aporte de carga de auga para posibles lumes, serven e serviron para que xs gandeirxs poidan recolleren auga deles para o seu posterior uso nas explotacións.

Este é o caso do depósito sito no lugar de Porcar-Lires, concello de Cee. Esquecido pola administración e no seu día construído digamos “de urxencia”, utilizando bloques en vez de formigón, na actualidade perde auga por todas as xuntas e está cheo de lama como resultado dun mantemento inexistente desde hai xa anos. En definitiva, que se non se mira por el, en pouco tempo non terá utilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Algúns veciños deron conta ao Distrito V de Vimianzo e recibiron a resposta de que era un dos que non tiñan para uso, que se servían doutro situado a un quilómetro aproximadamente, reconstruído en octogonal con paneis de formigón.

Como queira que o depósito en cuestión pode aínda ser útil, logo dunha reparación e co mantemento debido, por gandeiros e labregos da parroquia hai interese na súa desafectación e paso de titularidade ao Concello de Cee para que se faga cargo del e poñelo de novo en servizo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a disposición do goberno galego a respecto da desafectación do citado depósito a favor do Concello de Cee para a súa reparación e uso polos veciños e veciñas da parroquia de Lires?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/01/2023 11:47:58

María González Albert na data 17/01/2023 11:48:02

Daniel Pérez López na data 17/01/2023 11:48:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial de Estela Eólica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Estela Eólica resultou adxudicataria de 186 MW no concurso eólico de 2010. Na valoración dos proxectos tívose en conta que a empresa ofertou un Plan industrial consistente na construción dunha “Planta de tratamento de residuos sólidos urbanos con xeneración termoeléctrica de 50 MW e cinco plantas de transferencia”, cun investimento en 287 millóns de euros e a creación de 498 postos de traballo.

A empresa Estela Eólica foi adxudicataria de cinco parques eólicos, que a estas alturas aínda non están aprobados nin construídos. A empresa foi no seu día vendida a Gas Natural e os proxectos eólicos foron “reciclados”.

Dous dos proxectos eólicos adxudicados en 2010, o denominado “Bullos” e o denominado “Pena do Corvo”, volvéronse tramitar, coa mesma potencia e case idéntica ubicación por iniciativa da empresa Greenalia: son os parques eólicos Gato, de 18 MW, e Felga, de 21 MW.

Antes de aprobar os citados proxectos eólicos débese aclarar se son continuación dos inicialmente adxudicados e polo tanto débese informar se a empresa que actualmente os tramita debe asumir os compromisos do plan industrial ofertado por Estela Eólica no seu día e que foi determinante para a adxudicación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta recabar un informe xurídico sobre a relación entre os proxectos dos parques eólicos Bullos e Pena do Corvo e os denominados Gato e Felga, para determinar se a empresa que os está a tramitar actualmente debe asumir en todo ou en parte os compromisos derivados da adxudicación do concurso eólico de 2010?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2023 12:04:57

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2023 12:05:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/01/2023 12:05:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta achegar información pública detallada a respecto do necesidade de desenvolver concursos de transición xusta na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos, a través dos medios de comunicación, foron sucedéndose unha serie de informacións que daban conta, de forma independente e descoordinada, do anuncio de diferentes proxectos industriais e empresariais ou de colaboración público-privada, vinculados á transición enerxética, que teñan como epicentro xeográfico o concello de Cerceda.

Os proxectos anunciados son os seguintes:

Un proxecto de planta de hidróxeno verde renovábel nos terreos da antiga central térmica de Meirama, apoiado por Reganosa, Naturgy e Repsol, declarado pola Xunta como iniciativa empresarial prioritaria.

Outro proxecto para unha central hidroeléctrica reversíbel no lago das Encrobas a proposta da empresa Green Capital Power.

Un outro proxecto para unha planta de biogás que tratará puríns e outros residuos para os converter en biometano e fertilizantes orgánicos, presentado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conxuntamente polas empregas enerxéticas Repsol, Naturgy e Reganosa e mais a sociedade Impulsa Galicia, promovida pola Xunta.

E aínda un novo proxecto dunha planta de metanol verde vinculada á instalación do proxecto de Maersk no porto de Punta Langosteira.

Todos estes proxectos aparecen vinculados á oferta de produción enerxética que se derivaría da suposta aprobación de catro proxectos eólicos en tramitación, localizados en Cerceda e arredores: o parque eólico Os Teixos, o Meirama, o Meirama 76 e o das Encrobas, ao que cómpre engadir as diferentes liñas de alta tensión que atravesarán esta comarca procedentes desde a Costa da Morte.

Esta absoluta carencia de planificación enerxética contradí as previsións e compromisos do goberno do Estado a respecto da convocatoria dun concurso de transición xusta que si se está a aplicar noutras comunidades como a de Aragón.

De novo, máis unha vez asistimos a un novo capítulo da historia en que o concello de Cerceda se quere converter no quilómetro 0 da produción enerxética, mais tamén da contaminación e da especulación, a través dun proceso totalmente opaco, carente de información pública que deixa indefensa a poboación e ausente da máis mínima coordinación interinstitucional.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o goberno da Xunta demandar do Estado a convocatoria dun concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama conforme se está a aplicar noutras comunidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2023 11:52:50

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 11:53:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a legalidade da tramitación do parque eólico Os Cotos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro de 2022 (DOG do 25 de novembro) a Xunta resolveu favorablemente a declaración de impacto ambiental do parque eólico Os Cotos, situado no concello de Cerdedo Cotobade e promovido formalmente pola empresa Tiraventos SL, aínda que na documentación do proxecto figura a empresa ECOENER.

O parque eólico Os Cotos está incluído na relación de proxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW, cuxa resolución foi publicada no DOG do 28 de decembro de 2010.

Na relación de proxectos seleccionados figuran os seguintes da empresa Tiraventos:

- Parque eólico dos Cotos, de 30 MW
- Parque eólico do Merendón, de 21 MW

Na oferta da empresa Tiraventos, pola que foi adxudicataria do concurso de 2010, figura un plan industrial cun investimento de 20,7 millóns de euros e a creación de 59 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o parque eólico Merendón conta con declaración de impacto ambiental negativa, e o parque eólico dos Cotos ten declaración de impacto ambiental favorábel, cómpre que a empresa promotora cumpra os compromisos derivados da adxudicación de 2010.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode o goberno galego garantir a legalidade da tramitación do proxecto do parque eólico Os Cotos, en relación co cumprimento do plan industrial polo que lle foron adxudicados 51 MW no concurso do 2010?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2023 12:30:34

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2023 12:30:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 12:30:54



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituíu a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto lexislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco lexislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación lexislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.



Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocupáanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Comparte o Goberno galego o anuncio do Goberno de Castela e León de pór en marcha un protocolo que dificulte ás mulleres exercer os seus dereitos sexuais e reprodutivos?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 12:58:56

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 12:59:12

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 12:59:21

Marina Ortega Otero na data 17/01/2023 12:59:34



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituíu a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta legislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto legislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco legislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación legislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.



Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocupáanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituíu a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto lexislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco lexislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación lexislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.

Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocupáanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non



resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Garantirá o Goberno galego presidido polo señor Rueda o dereito de todas as mulleres galegas a interromper o seu embarazo tal e como establece a nova reforma da Lei 2/2010?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 12:57:58

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 12:58:16

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 12:58:25

Marina Ortega Otero na data 17/01/2023 12:58:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do Hospital Lucus Augusti foi un fito histórico para a Sanidade Lucense, non só mellorou a confortabilidade das usuarias e usuarios senón que a propia estrutura e dimensións do edificio potenciaron cambios importante na carteira de servizos que favoreceron, sen dúbida, a calidade asistencial. Isto de todos xeitos non serviu para a mellora da atención primaria na cidade, que seguiu en varios casos en edificios precarios que condicionan a actividade asistencial e a súa calidade de cara á cidadanía, entre eles o do CS da Milagrosa.

Debido a este cambio liberáronse os terreos e edificios que ocupaba o vello Complexo Xeral-Calde posibilitando trasladar alí, tralas pertinentes obras parte dos servizos sanitarios que estaban diseminados pola cidade para mellorar as súas condicións de habitabilidade e polo tanto o seu potencial en canto a servizos sanitarios para a cidade.

Saíron na prensa diversas noticias a respecto do desenvolvemento das obras e os usos aos que se ían destinar estas instalacións, que se prevían rematadas para mediados deste mesmo ano, quizá outubro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Referirémonos exclusivamente ao que motiva esta iniciativa, o CS da Milagrosa, do que se dixo que sufriría un desdoblamento e que probablemente se convertera nun Centro de Alta Resolución ao contar coas instalacións do Laboratorio e os bunker de Rx do antigo pavillón central.

As declaracións do conselleiro falaban de dotación de medios diagnósticos para a resolución de procesos nunha única consulta sen concretar que podía supor isto na práctica.

Chegadas a estas alturas do 2022 o persoal do Centro de Saúde da Milagrosa non recibiu a máis mínima información oficial sobre cando, cantas, cales ou quen vai ir para alí, o que causa unha xustificada incerteza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta ter en conta ao persoal do Centro de Saúde á hora do desdoblamento do CS da Milagrosa informándoo e recabando a súa opinión a través dos responsables do Centro?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2023 13:09:19

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2023 13:09:22

María del Carmen Aira Díaz na data 17/01/2023 13:09:38



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Gonzalo Caballero Miguez, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As fortes choivas que se produciron na madrugada do día 1 de xaneiro do 2023 provocaron importantes inundacións de fincas e estradas, así como importantes escorrentías de auga con arrastre de materiais que nalgúns zonas provocaron erosións e socavóns moi destrutivos. Estas erosións provocadas pola auga provocaron derrubes e colapsos, algúns deles moi graves, que requiren unha reparación inmediata polo perigo que representan para a veciñanza ou porque de non actuar con celeridade continuará o seu deterioro.

O Grupo Parlamentario Socialista solicita do Goberno galego que poñan os medios necesarios para reparar os danos provocados polas abundantes choivas e as posteriores escorrentías. Dado a envergadura dos danos, a orixe natural dos mesmos e nas zonas nas que se produciron afectando a moitos concellos, consideramos que é necesario actuar con urxencia nestes municipios da provincia de Pontevedra.

Tamén, dende algúns concellos desta provincia afectados polos temporais que asolaron Galicia durante o pasado Nadal, solicitan á Xunta de Galicia a acometer de forma inmediata a reparación dos danos nestas zonas polo perigo que representa e porque de non facelo coas próximas choivas aumentará a superficie afectada.

Nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten as modificacións orzamentarias necesarias, tal e como establece o artigo 36 deste texto legal.

A Xunta de Galicia debe aprobar de maneira urxente o Decreto para establecer os criterios de reparto das axudas. Dita regulación vén recollida expresamente no artigo 38 da Lei de emerxencias.



O Goberno galego non pode seguir ausente porque existe un clamor de alcaldes e alcaldesas, así coma da veciñanza que se escoita en toda a provincia, onde temos moitos concellos gravemente afectados que viron como servizos e espazos públicos quedaron moi danados a causa dos fortes temporais.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten pensado o Goberno Galego, co seu presidente á cabeza, aprobar de maneira urxente a emerxencia de interese galego, recollido na Lei de emerxencias de Galicia 5/2007, para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados por esas importantes inundacións de principios de xaneiro?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/01/2023 13:07:36

Paloma Castro Rey na data 17/01/2023 13:07:43

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 13:07:51

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 13:07:59

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/01/2023 13:08:07

Pablo Arangüena Fernández na data 17/01/2023 13:08:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2023 13:08:29



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Touro é un deses concellos do interior de Galicia cunha poboación cada vez máis envellecida, un problema contra o que hai que loitar mellorando servizos como os educativos para que as familias desexen afianzarse no concello.

Unha educación pública de calidade, como dereito fundamental, debe estar garantida en todos os lugares do noso territorio e para iso é preciso dotar de recursos os centros educativos, o que pasa tamén por asegurar a plena integración de todo o alumnado, acorde a uns tempos nos que a inclusión dos nenos e nenas pasou a ser xa unha prioridade do noso sistema pedagóxico.

En resposta recente ao Grupo Parlamentario Socialista, a Consellaría de Educación continúa sen desvelar as previsións de actuacións do seu Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, razón pola que descoñecemos se o CPI Fonte Díaz de Touro é un dos afortunados.

O que si coñecemos neste grupo é que ese centro precisa de accións de mellora ás que o Concello non fai fronte, así como a conversión do patio de xogos nun inclusivo con zonas multixogo e multideporte para facer realidade o principio da inclusión educativa, precisamente unha das claves dese Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

Esta petición foi incluída por iniciativa do Grupo Municipal Socialista de Touro, e apoiada por diversos colectivos do Concello, como emenda do PSdeG aos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2023 pero foi rexeitada polo Partido Popular.

Por todo isto, as deputadas que asinan, preguntan:



Considera o Goberno galego que é precisa unha actuación de mellora do CPI Fonte Díaz de Touro por parte da Consellaría de Educación?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 13:16:09

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 13:16:22





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O cancro de mama é unha das doenzas máis frecuentes e, aínda que se ben é certo pode aparecer en homes, en máis do 99% dos diagnósticos danse en mulleres. En Galicia levamos anos traballando para a súa detección precoz.

A vía rápida implantouse en 1992, e este feito, baseado en dous factores fundamentais, os avances nos programas de cribado e os avances nos tratamentos, permitiron reducir a mortalidade por mor deste cancro nun 20%.

Unha vez realizado o diagnóstico, a premura na atención de cada un dos casos é fundamental, e aínda que en Galicia se viña prestando desde os servizos de oncoloxía, xinecoloxía, etc., tense comprobado que as Unidades de Mama, con equipos multidisciplinares melloran o acceso e tratamento das mulleres que o precisan.

Por este motivo o Grupo Popular debateu no Parlamento unha iniciativa instando á Xunta a regular o funcionamento das Unidades de Mama, para homoxeneizalas en todas as áreas sanitarias galegas e para que esa homoxeneización servise de referencia para a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías, comezando polas relacionadas co solo pélvico.

Dada a importancia de actuar con celeridade ante esta patoloxía, xa que o seu pronóstico segue a depender principalmente da extensión da enfermidade no momento da detección, e tendo en conta que a organización dos equipos de atención multidisciplinares noutras patoloxías vai redundar nunha mellora na atención as pacientes, as súas familias e en definitiva, nunha mellora nas expectativas de curación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia en relación coa homoxeneización das Unidades de Mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías?





Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 13:34:25

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 13:34:43

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 13:34:55

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2023 13:35:09

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2023 13:35:18

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/01/2023 13:35:31

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 13:35:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

Un sistema educativo de calidade ten que ser inclusivo e equitativo, así o entende o Grupo Parlamentario Popular e tamén a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

Nestes anos, a Xunta de Galicia mantivo o esforzo na atención á diversidade e no desenvolvemento de protocolos e do fomento de itinerarios flexibles para o alumnado con necesidades educativas especiais.

O esforzo normativo e as medidas adoptadas ao longo destas legislativas fan que teñamos o ensino máis inclusivo de España, como se nos recoñece nos informes comparados de diferentes organismos nacionais, do propio Ministerio e, internacionais.

Galicia é un exemplo a nivel estatal en canto a inclusión e atención á diversidade, máis hai que seguir traballando para mellorar a atención e a inclusión de todo o alumnado no noso sistema educativo, prestando especial atención ao alumnado máis vulnerable e avanzando na detección de dificultades de aprendizaxe desde os primeiros niveis educativos.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

A Consellería vai reforzar a detección de dificultades de aprendizaxe entre o alumnado galego de infantil e primaria?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.





Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 13:53:36

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 13:53:52

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 13:54:03

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 13:54:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 13:54:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 13:54:35

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 13:55:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

O dominio e a importancia das linguas, especialmente do idioma Inglés, ten aumentado no século XXI á vez que a globalización se ten consolidado. Sen dúbida, isto está relacionado coa percepción de que coñecer diferentes linguas abre oportunidades desde a perspectiva persoal e profesional.

Un dos grandes beneficios de coñecer varios idiomas é que o cerebro se desenvolve e se fortalece o pensamento e o desenvolvemento cognitivo, ao tempo que tamén contribúe ao desenvolvemento da personalidade do alumnado. Tamén axuda na definición de perfís profesionais que axuden ao acceso a un posto de traballo.

O Grupo Parlamentario Popular coincide coa visión de que a aprendizaxe de linguas no ensino galego implica dar máis oportunidades para o alumnado con independencia da súa situación social ou económica, significa preparar aos mozos e ás mozas para os retos da actual sociedade globalizada, e significa mellorar as perspectivas laborais dos, mañá, futuros profesionais.

A Xunta de Galicia impulsou nas últimas lexislaturas un modelo plurilingüe no ensino galego, que combina a aprendizaxe das dúas linguas cooficiais cunha estranxeira. Na actualidade está en aplicación a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras - Edulingüe 2030, que dá continuidade ao traballo iniciado no curso escolar 2010-2011 e recolle, perfecciona e amplía a aposta polo plurilingüismo.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como se está a potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros educativos de Galicia?





Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 14:01:38

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 14:01:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 14:02:03

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 14:02:19

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 14:02:43

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 14:02:51

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 14:03:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No pasado mes de outubro do 2022, o Consello da Xunta coñecía o informe da Consellería do Medio Rural sobre a nova web posta en marcha pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para acceder a toda a información relativa ao desenvolvemento e aplicación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, en vigor desde maio do pasado ano 2021.

Esta aplicación *online*, denominada Sistema de Información de Terras de Galicia (Sitegal), integra todos os datos relativos aos diferentes instrumentos de ordenación, de mobilización e de recuperación de terras regulados na norma –uns datos que irán aumentando a medida que as aldeas modelo, os polígonos agroforestais ou as agrupacións de xestión conxunta se sigan estendendo por toda a comunidade–.

De feito, cómpre lembrar que Galicia xa conta con 21 polígonos agroforestais en distintas fases de actuación, que abranguen un total de 8.788 hectáreas de 7.249 parcelas correspondentes a 26.431 titulares. Así mesmo, tamén contamos con 21 aldeas modelo declaradas, cunha superficie total de 574 hectáreas de 9.346 parcelas correspondentes, á súa vez, a 2.359 titulares –ás que se engadirán outras sete, actualmente en fase de recollida de sinaturas, que incrementarían as hectáreas mobilizadas ata acadar as 194–. En adición, a web tamén integrará, como se enunciaba anteriormente, información xeográfica doutros instrumentos de ordenación, recuperación e/ou mobilización, como por exemplo as concentracións parcelarias.

Neste sentido, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia ve esta iniciativa como unha forma efectiva de garantir a transparencia sobre todos os traballos realizados a partir dos distintos instrumentos postos en funcionamento por parte do Goberno galego, ao tempo que se fomenta a participación pública para continuar co seu desenvolvemento.

Por este motivo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Que previsión fai o Goberno galego sobre a funcionalidade do Sistema de Información de Terras de Galicia (Sitegal)?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Armada Pérez na data 17/01/2023 13:58:52

María Elena Candia López na data 17/01/2023 13:59:08

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2023 13:59:27

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 13:59:43

Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2023 13:59:56

Cachafeiro Anta, Belén na data 17/01/2023 14:00:14

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 17/01/2023 14:00:24





Á Mesa do Parlamento

José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A finais do pasado ano 2021, o Consello da Xunta aprobaba a 1.^a revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG) “*Cara á neutralidade carbónica*”, establecendo unha proxección do monte galego do futuro e as accións a levar a cabo para a consecución dun modelo de bosque diverso, xestionado activamente, sustentable, resistente e multifuncional.

Nesta liña, un dos obxectos enmarcados nesa 1.^a revisión do PFG 2021-2040 é, precisamente, o desenvolvemento dunha serie de actuacións nas instalacións dos viveiros públicos da comunidade –unha rede de parcelas de alto valor xenético–, co obxecto de adaptalos ás necesidades actuais e preservalos como lugares axeitados para proxectar o traballo realizado en materia de conservación e mellora xenética forestal.

A estes efectos, os obxectivos específicos definidos no Plan Forestal comportan a conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais, a colección de materiais forestais para a reprodución de especial interese, a instalación, mantemento e explotación de hortos de sementes, o desenvolvemento de técnicas para a produción de material xenético de alta calidade, actividades de educación ambiental, percorridos educativos ambientais e a reforestación, entre outras fins.

En consecuencia, a importancia das actuacións emprendidas a prol da recuperación e da potenciación dos viveiros de Galicia supoñen conservar emprazamentos fundamentais e incluso recuperar o seu potencial para avanzar na mellora xenética forestal e dar cumprimento aos obxectivos formulados, así como desenvolver





protocolos na loita contra pragas e doenzas, cuxa potencialidade reverte directamente na poboación, así como na saúde dos nosos bosques.

Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos prioritaria a posta en marcha de iniciativas encamiñadas á devandita recuperación e potenciación dos viveiros galegos de xestión pública.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que previsión fai a Consellería do Medio Rural do funcionamento dos viveiros de xestión pública da nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Armada Pérez na data 17/01/2023 14:04:17

María Elena Candia López na data 17/01/2023 14:04:36

Daniel Vega Pérez na data 17/01/2023 14:04:55

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 14:05:11

Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2023 14:05:30

Cachafeiro Anta, Belén na data 17/01/2023 14:05:47

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 17/01/2023 14:05:58





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A pesar de que existe un bo clima de convivencia nas aulas galegas, non se pode baixar a garda e parece necesario adoptar novas medidas a aplicar nos propios centros educativos e nas súas contornas territoriais desde unha perspectiva máis transversal.

A Xunta de Galicia impulsou nas últimas lexislaturas diferente medidas para tratar de asegurar un axeitado bo clima de convivencia nas aulas dos centros educativos galegos. A principal ferramenta para avanza neste eido foi a Estratexia Galega de Convivencia 2015-2020 (Educonvives.gal).

Logo de varios anos de aplicación, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades mantén o seu compromiso por seguir traballando para dotar aos centros educativos e á comunidade educativa dunha serie de recursos que lles permitan afondar na mellora da convivencia escolar, desde unha óptica integral e inclusiva.

A partir dunha diagnose da convivencia nos centros educativos galegos e dun proceso de diálogo e intercambio coa comunidade educativa a través do Consello Galego de Convivencia, a Consellería presentou unha nova estratexia que xira baixo catro eixes principais: convivencia positiva; cidadanía dixital, ética, segura e responsable; competencia emocional, e convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero.

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 presta unha especial atención á relación do alumnado coas novas tecnoloxías e ao benestar emocional co fin de garantir un bo clima nas aulas.

Segundo ten manifestado a Consellería, a vontade é dotar a todos os axentes do sistema educativo, tanto alumnado como profesorado e familias, dos mecanismos





precisos para atallar calquera cuestión que poida alterar a convivencia nos centros ou o benestar do alumnado.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno/Comisión 4ª:

Que prioridades está a desenvolver a Xunta para seguir velando pola convivencia escolar e o benestar emocional no sistema educativo galego?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 14:12:40

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 14:13:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 14:13:11

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 14:13:23

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 14:13:31

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 14:13:40

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 14:13:49



A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

O sistema educativo galego non é alleo á sociedade en permanente evolución e cambio na que vivimos, xa que ten que dar resposta ás necesidades formativas das persoas e non pode quedarse atrás nos desafíos que xorden co avance das tecnoloxías e da dixitalización ou a intelixencia artificial.

Na sociedade do século XXI os cambios desenvólvense con máis rapidez ca no pasado e modifican a forma de vivir e de comportarse dos cidadáns. Neste contexto, parece lóxico aspirar ao desenvolvemento e impulso de novas competencias e isto require dunha reflexión e actualización constante dos procesos de aprendizaxe que hai que ofrecer aos cidadáns.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Popular comparte a necesidade de apostar pola innovación educativa e pola integración das tecnoloxías para incidir na mellora da calidade do ensino e para camiñar cara unha atención individualizada da aprendizaxe para o máximo desenvolvemento do potencial do seu alumnado.

Os centros debe ser espazos de innovación e deben dar resposta ás necesidades e demandas da sociedade e do mercado laboral para axudar a que as persoas adquiren as competencias precisas para desenvolverse





nun contorno dixitalizado e cambiante. O ensino galego non pode quedar estático e precisa dunha actualización constante en ámbitos como a formación do profesorado, o deseño de estratexias docentes, ou a introdución de novas técnicas pedagóxicas.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como se van a incorporar a innovación educativa e as novas experiencias de aprendizaxe ao sistema educativo de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 14:21:11

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 14:21:27

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 14:21:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 14:21:46

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 14:21:56

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 14:22:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 14:22:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a garantía do exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de outubro de 2021 desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo unánime na Cámara para esixir o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e de I.V.E toda vez que, dez anos despois da súa aprobación e entrada en vigor, a maior parte –case a totalidade-- dos abortos en Galiza eran derivados a clínicas privadas en vez de practicase en centros públicos.

No mes de decembro dese mesmo ano formulamos preguntas orais na Comisión de Sanidade insistindo no cumprimento do acordo, comisión na que o daquela responsábel do SERGAS asegurou que se comprometían a mellorar a asistencia das mulleres neste ámbito.

Porén, cos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (2021) a maior parte das I.V.E en Galiza continúan levándose a cabo na sanidade privada.

Dos 2.284 abortos que tiveron lugar en 2021 no noso País, 114 foron en centros hospitalarios (69 na pública e 45 na privada) e 2170 en centros extrahospitalarios (435 na pública e 1735 en clínicas privadas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito que ademais de vulnerar a Lei 2/2010 que prioriza a sanidade pública fronte á privada no exercicio do dereito ao aborto, supón un maior incomodo para as mulleres que deciden interromper o seu embarazo toda vez que, como acontece por exemplo en Lugo, están obrigadas a se desprazar até A Coruña para acceder a unha clínica que practique abortos cirúrxicos.

A I.V.E é un dereito fundamental das mulleres recollido na lexislación desde hai máis dunha década, un dereito cuxo exercicio só depende da libre e autónoma decisión das mulleres nas primeiras 14 semanas. Non poden, non podemos, polo tanto ser coaccionadas ou ver mermada de ningunha das maneiras o exercicio dese dereito.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir o cumprimento da Lei 2/2010 e os dereitos das mulleres galegas en materia de saúde sexual e reprodutiva e de IVE?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2023 16:21:00

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2023 16:21:04

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2023 16:21:16





A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martínez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En setembro de 2022 a concelleira delegada do Grupo Municipal Socialista de Vigo, e concelleira de Urbanismo, presentou no pleno do concello, en nome propio e en representación do seu grupo, unha moción na que instaba á Xunta de Galicia a construír as vivendas públicas de San Paio de Navia nun prazo máximo de catro anos, entre outras cuestións.

Na súa moción a representante do grupo socialista esquecía o feito de que a Xunta leva anos programando as obras de urbanización do polígono 1 da ampliación de San Paio de Navia, e reservando no orzamento os fondos necesarios para iso, sen que os poida executar como consecuencia do atraso na aprobación do plan parcial, primeiro, e do proxecto de urbanización agora.

Tamén esquecía a moción aprobada en setembro de 2021 polo pleno instando ao concello á “creación dunha empresa municipal de vivenda e empregar a propia Xerencia de Urbanismo como elemento de promoción pública directa de vivenda no termo municipal de Vigo”. Esta moción foi aprobada con todos os votos da oposición municipal e a abstención dos concelleiros socialistas, que mostraban así o seu concepto de política municipal de vivenda. O concello non cumpriu o acordado e Vigo segue a ser unha das poucas cidades de máis de 250.000 habitantes, senón a única, que non dispón dunha empresa municipal de vivenda.

O concello culpa á Xunta dun atraso que se debe principalmente á forma de tramitación por parte do concello dos documentos urbanísticos, con requirimentos parciais de cambios nos mesmos, que irán seguidos de novos requirimentos despois dos que virán outros requirimentos diferentes, de maneira que o prazo necesario para a aprobación do plan parcial e dos proxectos de urbanización de eternizan. É a forma en que o concello tramita os documentos a responsable dos atrasos.

A vontade da Xunta de desenvolver a ampliación de San Paio de Navia e a construción de vivenda de promoción pública está clara.

Nos dous casos existe dotación orzamentaria suficiente.





Ademais xa están licitadas as obras de urbanización do polígono 1 e a redacción dos proxectos das vivendas de promoción pública que se construirán en dito polígono.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a situación actual da ampliación do solo residencial de San Paio de Navia en Vigo?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 16:19:13

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 16:19:31

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 16:19:43

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 16:19:56

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 16:20:12

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 16:20:28

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 16:20:41

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 16:20:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 16:21:06





A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Malia o retraso do Goberno de España en poñer a disposición das comunidades autónomas os fondos europeos que financian as actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Xunta de Galicia foi unha das comunidades autónomas que antes publicou as convocatorias dos mesmos.

Os prazos para a presentación de solicitudes remataron nos meses de setembro, outubro e novembro de 2022. Malia o pouco tempo transcorrido dende entón, xa se fixeron públicas diversas concesión de axudas a comunidades e propietarios de vivendas.

Desde o Grupo Parlamentario Popular somos conscientes de que o tempo transcorrido dende o fin dos prazos de solicitude é insuficiente para completar a concesión das axudas solicitadas, pero consideramos necesario coñecer cal é a situación actual das mesmas.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que axudas financiadas con fondos europeos convocou a Xunta de Galicia en materia de vivenda en 2022?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 16:24:08

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 16:24:24

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 16:24:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 16:31:19
Nº Rexistro: 47365
Data envío: 17/01/2023 16:31:19.899

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 16:24:53

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 16:25:07

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 16:25:14

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 16:25:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O artigo 27 da *Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas*, modifica co fin de definir o *Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*, os criterios para a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, así como as prohibicións ou revogacións da mesma.

Así polo tanto a norma establece, por exemplo, que a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade é un distintivo a través do cal a Xunta de Galicia da recoñecemento a aquelas empresas que destaquen na aplicación de políticas de igualdade.

É dicir, trátase dun “selo de calidade” que diferencia a aquelas entidades empresariais que están comprometidas co benestar laboral das persoas traballadoras a través da aplicación de políticas igualitarias promovendo, entre outras medidas, a conciliación e a corresponsabilidade entre o seu cadro de persoal.

Actualmente, o Goberno galego, xa acordou no seo do Diálogo Social o desenvolvemento regulamentario da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e, polo tanto, está a culminar a nova regulación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular fai a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

- En que consiste e por que se caracteriza a nova regulación da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade?



Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 17/01/2023 17:33:32

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2023 17:33:48

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2023 17:33:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:34:12

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 17:34:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 17:35:08

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 17:35:24

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/01/2023 17:35:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Na cidade de Lugo avanza a obra de construción do que aspira a converterse no primeiro centro integral de saúde de Galicia.

Falamos dun novo novo equipamento sanitario que aproveita o antigo espazo do hospital materno-infantil para acadar un edificio con máis de 5.600 metros cadrados.

Estas instalacións, concentrarán nun mesmo edificio todos os servizos dunha sanidade pública de primeiro nivel: o Servizo de Saúde Mental, a base do 061, o Punto de Atención Continuada e un moderno centro de saúde.

Esta actuación estratéxica pon de manifesto a aposta que a Xunta vén facendo na última década pola sanidade pública galega. De feito, o Goberno que preside Alfonso Rueda está a investir 12 millóns de euros na construción deste equipamento sanitario de referencia.

Con este novo investimento, a sanidade lucense completará a enorme transformación que comezou en 2011 coa posta en funcionamento do Lucus Augusti.

A Xunta segue cumprindo os seus compromisos con Lugo. Un compromiso que supón ademais facer cidade, xa que o novo centro de saúde forma parte dunha actuación máis ambiciosa da Xunta para recuperar edificios públicos no barrio da Residencia e dotar aos veciños de máis e mellores servizos.

No marco deste proxecto global, o Executivo autonómico ten previsto neste barrio novos equipamentos socio-sanitarios, como a residencia da terceira idade ou servizos vinculados ao fomento do emprego.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa a obra de construción do centro integral de saúde de Lugo emprazado no barrio da Residencia?





Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 16:51:09

María Elena Candia López na data 17/01/2023 16:51:27

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 16:51:45

Cristina Sanz Arias na data 17/01/2023 16:51:58

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 16:52:14

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 16:52:26

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 16:52:42

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 16:52:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 16:53:05

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 16:53:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Elena Candia López, José Manuel Balseiro Orol, Cristina Sanz Arias, Ramón Carballo Páez, Carmen Pomar Tojo, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta deu un paso máis na reforma do centro de saúde da Milagrosa na cidade de Lugo. De feito, o pasado mes de decembro o Goberno galego licitou a redacción do proxecto da reforma integral destas instalacións co obxecto de modernizalas, mellorar a súa accesibilidade e garantir unha prestación sanitaria de maior calidade.

Para facer realidade este proxecto o Sergas fixo a correspondente encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) que depende da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de tal xeito que se encargará do proxecto arquitectónico e da obra de reforma.

Con este novo investimento, a sanidade lucense completará a enorme transformación que comezou en 2011 coa posta en funcionamento do Lucus Augusti e que inclúe outras melloras relevantes no ámbito das infraestruturas sanitarias como é o novo Centro Integral de Saúde do barrio da residencia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

En que consisten as obras de reforma proxectadas polo Goberno galego no centro de saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 16:57:49

María Elena Candia López na data 17/01/2023 16:58:07

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 16:58:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cristina Sanz Arias na data 17/01/2023 16:58:39

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 16:58:57

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 16:59:12

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 16:59:29

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 16:59:38

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 16:59:51

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 17:00:03





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Encarna Amigo Díaz, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Ramón Carballo Páez, Carmen Pomar Tojo, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, impulsa a creación de novos aparcamentos disuasorios, en zonas próximas ás principais vías de entrada das cidades galegas.

Estas amplas áreas de estacionamento están conectadas coa rede de servizos de transporte público colectivo, de tal forma que se reduza a necesidade de acceder ao centro das cidades en vehículo privado.

En particular na cidade de Lugo está prevista a construción dun aparcadoiro disuasorio na avenida de Breogán.

Habilitaranse un estacionamento especialmente estratéxico, preto dos accesos á N-6 e á N-540 e do Barrio da Residencia.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa o proxecto de construción do aparcamento disuasorio da avenida Breogán na cidade de Lugo?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 17:04:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 17:04:19

María Elena Candia López na data 17/01/2023 17:04:41

Cristina Sanz Arias na data 17/01/2023 17:04:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 17:05:13

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 17:05:30

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 17:05:58

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 17:06:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 17:06:23

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 17:06:36



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

No último trimestre de 2022, a Xunta de Galicia puxo en marcha o “Bono Cultura”, un programa para favorecer a reactivación do sector cultural galego, estimulando o consumo de produtos e servizos culturais en toda Galicia.

O “Bono Cultura” foi unha medida aberta a todos os galegos maiores de idade —ao contrario que outras iniciativas similares— para a que a Xunta destinou un 1.000.000€ en total.

Cada bono tivo un importe de 50€ para descontos do 50%, ata esgotar o total do crédito, nos distintos establecementos adheridos. Os cidadás beneficiarios puideron gastar os seus bono en produtos e servizos culturais, tales como libros, música gravada en CD ou vinilo, películas ou series en formato físico, salas de cine, concertos de música, espectáculos escénicos, entre outras.

A iniciativa estivo activa desde o 2 de novembro ata o 31 de decembro, precisamente para activar o consumo de cultura nos meses de nadal. Este programa tratou de reeditar os bos resultados da anterior edición, aínda que adaptando o formato á situación actual. O éxito da proposta fixo que, ao igual que na primeira edición, os bonos se esgotasen rapidamente, o que demostra o acertado da medida e o gran interese dos galegos pola cultura.

A capacidade da Xunta de Galicia para activar dous bonos consecutivos no tempo no que outras administracións a duras penas foron quen de sacar a diante un só, demostra a gran capacidade de xestión da administración autonómica.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia da segunda edición do Bono Cultura?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 17:57:32
Nº Rexistro: 47382
Data envío: 17/01/2023 17:57:32.555

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 17:55:34

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 17:55:49

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 17:56:06

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 17:56:16

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 17:56:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:56:45

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 17:57:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Vimos de pechar un ano de enormes dificultades económicas e sociais para as familias galegas que viron como, sen apenas ter superados os efectos da pandemia derivada da Covid, lles azoutaba a actual crise de prezos co conseguinte encarecemento da vida.

As contas da nosa Comunidade Autónoma e no que atinxe á Consellería de Educación son a ferramenta para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade e máis agora neste contexto de incerteza internacional que afecta directamente ás familias. Sabemos ademais que as nenas e os nenos e mozas e mozos xunto ás mulleres galegas son o sector máis vulnerable neste momento fronte a pobreza. Así queda constatado no último informe sobre o Estado da pobreza na comunidade, elaborado pola Rede Galega contra a Pobreza e son datos correspondentes a 2021. A radiografía nos achega unha situación preocupante e iso que aínda non se cuantificaron as consecuencias da suba de prezos que deriva inevitablemente en máis precariedade nas economías das familias. A intensidade da actual crise é tremenda, e a propia Rede lembra que ante a falta de axudas máis ambiciosas por parte da administración galega no eido da Educación, asumir á compra de produtos básicos, ao encarecemento do prezo da enerxía ao que se sumou o desembolso vinculado ao ámbito escolar na adquisición de libros de texto, material, comedores, actividades extraescolares engade un elemento de risco de exclusión para boa parte da sociedade galega.

Segundo datos proporcionados polo INE, un 33,5 % da infancia e adolescencia galega está en risco de pobreza e exclusión social. Igual que para o PSdeG resultan insuficientes as partidas para libros, material, comedores ou transporte escolar no presente orzamento e no medio desta conxuntura económico e social asistimos con preocupación á baixa execución correspondente ao terceiro trimestre dos orzamentos do ano 2022 nun programa fundamental como o 423 A, servizos e axudas complementarias da ensinanza que apenas supera a metade do consignado, en concreto un 52,1 %.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A que se debe a baixa execución da partida 423 A de servizos e axudas complementarias da ensinanza?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 17:55:54

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 17:56:01



Á Mesa do Parlamento,

Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Có obxectivo de que Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a modernización do tecido produtivo galego ao tempo que persiga a plena inclusión social de todas as galegas e galegos, a través tamén do traballo.

Neste sentido, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, publica anualmente novas edicións do Programa Galicia Emprega. Un programa histórico que, a través de axudas, favorece a contratación de persoas desempregadas na empresa ordinaria e, especialmente, daquelas que teñen maiores dificultades de inserción laboral, como son as mulleres, mozas e mozos, persoas con discapacidade ou parados de longa duración. Esta orde de axudas artéllase en dous programas:

Programa I Incentivos á contratación por conta allea e á formación inclúe dúas liñas. A primeira, de incentivos á contratación por conta allea, contempla catro tipos de axudas compatibles:

- Incentivos á contratación indefinida inicial, por medio da cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas: mozas, mulleres, de longa duración e persoas desempregadas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Incentivos á contratación temporal, por medio da cal se proporcionará unha subvención para a contratación temporal de persoas desempregadas: mozas, mulleres, de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos no caso das persoas mozas, mulleres e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Incentivos ao incremento de xornada das contratacións indefinidas iniciais a tempo parcial só no caso das persoas mozas, mulleres e persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



E segunda liña é para incentivos ás accións formativas no centro de traballo para mellorar os coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

E o Programa II: Emprego con apoio, contempla un conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, persoas preparadoras laborais especializadas ás persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, con especiais dificultades de inserción laboral e que realizan a súa actividade en empresas do mercado ordinario de traballo.

En definitiva, este programa de axudas persegue a contratación de persoas pertencentes a colectivos prioritarios para impulsar a súa ocupación e mellorar a súa capacitación para o traballo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade das últimas edicións do Programa Galicia Emprega?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 17:12:08

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 17:12:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 17:12:41

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2023 17:12:59

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2023 17:13:09

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/01/2023 17:13:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:13:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento,

Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A mellora continua da formación para o emprego, con especial atención a aqueles colectivos que teñen maiores dificultades de inserción laboral, ao mesmo tempo que de resposta ás necesidades do tecido empresarial, é un obxectivo prioritario do Goberno galego.

É, polo tanto, un compromiso coa formación continua e adaptada que potencia as capacidades do capital humano, base da economía, e cubre as novas oportunidades de emprego. Neste sentido, destacan actuacións como a Axenda Galega de Capacidades para o Emprego, o Estudo de Tecnoloxías Emerxentes en Sectores Estratégicos ou o Plan Galego de Formación para o Emprego, para seguir impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo.

No marco deste Plan, enmárcanse as accións formativas para o emprego, unha iniciativa que pretende mellorar a cualificación da poboación traballadora da nosa Comunidade e asegurar a súa empregabilidade. Así, o pasado 30 de maio, o DOG publicaba unha nova convocatoria para 2022 e 2023.

Na Orde establécense, entre outros aspectos, cal é o obxecto da iniciativa, así como cales poden ser as entidades beneficiarias.

Non obstante, en aras de coñecer en profundidade cal é a súa aplicación directa e como beneficia aos galegos e galegas, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as previsións de alcance da nova edición das accións formativas do Plan Formativo para o Emprego para 2022 e 2023?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 17:16:55

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 17:17:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 17:17:25

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2023 17:17:44

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2023 17:17:54

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/01/2023 17:18:09

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:18:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia ten rexeitado de xeito automático a instalación de novos parques que non se atoparan nas zonas ADE (Área de Desenvolvemento Eólico) do Plan Sectorial Eólico de Galicia, con solicitudes que veñen dende o ano 2017.

Dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico tense advertido á Xunta de Galicia de que a contestación tipo que están a realizar respecto dos parques eólicos en tramitación non son un informe de impacto ambiental, que non está motivado, cuestión que é preceptiva, e dende o dito Ministerio tense solicitado e reiterado ata en 3 ocasións a emisión deses informes, sen que por parte da Xunta de Galicia se atenderan as ditas solicitudes, cando para moitos destes parques remata o prazo para os puntos de conexión no próximo mes de xaneiro.

O mesmo acontece no caso dos parques que veñen ligados ao mantemento de industrias galegas que son esenciais, como Alcoa ou *Showa Denko*, a Xunta de Galicia non presentou os preceptivos informes, e cando as compañías asinan as PPAs, a Xunta non ten feito os deberes e éntranlle as presas, tentando poñer novamente o foco no Goberno do Estado.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son as razóns polas que o Goberno galego, durante o último ano e 8 meses, non atendeu os reiterados requirimentos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto Demográfico?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2023 13:04:30

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/01/2023 13:04:45

Martín Seco García na data 17/01/2023 13:04:56





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Noelia Pérez López, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno.**

A colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense fixo posible que o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense sexa xa unha realidade. Un novo espazo chamado a seguir potenciando o prestixio e o desenvolvemento das ensinanzas de FP en Galicia.

Ao final do pasado período de sesións, en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentario Popular, a Consellería Cultura, Educación, FP e Universidade explicou en sede parlamentaria a folla de ruta da entrada en funcionamento deste centro. Así, quedou de manifesto que traballará en proxectos transformadores para a FP de Galicia.

Tamén se puxo en valor que están previstas catro áreas de acción prioritarias: a Innovación aplicada; o Emprendemento industrial; a Comunicación Estratéxica e a Internacionalización; e a Formación de alta especialización.

O Centro Eduardo Barreiros de Ourense está chamado a ser o referente da innovación e do talento da Formación Profesional galega. A súa actividade deu comezo xa, a través de tres proxectos centrados na economía sustentable, a fabricación mecánica e o enoturismo, que se desenvolverán dentro da área de Innovación Aplicada do centro.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:





Que conexións entre o mundo educativo e empresarial poden abrir os proxectos previstos no Centro Galego de Innovación da FP de Ourense?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 18:52:58

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 18:53:16

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 18:53:34

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 18:53:45

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 18:53:53

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 18:54:03

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 18:54:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47404
Data envío: 17/01/2023 18:58:12.665

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 18:54:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a redución orzamentaria da AGADIC e a adecuación do seu proxecto para o ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A non comparecencia na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, durante o recente proceso de tramitación dos Orzamentos da Xunta de Galiza, por parte do Director da AGADIC, privou os grupos parlamentarios da cámara de coñecermos, por unha banda, a avaliación do proxecto desenvolvido ao longo de 2022 e, pola outra, avanzar as propostas deseñadas para o exercicio do 2023.

Da análise da proposta de orzamentos da Xunta para 2023, oficialmente aprobados en pleno o pasado mes de decembro cos votos do Partido Popular, no grupo parlamentario do BNG constatamos que a partida económica da AGADIC se reduce en algo máis de 3,5 millóns de euros.

A memoria descritiva tampouco achega o detalle das claves do proxecto da AGADIC para 2023 que permitan consolidar as estruturas ou ensanchar as posibilidades das industrias culturais galegas con novas liñas de actuación.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Como vai afectar ao proxecto da AGADIC a redución de orzamento para o 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2023 09:22:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2023 09:22:41

Daniel Castro García na data 18/01/2023 09:22:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de dotar ao concello da Estrada dun centro de día.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do IGE de xullo de 2020 o concello de A Estrada tiña unha poboación de 20.061 persoas, das cales 5.637 teñen máis de 65 anos, un 28% do total, das cales 1.143 tiñan máis de 85 anos.

A pesares desta situación na actualidade no concello só hai un pequeno centro de día, situado na praza de abastos, reconvertida nun edificio de usos múltiples. A parte de pequeno, só acolle 20 usuarios, ten deficiencias importantes por mor dos problemas de construción da nova praza.

E máis que evidente que estas 20 prazas non son abondo para dar servizo a un servizo cada vez máis demandado pola poboación. A pesar do evidentemente avellentamento da poboación.

No centro da vila da Estrada está situado o edificio que até o mes de decembro de 2020 albergaba o centro de saúde vello, que se estivo utilizando até o mes de decembro. Estas instalacións teñen as condicións axeitadas para convertelo en centro de día, tanto pola situación céntrica como polas dimensións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O edificio é propiedade do Ministerio de Traballo, que llo tiña cedido ao SERGAS para o fin citado.

O BNG considera que este edificio é idóneo para prestar un servizo público tan necesario para @s nos@s maiores, unha necesidade urxente e amplamente reclamada por parte de moitos veciños e veciñas. Permitiría ademais dinamizar a zona que o rodea desde, un punto de vista comercial e hostaleiro, moi afectada polo traslado do centro de saúde.

O concello da Estrada, tanto polo nivel de poboación como pola súa media de idade, precisa dun centro de día que permita prestar unha atención digna, por esa razón fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai solicitar ao Goberno español a cesión das instalacións do antigo centro de saúde e proceder a posta en marcha neste edificio dun centro de día?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 10:03:21

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 10:03:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Begonte conta con máis de 3.000 habitantes dos cales máis de 300 están censados na parroquia de Baamonde.

A localidade de Begonte conta cun centro de Saúde con 2 médicas/os de familia co correspondente plantel de enfermería. A localidade de Baamonde conta tamén cun consultorio ao que o médico acudía unhas horas determinados días á semana e que dá asistencia á poboación da Vila e tamén a unha serie de parroquias ao redor.

Con motivo da pandemia, este consultorio foi pechado co argumento de non poder establecerse a dobre vía para a circulación de usuarias e usuarios.

A normalidade vai volvendo trala vacinación masiva da poboación, pouco a pouco as medidas preventivas son cada vez máis adaptadas á realidade marcada pola pandemia que cada vez é máis parecida á situación previa, en cambio o consultorio de Baamonde non se reabre.

Entendemos a apertura dos consultorios en xeral como un esforzo de achegar a asistencia sanitaria á poboación para garantir a igualdade, accesibilidade e universalidade da asistencia sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a idade media da poboación neste concello é cada vez máis elevada, contando no 2018 con máis de 1.500 persoas maiores de 60 anos, entendemos que agora serán máis.

Non é pouco o esforzo económico e persoal que as persoas maiores teñen que facer para acudir a Begonte para recibir atención médica alí, é suficiente que teñan que ir ás cuestións relacionadas coa enfermería.

Entendemos que abrir este consultorio é unha cuestión de vontade política, as máis de 3.000 Tis do Concello obrígaos a manter polo menos 2 médicas/os, que teñen a obriga de dispensar asistencia dentro do concello de Begonte, polo tanto non se incrementa o gasto de ningún xeito.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta proceder a restaurar a atención sanitaria no consultorio de Baamonde para devolver a proximidade da asistencia cara a poboación?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 10:45:06

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 10:45:10

María del Carmen Aira Díaz na data 18/01/2023 10:45:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 3.652 persoas entre 2010 e 2020, 307 nese último ano, segundo os datos recollidos na memoria do IMELGA, converténdonos no país de maior taxa de suicidios do Estado, 13% por 100 mil habitantes, fronte ao 7,79 %. Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicidio consumada prodúcese 20 tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 está a agravar a situación, e deixa en evidencia que se antes da COVID os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíuticos, agora son absolutamente insuficientes para atender as secuelas que deixa o virus tamén neste ámbito.

A pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, incerteza, angustia, ansiedade, depresión, medo ante o futuro. É urxente destinar recursos e medios para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica dunha cidadanía sometida ao estrés de perdas emocionais de seres queridos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de perdas económicas e laborais e de perdas sociais, que se veñen a sumar a todos os problemas pre- Covid.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Catro anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento e avaliación da situación...

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas públicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 10:50:34

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 10:50:46

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 10:50:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de prestar de xeito directo pola Xunta de Galiza do Servizo de Transporte Sanitario Terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG ten presentado múltiple iniciativas no Parlamento Galego referidas á situación do servizo de transporte sanitario terrestre, tanto no referido á insuficiencia dos recursos existentes, tanto técnicos como de vehículos e persoal, como ás deficiencias na prestación ou á situación laboral dos/as traballadores/as.

Dentro do sistema sanitario o Servizo de Transporte Sanitario Terrestre de doentes, tanto urxente como programado, ten un papel esencial, e como tal, debería estar perfectamente inserido no mesmo e contar cos recursos e persoal preciso para prestar unha atención sanitaria de calidade, mais esa non é a realidade.

Debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade, mais a realidade vai na dirección contraria, a Xunta de Galiza opta por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación e nas condicións laborais dos/as traballadores/as. Foi deteriorando o servizo, con todas as decisións que foi tomando, de xeito que son habituais as denuncias de irregularidades na prestación do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Na actualidade a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre está privatizado, a través de diferentes concursos. O BNG considera que como servizo esencial non pode estar en mans de empresas privadas, que teñen como obxectivo acadar beneficios, defendemos a necesidade de que o mesmo se realice mediante a prestación directa por parte da Xunta, na xestión, na provisión e na titularidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno galego asumir a súa responsabilidade de prestar unha atención de calidade e iniciar o proceso para prestar o servizo de Transporte Sanitario Terrestre de forma directa na xestión, na provisión e na titularidade?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 10:56:44

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 10:56:47

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 10:56:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos novos anticoagulantes orais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza son miles as persoas tratadas con anticoagulantes orais. Os anticoagulantes orais teñen a función de inhibir a acción da vitamina K, precisa para unha correcta coagulación do sangue. Son empregados co fin de diminuír a posibilidade de que se forme un coágulo, que posteriormente poida desprenderse e chegar por exemplo ao cerebro producindo o chamado ictus, trombose cerebral ou accidente cerebrovascular.

Dentro destes anticoagulantes o máis usado é o coñecido comercialmente como Sintrom (acenocumarol como principio activo). A administración deste fármaco require a monitorización dx doente, non se dan doses fixas de xeito prolongado, senón que hai que individualizala segundo o estado da coagulación en cada momento. Require da realización de análises periódicas, ao principio moi frecuentes e logo de estabilizada a coagulación realízanse cada mes.

O Sintrom, presenta importantes efectos secundarios e non resulta eficaz no 40% dxs doentes tratados. Ademais as persoas tratadas con este fármaco teñen que ter un control estrito tanto da dieta, xa que a modificación da mesma aumenta ou diminúe o aporte de vitamina K, e polo tanto fai preciso o axuste do anticoagulante, como a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

toma de outros fármacos, que interaccionan co Sintrom e poden descontrolar o tratamento.

Na actualidade existen alternativas ao Sintrom, unha nova xeración de anticoagulantes orais, seguros e eficaces, sen maior risco de sangrado, sen interaccións cos alimentos e con moitas menos interaccións medicamentosas, e que ademais evítanlle xs doentes ter que desprazarse cada mes para realizar o control da medicación, toda vez que son administrados en dose fixa e non precisa controis analíticos periódicos.

O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade aprobou a inclusión na financiación pública destes anticoagulantes orais para a prevención do ictus en doentes con fibrilación auricular non valvular e enfermidade tromboembólica venosa.

Son evidentes as vantaxes que presentan estes novos anticoagulantes, e son moitos xs profesionais que defenden que os análises de custo-eficiencia destes fármacos cumpren cos requisitos esixidos para que sexa financiado na sanidade pública. A pesar disto o Sergas non ten xeneralizado a súa prescripción, establecendo limitacións, incluso en doentes con dificultades para manterse en rango. Todo indica que o Sergas ten establecido limitacións na prescripción dos novos anticoagulantes por criterios económicos.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Cal é a razón para que xs profesionais sanitarios non poidan prescribir libremente os coagulantes orais de última xeración, só tendo en conta a información científica independente e o beneficio para x doente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 11:19:00

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 11:19:04

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 11:19:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre ás medidas a tomar para implementar unha estratexia de Saúde Sexual e Reprodutiva.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A saúde sexual e a contracepción impactan no estado de saúde e grao de benestar de mulleres e homes. Os dereitos humanos, recoñecidos pola comunidade internacional, salientan que o desenvolvemento dunha vida sexual e reprodutiva satisfactoria é un dereito básico universal.

Segundo o Atlas da contracepción en Europa, presentado en maio de 2017 polo Foro Parlamentario Europeo sobre Población y Desarrollo (EPF), baseado no acceso a subministrados de anticonceptivos, asesoramento en planificación familiar e información online, existe unha realidade moi desigual en Europa e en concreto unha posición negativa para España xa que se atopa en peor situación que Portugal, Turquía ou Irlanda en acceso a contracepción de última xeración.

Existe unha Lei Orgánica 2/2010 de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo. Dita lei de 2010 especifica entre os seus artigos os obxectivos e accións necesarias no marco de actuación dos poderes públicos, de formación de profesionais, de acceso, de información e sensibilización, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito, a Estratexia Nacional de Saúde Sexual e Reprodutiva aprobada no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en 2010, recolle as recomendacións da Lei 2/2010. Sen embargo, esta estratexia non foi desenvolta.

En abril de 2017 o Senado aprobou por unanimidade de todos os grupos parlamentarios unha Moción para a mellora da saúde sexual e reprodutiva que, entre os seus puntos, sinalou a necesidade de impulsar políticas activas de educación e prevención arredor dos métodos anticonceptivos. Do mesmo xeito, todos os grupos parlamentarios solicitan ao Consello Interterritorial a inclusión dos anticonceptivos de última xeración na carteira de servizos, poñendo de manifesto a necesidade de traballar coas CC.AA., os profesionais da saúde e organizacións sociais.

En abril de 2018, o Congreso dos Deputados aprobou unha PNL relativa á Avaliación da Estratexia Nacional de Saúde Sexual e Reprodutiva, e en base aos resultados obtidos, elaborar unha nova estratexia con obxectivos e accións específicas.

Segundo o estudo sobre o emprego de métodos anticonceptivos realizado pola Sociedade Española de Contracepción (SEC) no ano 2016, cómpre destacar que:

- 24,7% das mulleres en idade fértil non emprega ningún método contraceptivo.
- E respecto á elección do método, o preservativo é o máis empregado (28,4%), a píldora (21,7%) e a vasectomía e ligadura de trompas representa a un 7,8% das mulleres.

En España, prodúcense máis de 93.000 Interrupcións Voluntarias do Embarazo (IVE) ao ano, das cales, o 63% corresponden a mulleres entre os 20 e os 34 anos de idade. Ademais, a porcentaxe anual de IVE de repetición é do 38%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo o estudo HAYA e a enquisa realizada pola SEC en 2016 sobre hábitos anticonceptivos e aborto voluntario, no 69% das mulleres que sufriran unha IVE, o embarazo produciuse a pesar do emprego de algún método anticonceptivo, feito que indica un uso incorrecto ou inconsistente dos métodos anticonceptivos empregados.

En Galicia, na Estratexia do SERGAS de 2014, estableceuse a creación de unidades de atención integral á muller que garantisen o desenvolvemento de programas específicos nese ámbito, entre os que se incluíron a planificación familiar e a educación sexual. Do mesmo xeito, no Plan Integral de Apoio á Muller Embarazada (2012-2014) estableceuse e regulouse a rede de apoio á muller embarazada, que incluíu medidas concretas só de apoio á maternidade, sen que houbera mención á contracepción.

Posteriormente, o Plan Galego de Política Familiar (2015-2020) contempla o desenvolvemento de programas formativos, de sensibilización e formación sobre aspectos vinculados coa sexualidade e dirixidos a familias, mozas e profesionais. Sen embargo, non existen programas institucionais de educación afectivo-sexual nos colexios e institutos, e só se producen iniciativas illadas que dependen da boa vontade dalgúns centros e dos seus profesionais, sen contar co consenso necesario de todos os implicados, tal e como require un tema tan importante en saúde.

Neste senso, é preciso implementar un programa homoxéneo para toda Galiza e os seus centros educativos que teña a suficiente garantía de calidade, así como reforzar a rede de centros de orientación afectivo-sexual.

Igualmente son fundamentais as campañas sobre prevención e contracepción por parte das administracións públicas que sexan coherentes coa realidade galega e baseadas nas recomendacións dos organismos internacionais, xa que a información que chegue á poboación é esencial para eliminar falsos mitos e posibilitar un cambio de cara á responsabilidade e prevención de embarazos non desexados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen embargo, en Galiza a última campaña de difusión realizouse en 2010 a través de folletos informativos sobre métodos contraceptivos.

En Galiza existe unha Guía Técnica do Proceso de Contracepción do 2008 na que se desenvolve un protocolo de contracepción dirixido a profesionais. Do mesmo xeito, dispón dun Protocolo de Actuación en Anticoncepción de Emerxencia de 2010.

Sen embargo, non existe unha oferta informativa en anticoncepción para os profesionais implicados por parte da Consellería de Sanidade. O feito de que as políticas estean centradas unicamente no fomento da maternidade, sen a compoñente de prevención dos embarazos non desexados, ten un efecto directo nos obxectivos marcados para a formación dos profesionais.

É precisa unha formación actualizada, multiprofesional, centrándose no Consello Contraceptivo, implicando ás/os usuarias/os na decisión da elección do método máis axeitado, tendo en conta os novos criterios de elixibilidade da OMS, e incluíndo no consello a gran variedade de métodos existentes e especialmente os métodos anticonceptivos reversibles de longa duración (LARC), tal e como recomendan a maioría de sociedades científicas nacionais e internacionais.

Galiza conta con 9 Centros de Orientación Familiar (COF) nos que se proporciona a atención en anticoncepción, pero a cobertura asistencial é insuficiente e a dotación é ademais moi irregular.

O consello asistido realízase por xinecólogos de hospital, médicos de familia, matronas, enfermeiras e traballadores sociais. Sen embargo, se se considera que as interrupcións voluntarias do embarazo (IVE) son o fracaso da adecuada anticoncepción, é preciso destacar que a taxa anual de IVE por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos en Galicia durante o ano 2016, segundo datos do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e Igualdade, foi do 6,57, traducíndose nun total de IVE practicados de 3.140, dos cales un 31% foron IVE de repetición (958). Aínda que a taxa de IVE en Galiza é das máis baixas de España, a taxa de IVE de repetición é moi alta, o cal incide na necesidade de potenciar o emprego dos métodos anticonceptivos de longa duración (LARC).

Sería necesario valorar a condición de dispensación dos métodos de contracepción actualmente dispoñibles e financiados polo SNS, xa que é moi dispar en función dos distintos centros sanitarios, así como eliminar as barreiras de accesibilidade das usuarias aos métodos anticonceptivos e especialmente aos que demostraron ser máis efectivos porque non dependen do uso que se fai deles, como os LARC.

Hai un gran número de estudos publicados na literatura como o estudo Choice, Guías de Práctica Clínica ou estudos realizados por organismos internacionais como a OMS ou por sociedades científicas que recomentan un maior emprego dos métodos LARC como medida para reducir os embarazos non desexados e, polo tanto, o número de IVE e especialmente os IVE de repetición.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza realizar algunha actuación para incluír os anticonceptivos de última xeración na Carteira de Servizos do sistema público de saúde?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:09:40

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 12:09:46

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:09:59



Á Mesa do Parlamento

Martin Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 6 de xullo de 2020 os representantes dos traballadores técnicos forestais do SPIF realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga para pedir a actualización do acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Esta enquisa telemática a todo o colectivo, estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo de 2020 ás 10:00 horas, nela a participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga. Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Posteriormente, os sindicatos denunciaron que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería do Medio Rural aplicou descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestaban servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denunciaron que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, nun claro acto de mala fe, coaccionar o persoal aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga.

Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando nela o cese inmediato desta actuación e a reposición íntegra das cantidades retidas de xeito ilegal. Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc ...



Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha iniciativa co fin de desbloquear a negociación e pedímoslle á Consellería do Medio Rural que deixase de ter comportamentos que vulneran o dereito á folga das persoas traballadoras técnicos do SPIF e que avalíase e corrixisse os criterios aplicados para os descontos excesivos en nómina do cadro de persoal que participa na dita folga. Esta iniciativa tivo en contra o voto do Partido Popular.

O Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela acaba de estimar o recurso contencioso administrativo contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, do 27 de agosto de 2020, na que inventa uns criterios de descontos salariais que aplicou nas nóminas de agosto e setembro de 2020 ao persoal técnico de incendios. Especificamente, declara a “NON conformidade a dereito” da resolución e o dereito das persoas afectadas a percibir o 100 % das súas retribucións mensuais no tempo que prestaron servizos mínimos. A maiores, a sentenza imponse costas á Xunta de Galicia.

A Consellería do Medio Rural tentou por varios medios reprimir a folga atentando contra este dereito fundamental: contratando a persoal de empresas externas (Seaga) para a realización de tarefas habituais non decretadas nos servizos mínimos, presionou individualmente ao persoal facendo que declarase se apoiaba a folga convocada e finalmente exerceu descontos salariais sobre o persoal que estaba a cumprir os servizos mínimos. Estes descontos realizáronse ademais cunha celeridade pouco habitual, tocando o salario ao persoal antes de rematar o mes de agosto de 2020, cando a folga aínda estaba en marcha.

A situación foi inaudita xa que é a primeira vez que se aplicaron descontos salariais a un persoal que traballou en servizos mínimos, xustificando a dita actuación, vinculando a rebaixa salarial ao número de incendios que tiveron en cada centro de coordinación (a menor número de lumes, maior desconto) aínda que o 100 % deles foron atendidos con normalidade.

O xulgado non entra a valorar a xustificación da Consellaría e deixa claro que con independencia de que non se desempeñaran todas as funcións que lle corresponde ao persoal técnico, esa dispoñibilidade outórgalles o dereito a percibir o salario sen dedución proporcional ás funcións desenvolvidas ou á taxa de incendios. Queda tamén claro que na aplicación dos descontos salariais vulnerouse o establecido nos artigos 30.2 e 14 d) do EBEP, sendo non conforme a dereito e tendo por único obxectivo real a desmobilización do seguimento da folga legalmente convocada nese momento.

Aínda que a sentenza pode ser apelada pola Consellería do Medio Rural ante o TSXG, entendemos que o fallo é moi claro e debería acatar e abonar os descontos que se lle fixeron aos técnicos do servizo. Non hai que esquecer que esta decisión



foi tomada pola actual conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, que naquel momento era secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira nada máis e nada menos que de Emprego e Igualdade, polo que debería de asumir responsabilidades ao quedar inhabilitada para tal función unha responsable pública que non respecta o dereito á folga dos traballadores que ten ao seu cargo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Que pensa facer a Consellería do Medio Rural ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, abonando as contías descontadas ao persoal técnico do SPIF pola folga de agosto do 2020?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/01/2023 18:28:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2023 18:28:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non por reiteradamente coñecidas e denunciadas publicamente por parte da sociedade galega e rexistradas polo grupo parlamentario do BNG nesta cámara, se percibe a resolución por parte da Xunta das severas deficiencias que afectan de forma estrutural a sanidade pública galega e nomeadamente a atención primaria.

A desatención cidadá pola redución progresiva do persoal sanitario e administrativo, a descuberta de prazas de atención médica, pediátrica, matronas e enfermaría en períodos de baixas médicas ou vacacionais e a diminución da carteira de servizos asistenciais fan parte do proceso de desmantelamento da sanidade pública galega trazado polo PP desde a Xunta ao longo dos últimos 13 anos e que agora está a amosar a súa cara máis dura.

Todas estas eivas son compartidas nos centros de saúde do concello de Oleiros, un concello que suma unha poboación de 40.000 habitantes, en medre continuado, nomeadamente de poboación infantil, e cunha repunta importante en períodos estivais como o que agora comeza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un volume poboacional que obriga a pechar cupos (como no caso de pediatria) ou sobrepasar os cupos recomendados de paciente por médico ou médica, coas conseguíntes consecuencias para uns e outros (nalgúns casos estamos a falar de case 1.700 por facultativo).

A maiores dos problemas mencionados, tamén comúns a outros centros de saúde deste concello, o PAC de Santa Cruz presenta importantes problemas de espazo.

Isto fai que a matrona teña que dar as clases de preparación ao parto na propia sala de agarda, o mesmo espazo onde moitas veces tamén se teñen que ubicar os reforzos de médicos que veñen a atender pola mañá un cupo que é de tarde, pero que para a tarde non atopan substituto.

Outro exemplo desta falta de espazo afecta ao traballo dos dous profesionais MIR que acaban de comezar; malia estaren de momento nas consultas dos titores, dentro dun tempo necesitarán o seu propio espazo, o máis próximo posíbel ao do titor, algo imposíbel por inexistente xa neste centro de saúde.

Finalmente, outra deficiencia moi importante afecta á case nula ventilación do PAC.

A sala de agarda de urxencias deste PAC apenas conta cunha única ventá vertical, cun ángulo de apertura moi estreito, impedindo a correcta ventilación, o que obriga a facer agardar pacientes e acompañantes no exterior do centro sanitario a poder ser atendidos.

Unha situación que se agravou até o límite ao longo destes dous anos de pandemia por covid.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que actuación prevé a Xunta para resolver as deficiencias do PAC de Santa Cruz (Oleiros) denunciadas polo persoal traballador e pola veciñanza?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2023 12:59:37

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 12:59:41

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 12:59:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á recuperación da ambulancia de apoio a Lalín e a dotación dunha ambulancia medicalizada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo volveu acontecer, unha persoa faleceu no concello de Lalín, sen que a ambulancia solicitada para atendelo chegara a tempo, xa que segundo a información publicada nos medios de comunicación demorouse cincuenta minutos en chegar ao domicilio.

A atención ás urxencias extrahospitalarias é un servizo vital. A dotación de vehículos, de persoal e o tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal, como aconteceu con este veciño de Lalín.

A comarca do Deza é moi deficitaria en Transporte Sanitario Urxente. Só conta con dous vehículos de Soporte Vital Básico (SVB), un localizado en Silleda que da servizo a ese Concello e a Vila de Cruces e outro localizado en Lalín, cun de apoio, que dan servizo a Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón.

A ambulancia de Lalín atende emerxencias nunha área duns 580 Km² onde reside unha poboación dispersa duns 26.000 habitantes. Ademais das grandes distancias existentes dentro da grande área que cubre, na que os desprazamentos dentro da mesma poden chegar a 50 minutos, hai que sumarlle o tempo de chegada ao CHUS, que é o hospital de referencia. Desde Agolada ou Rodeiro poden superar eses tempos de 50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

minutos. Outro factor a ter en conta é que so existe un PAC nesa área que é o PAC de Lalín , o que provoca que se hai que recoller sanitarios no mesmo para unha emerxencia haxa que percorrer maiores distancias.

Todas estas circunstancias están provocando de xeito reiterado unha sobrecarga do servizo, que está levantando moita preocupación na cidadanía de Lalín.

Nos últimos anos son varios os casos nos que a demora da asistencia por parte do servizo de ambulancia ten levantado protestas veciñais.

Diante desta situación a alarma, o malestar e a preocupación polo deficiente servizo de transporte sanitario urxente non fixo máis que aumentar entre @s veciñ@s. Por esta razón o BNG ven reclamando a dotación dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA). Unha reclamación realizada en todos os ámbitos iniciativas institucionais tanto no concello e Lalín como no Parlamento Galego, onde o PP ten votado sempre en contra; emendas ano tras anos nos orzamentos da Xunta, inclusión nos nosos programas electorais. Unha petición que ten o aval da veciñanza que ten apoiado con 7.5000 sinaturas a petición do BNG.

Unha petición que consideramos máis que xustificada, xa que a atención ás urxencias extrahospitalarias é un servizo vital, que diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

É evidente que para prestar unha asistencia sanitaria de calidade, que non comprometa a saúde e a vida da veciñanza, son precisos recursos. Lalín e a comarca do Deza precisan dunha ambulancia medicalizada, feito este negado sistematicamente polo PP.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que máis ten que acontecer para que a Xunta dote á Lalín dunha ambulancia de SVA (Soporte Vital Avanzado) e aumente a dotación das SVB?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 13:07:34

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 13:07:40

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 13:07:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre proxectos eólicos de Aldesa e a súa monetarización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa **ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA** recibiu a adxudicación de 98 MW no concurso eólico de 2010 (DOG do 28 de xaneiro de 2010). A empresa presentou na súa oferta un plan industrial, mais solicitou a substitución pola monetarización na cantidade de 7.343.217 euros.

Esta empresa está a tramitar proxectos de parques eólicos derivados da adxudicación do ano 2010, como é o caso dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo. No caso de Mesada, conta con declaración de impacto ambiental favorábel.

Resulta de esencial transcendencia coñecer as actuacións da Xunta en relación coa monetarización do plan industrial presentado no seu día pola empresa, independentemente do debate sobre a viabilidade dos mesmos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo a Xunta en relación coa monetarización do plan industrial presentado pola empresa Aldesa no concurso eólico de 2010?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Ramón Fernández Alfonzo
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 13:27:14

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2023 13:27:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2023 13:27:26



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Vimos de pechar un ano de enormes dificultades económicas e sociais para as familias galegas que viron como, sen apenas ter superados os efectos da pandemia derivada da Covid, lles azoutaba a actual crise de prezos co conseguinte encarecemento da vida.

As contas da nosa Comunidade Autónoma e no que atinxe á Consellería de Educación son a ferramenta para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade e máis agora neste contexto de incerteza internacional que afecta directamente ás familias. Sabemos ademais que as nenas e os nenos e mozas e mozos xunto ás mulleres galegas son o sector máis vulnerable neste momento fronte a pobreza. Así queda constatado no último informe sobre o Estado da pobreza na comunidade, elaborado pola Rede Galega contra a Pobreza e son datos correspondentes a 2021. A radiografía nos achega unha situación preocupante e iso que aínda non se cuantificaron as consecuencias da suba de prezos que deriva inevitablemente en máis precariedade nas economías das familias. Toda esta problemática, a Covid primeiro e a crise actual teñen un impacto demostrado tamén no benestar e no estado anímico das e dos alumnos. Desenvolver todas as ferramentas posibles que están na man da Consellería de Educación para que ningún rapaz ou rapaza queden atrás debería de ter sido e ser máis que nunca unha obriga, pero o grado de execución das contas correspondentes ao terceiro trimestre en partidas como a 423B para a prevención do abandono escolar amosan un desleixo inxustificable xa que non chega sequera ao 40 %. En concreto, unicamente executaron o 39,6 %.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A que se debe a baixa execución da partida 423 B?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:43:01
Nº Rexistro: 47457
Data envío: 18/01/2023 13:43:01.938

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 13:41:44

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 13:41:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-f6GRqZHOa-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Noelia Otero Lago, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A pandemia da covid-19 asolou as vidas da cidadanía e unha vez máis as entidades locais mostraron ser a administración máis próxima á cidadanía atendendo ás necesidades máis inmediatas e reais das veciñas e veciños.

Os concellos mostraron novamente a importancia do municipalismo para garantir os dereitos básicos e fundamentais da veciñanza. As nenas e nenos tiveron que se adaptar a unha situación que os limitou enormemente no seu día a día e sobre todo na súa maneira de se relacionaren. A nova normativa aplicada ao desenvolvemento do curso escolar incorporou novas rutinas como o uso de máscara durante todo o tempo lectivo, a constante hixienización de mans e espazos, a preferencia de uso de espazos ben ventilados, a obriga de gardar distancias interpersoais e a constitución de grupos burbulla que limitan o número de persoas coas que se poden relacionar.

Todas estas restricións véñense prolongando no tempo e posiblemente continúen unha boa tempada. Preservar a saúde física das familias garantindo condicións seguras nos centros de ensino, sen dúbida, é importante, así como tamén o é dar aos nenos e nenas espazos abertos onde poder moverse e exercitarse nun momento en que se está a comprobar que a situación de pandemia está a causar uns hábitos de vida máis sedentarios.

Os nenos e nenas usuarios das instalacións do Areal, no CEIP Nicolás del Río do concello de Cedeira dispoñen dun patio que sería o lugar ideal para desenvolver nel as aulas de Educación Física, os recreos, festividades marcadas no calendario escolar e calquera outra actividade de recomendable realización en exterior. Este espazo está sendo na actualidade infrautilizado, pois non está cuberto e dada a climatoloxía predominante ao longo do curso escolar neste concello, son poucos os días nos que se lle pode dar uso.

Os patios de xogo nos centros de ensino son tamén zonas coeducativas e participativas, onde as nenas e nenos deben socializar en igualdade de condicións e dispoñendo de espazos adecuados. É preciso comezar a mudar as distribucións tradicionais dos patios, onde as pistas deportivas ocupaban a maior parte da zona



exterior do centro, e construír outros modelos onde os espazos sexan totalmente accesibles e se repartan coa fin de que o alumando utilice as instalacións de xeito igualitario e onde se garanta a participación no xogo de todos e todas.

O pleno do concello de Cedeira considera que todos os nenos e nenas de Cedeira, que pasan nos dous últimos cursos da Educación Primaria polas instalacións do Areal deberían ter a oportunidade de ter un lugar exterior, mais cuberto, para a súa actividade física e de lecer, que sen dúbida redundará na súa saúde mental, por todo isto aprobaron unha moción para solicitar o dito acondicionamento.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Para cando ten previsto o Goberno galego realizar as obras solicitadas polo concello de Cedeira neste centro educativo

Parlamento de Galicia, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:22:05

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 13:22:22



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

En Galicia o sector lácteo suma máis de 7.000 explotacións, que producen cada ano 2,8 millóns de toneladas de leite, o sector xera máis de 20.000 empregos e aporta o 1,5 % do PIB galego. Cifras que fan que Galicia sexa a rexión máis produtora de España e se atope entre as dez primeiras de Europa.

A comarca de Ordes, cos concellos de Arzúa, Frades, Mesía e Tordoia, entre outros, achegaron no 2020 algo máis de 283 millóns de litros a este sector, e polo tanto, é indubidable a importancia das explotacións de leite para o concello de Tordoia.

No censo do INE de 2009 Tordoia constaba con 376 explotacións de bovino e das cales só 63 teñen máis de 20 Ha, un tamaño mínimo para a súa viabilidade económica a non ser que a súa actividade sexa a produción de horta, viñedo ou gandaría intensiva.

As concentracións parcelarias de Viladabade e Gorgullos datan de finais dos anos 60 é foi esencial para o desenvolvemento da actividade gandeira e que esta sexa unha das maiores fontes de riqueza do concello, pero a día de hoxe pasados máis de 50 anos, as pistas das ditas concentracións están en moi mal estado, sen o mantemento necesario por parte do concello e polo desleixo da Xunta de Galicia para apoiar ao concello na súa capacidade económica para ter os ditos viarios de comunicación entre fincas e de acceso para a maquinaria agraria en correcto estado.

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Tordoia pediu en numerosas ocasións o seu amaño e visto o pouco éxito da dita petición, o noso grupo parlamentario introduciu emendas aso orzamentos de 2022 para que a Xunta financie a adecuación das ditas pistas co mesmo éxito que as peticións do Grupo Municipal.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:



Vai levar a cabo algunha actuación para arranxar o mal estado das pistas de concentración parcelaria no concello de Tordoia?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:23:02

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:23:16

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 13:23:29



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo ao borde do mar que discorre dende Malpica ata Fisterra, pasando por todos os faros ao longo dos 200 km nos que atravesa ata 9 concellos das comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte. Nesta ruta, os sendeiristas poden desfrutar de moitas paisaxes diferentes, sempre mirando cara ao mar e cara ao oeste, descubriendo praias, dunas, acantilados, estuarios con gran cantidade de aves, mares de granito, portos pesqueiros, miradoiros, ríos, aldeas, postas de sol e restos arqueolóxicos.

Esta ruta, que está composta de 8 etapas, cunha media de 9 horas por etapa, foi descuberta por catro amigos practicantes de sendeirismo que decidiron limpala e poñela a punto, para que preto duns 15.000 a 20.000 visitantes ao ano desfruten do seu percorrido.

Dende o ano 2012 e pese a non contar co recoñecemento oficial para ser obxecto de promoción por parte das administracións, logrou consolidarse en toda Europa, onde é comercializada por axencias de Inglaterra e Alemaña e aparece en máis de 50 folletos de *touropedores*, esta ruta foi de interese para revistas tan prestixiosas como Forbes ou o Washington Post, que lle dedicou unha portada, o que fala do éxito acadado pola Asociación sen case recursos, máis que o cariño pola súa afección e a posta en valor do patrimonio da súa terra.

Pese ao *Premio Galicia de Turismo Sostible* outorgado polo Clúster de Turismo de Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia, dende a Administración galega foron incapaces de axudar e facilitarlle á Asociación Camiño dos Faros un futuro para a dita ruta.

O Camiño dos Faros, necesita a homologación como Ruta de Gran Recorrido GR para o seu funcionamento, sen homologación non pode existir xestión, nin protocolo de limpeza, nin sinalización, nin seguridade, nin control medioambiental, debe existir un único sendeiro ben sinalizado para protexer o entorno e poñer en valor a Rede Natura.



A Asociación conta co apoio decidido dos 9 concellos polos que transcorre a ruta e axuda no mantemento e limpeza do camiño e foi apoiada pola Deputación da Coruña para financiar o proxecto para a súa homologación, pero atópase nun camiño sen saída por non chegar a dito fin. En maio de 2016 a Xunta de Galicia solicitoulle á Asociación Camiño dos Faros un estudo de impacto ambiental para poder avanzar na homologación, e dende a Asociación contrataron o dito informe a unha empresa, despois de 3 anos de traballo, foi presentado en maio de 2019 e dende aquela, pese a que a lei esixe a contestación en 3 meses, levaban máis de 17 meses esperando a que a Consellería de Medio Ambiente emita informe ao respecto.

A sensación é que a Xunta de Galicia non facilita a consecución da dita homologación, esencial para o futuro da ruta e hai poucas datas que recibimos a noticia de que a Asociación Camiño dos Faros se desvinculaba da figura de promotor e desistía da homologación, despois dos atrancos atopados.

A veciñanza de Bergantiños e a Costa da Morte, e os concellos que percorre a dita ruta, saben da importancia da ruta e da necesidade de potenciala como un destino turístico e, polo tanto, como unha boa fonte de ingresos para os cidadáns dunha zona abandonada polo Goberno galego.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cales son as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que este proxecto desapareza ou perda o seu valor orixinal?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:24:42

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:24:57



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O proceso de modernización da agricultura e gandaría en todos os países do noso entorno levou consigo un descenso no número de explotacións sobre todo nas de menor tamaño e a un incremento das terras nas que permanecían activas grazas a incorporar as que deixaban as explotacións que abandonaban. Esta transferencia de terras realizouse grazas a diversas medidas de política agraria e por medio do apoio aos arrendamentos, deste modo mantívose a superficie total das terras agrarias ou, en todo caso, houbo só unha lixeira redución, que permitiu aumentar de xeito importante a superficie das explotacións e mellorar a súa viabilidade económica.

Polo contrario en Galicia non houbo esa transferencia de terras entre explotacións tendo como resultado un abandono e infrautilización de antigas terras agrarias á que se engadiu tamén a partir dos anos noventa a forestación de parte destas terras agrarias. Así, chegamos á situación actual que podemos caracterizar por unha limitada dimensión das terras agrarias, que ocupan pouco máis do 20 % da superficie galega, un nivel moi por debaixo da súa capacidade produtiva e do que tiñan na agricultura tradicional, e na comparación dos valores que acadan en España (40 %) ou Francia (58 %) ou en Asturias e Cantabria, ambas por riba do 40 %, a pesar de ter unha topografía máis desfavorable e a baixa superficie da maior parte das explotacións, tan só un 11 % delas teñen máis de 20 hectáreas un tamaño mínimo para a súa viabilidade económica a non ser que a súa actividade sexa a produción de horta, viñado ou gandaría intensiva.

A situación actual da nosa agricultura, que se pode sintetizar na súa capacidade para cubrir a taxa de auto-abastecemento nos produtos agroalimentarios, que só chega a un 90 % das nosas necesidades pola falta de desenvolvemento das producións de horta, froitas e dos cultivos, limitados en boa medida por esta falta de terras agrarias e o elevado volume de terras abandonadas que aumenta a súa vulnerabilidade aos incendios.



Os sucesivos gobernos do PP na Xunta de Galicia teñen unha responsabilidade directa no agravamento deste proceso, derivado dos sucesivos retrasos na normativa de ordenación territorial, cunhas directrices aínda aprobadas en 2011 e tamén con varias leis do solo que se foron aprobando sen ter esta normativa marco de ordenación que afectaron tamén á falta de protección das terras agrarias con respecto a usos urbanísticos desordenados e pola ausencia de iniciativas sobre a mellora da estrutura das terras agrarias, cunha lei sen desenvolver no 2015, a Metega, e cunha lei anterior de concentración parcelaria en 1985 que era na práctica unha mera transposición da lei estatal anterior. Responsables polo bloqueo ao desenvolvemento das leis que no seu momento fixeran o Goberno autonómico baixo a Presidencia de González Laxe, como a Lei e montes veciñais en man común e a Lei do banco de Terras de Pérez Touriño e por ter rexeitado as proposicións de lei presentadas polo Grupo Socialista na primeira lexislatura de Fraga sobre o banco de terras e da ordenación e concentración das terras agrarias, propostas nas que o PPdeG non aceptou ningún tipo de ordenación dos usos das terras que agora parece disposto a facer e responsabilidade polos retrasos e falta de prioridades nos traballos de concentración parcelaria.

Só temos unhas 450 mil hectáreas con concentración parcelaria, que vén sendo un terzo da que debería estar feita, o ritmo dos traballos é baixo cunhas 5.800 has por ano, que está por debaixo do que se acadaba no comezo destes traballos, dende o ano 1960 ata o 1990.

Xa hai máis de cinco anos da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metega). Esta lei tiña o obxectivo de simplificar e axilizar o procedemento de agrupamento de terras ata entón regulado pola Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia e as súas modificacións e antes de avaliar o funcionamento da norma nestes cinco anos, convén ter en conta que a Metega, ademais de axilizar o procedemento, pretendía ir mais aló implicando ás explotacións na reestruturación parcelaria, compatibilizándoo co plan urbanístico e integrándoo desde o punto de vista ambiental e paisaxístico. Na actualidade, ao igual que hai 60 anos, o principal obstáculo para a súa integración con outros proxectos é a frecuente dilatación no tempo do procedemento que, xunto co seu custo, é o talón de Aquiles da reestruturación parcelaria. Deste xeito, cobra importancia como principal, o obxectivo da Metega de reducir os tempos das actuacións destinadas á reestruturación, dado que unha redución do tempo tamén implica unha redución do custo, non só de execución senón tamén do custo de oportunidade das explotacións. No ano 2017, o Goberno galego iniciou un regulamento para a dita lei, que quedou esquecido e non se desenvolveu, algo que debería de explicar a consellería do medio rural.



Para avaliar os cinco anos de aplicación da Metega e a súa contribución á diminución do tempo de execución das concentracións, cabe sinalar que para obter a mellora nos tempos que ofrece a lei, debe ir coordinada cos investimentos no momento pertinente, xa que un dos motivos frecuentes de extensión no tempo é o atraso nas obras por motivos orzamentarios. Aínda que non se dispón de exemplos de zonas de reestruturación parcelaria realizadas aplicando de principio a fin a Metega, debido, fundamentalmente, á falta de novos decretos neste cinco anos, si existen zonas que se desenvolveron na case totalidade do procedemento. Pero en casos como o da parroquia de Benza (Trazo-A Coruña) na que se fixeron os traballos correspondentes á investigación da propiedade e clasificación de terras no ano 2017, que se colocaron os marcos que delimitan as novas fincas e está prevista a toma de posesión dos novos predios para o ano 2021, indica que o éxito está ligado ao esforzo investidor da Administración, é dicir cando hai investimento o balance da aplicación da Metega resulta positivo nas reducións dos tempos e nos resultados da reordenación da base territorial das explotacións.

Aínda que existan outras fórmulas para recuperar terra agraria e outras que virán coa nova Lei de recuperación de terra, as zonas agrarias produtivas de Galicia seguen necesitando incrementar a base territorial das explotacións para garantir a súa rendibilidade, nestas zonas non existe máis abandono que o das parcelas que polas súas características non son rendibles coas técnicas actuais de cultivo, para estas zonas a reestruturación parcelaria segue a ser a ferramenta que, ademais de reunir a súa propiedade en fincas de maior tamaño, permite ás explotacións comprar ou arrendar fincas dun tamaño suficiente que faga viable o cultivo.

Nas zonas gandeiras de Galicia, as concentracións parcelarias rematadas, rexistran maior mobilidade de terras que as non concentradas ao aumentar a oferta de fincas de máis extensión e, consecuentemente, máis rendibles. Sería moi necesario rematar as zonas de concentración pendentes e, polo menos, decretar unha nova zona por cada unha que se peche.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cantas concentracións parcelarias ten pendentes de rematar a consellería do Medio Rural a día de hoxe?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Martín Seco García na data 18/01/2023 13:25:43

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:25:57



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A moción de censura do PP ao Goberno do PSdeG-PSOE en Malpica supón unha volta ao pasado, cun pacto da vergoña entre dúas persoas, Eduardo Parga e Alfredo Cañizo, que protagonizaron pelexas, leas nos tribunais e sentenzas no mandato anterior que remataron co segundo condenado por ameazar ao primeiro, semella que agora esquecen todo para converterse en amigos de conveniencia por intereses ocultos e opacos que non explican, pero que paralizan o traballo en curso do Goberno socialista e que traerán de novo a Malpica as liortas e as peores prácticas políticas que comezan por levar á alcaldía a quen non quixo a cidadanía que gobernase despois das eleccións de 2019 e que será xulgado por paralizar o traballo do goberno socialista no 2023.

O PP agora no Goberno local anuncia sen ningún tipo de rubor que retomará as relacións coa Xunta de Galicia, unhas relacións que nunca estiveron rotas, simplemente desatendidas por culpa dun Goberno autonómico que ante as solicitudes do alcalde Walter Pardo, fixo oídos xordos porque o Goberno da Xunta de Galicia entende que a cidadanía dos concellos non é libre para escoller e votar ao partido político e equipo de goberno que cre que mellor os vai representar e xestionar, respondendo ás necesidades da cidadanía segundo o color de quen governe os concellos, unha falla absoluta de respecto pola democracia e os galegos e galegas.

A Xunta de Galicia non fixo en dous anos nin unha soa proposta en positivo para a veciñanza de Malpica pese ás múltiples solicitudes do Goberno socialista que están reflectidas nos medios de comunicación e nas emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista aos orzamentos de 2021, como as xestións con Portos de Galicia para mellorar os servizos e a seguridade portuaria do municipio, as demandas á Xunta para mellorar a seguridade nos centros públicos ou os avances con Augas de Galicia na rede de saneamento.

As condicións de acceso á dársena do porto de Malpica son de moito perigo aínda despois da instalación de comportas que xeran unhas correntes que complican a circulación das embarcacións, con múltiples accidentes e danos na dársena, nas embarcacións e nos mariñeiros. A pesar dos continuos anuncios da



Xunta de Galicia sobre as melloras na dársena seguimos a esperar polas ditas actuacións. Nesa mesma liña dende o concello pediron dende hai tempo a ampliación do dique de abrigo do Porto e unha actuación esencial para a seguridade do porto como é o apuntalamiento do tramo da dársena para o acceso de camións que asegure un tráfico pesado que pode traer algunha desgraza polo seu estado actual.

Por outra banda, hai tempo que o concello pide insistentemente a reparación da grúa do Porto de Barizo e o arranxo da rampla de acceso ao dito porto, para dar seguridade ás embarcacións presentes neste porto.

Todas estas actuacións foron solicitadas polo Goberno socialista no concello de Malpica e polo Grupo Parlamentario nas emendas presentadas ao orzamento de 2021 da Xunta de Galicia, sendo rexeitadas polo Partido Popular.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego desenvolver as obras necesarias de seguridade na dársena do Porto de Malpica e no Porto de Barizo tal e como presentou o PSdeG-PSOE nas emendas aos orzamentos de 2021 da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:26:48

Patricia Otero Rodríguez na data 18/01/2023 13:27:02

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2023 13:27:16



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai uns meses que o Partido Popular aprobaba en solitario o novo Plan forestal, un documento co que fomos moi críticos, un plan que se facía sen diagnóstico e sen este diagnóstico se elaboraba un suposto modelo do monte que non sabiamos de onde saía e cara onde quería ir, un plan que non estaba debatido co sector e que non pasara por un proceso de participación.

O Goberno galego planificaba un aumento da superficie de eucalipto nun 3 % con respecto á superficie actual para o primeiro quinquenio do plan, para verse reducida nun 5 % no cuarto quinquenio de desenvolvemento do dito plan, cunha superficie de eucalipto actual que non quedaba establecida nin tan sequera estimada no plan aprobado.

Pouco despois de presentar o Plan forestal, o conselleiro do Medio Rural anunciou unha suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto, alí onde non se plantara a dita especie ata o momento da suspensión, esta decisión que contradecía o establecido no plan que acababan de presentar e que non tivo ningunha explicación nin técnica nin económica.

A mensaxe do presidente da Xunta no anuncio da moratoria dicía: “anunciamos a suspensión temporal das plantacións de eucalipto en Galicia, unha decisión pensada, meditada e contrastada co sector, unha decisión que adoptamos con distintas variables e distintas previsións”. Non sabemos a día de hoxe se o que foi consensuado co sector foi o Plan forestal ou a moratoria, xa que ambas decisións contraditorias entre si dixeron dende o Goberno que foran consensuadas. O anuncio do presidente, foi claro e nítido, díxolle aos propietarios forestais que aqueles que tiveran plantado eucalipto ían poder seguir plantando eucalipto e o que non o tivera quedábase sen alternativa.

Dende este anuncio de sálvese quen poida transmitido polo propio presidente da Xunta sen data de inicio tivo a reacción lóxica, todo un éxito o efecto chamada, só había que saír a darse unha volta polo monte, visitar un viveiro ou falar cun madeireiro, para saber que o anuncio en diferido fixo que nun mes estivesen esgotadas as existencias de eucalipto nos viveiros e que os madeireiros fosen



incapaces de cortar todo o piñeiro que lles ofertaban os propietarios coa única condición de cortalo no menor prazo posible e, consecuentemente, cunha importante depreciación.

As empresas de reforestación estiveron desbordadas, traballaron día e noite e non foron capaces de atender a demanda de solicitudes dos propietarios para plantar, ademais de ter problemas para conseguir planta nos viveiros galegos, tiveron que acudir, ir e traelos doutras rexións sen as garantías axeitadas.

Segundo se desprende dos medios de comunicación a Xunta debeu recibir, recentemente, moitas denuncias por presuntas infraccións cometidas en materia forestal que teñen que ver coa plantación indiscriminada ou irregular de especies non legais no territorio, curtas ou cambios de cultivo en parcelas que infrinxiron a normativa forestal algo que denuncia a propia organización ecoloxista Adegas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Con que datos conta o Goberno galego sobre infraccións da normativa forestal nos últimos tres anos?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:28:06

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:28:21





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a situación do centro de saúde de Vedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A sanidade pública galega está a atravesar unha fonda crise sanitaria, especialmente notoria na Atención Primaria, con consecuencias para profesionais mais tamén para doentes.

A falta de previsión e planificación, unida a uns orzamentos para Atención Primaria que reiteradamente se manteñen nuns niveis paupérrimos, rematou por conducir ao panorama que temos que a día de hoxe, cunha gran falta de profesionais por todo o País, coa degradación que isto supón na calidade asistencial e tamén nas condicións laborais do persoal da sanidade pública.

Mais esta falta de preocupación e investimento na Atención Primaria tamén repercute nas infraestruturas e medios materiais. Así vemos por toda a Galiza centros de saúde e PAC que se manteñen con recursos escasos ou en mal estado, como sucede no caso do centro de saúde de Vedra. O edificio que o alberga presenta numerosas deficiencias técnicas, como humidades e filtracións de auga, unha instalación eléctrica obsoleta e deficitaria, problemas de accesibilidade e incluso se teñen chegado a producir desprendementos da fachada do edificio. Ademais, este centro de saúde non conta con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazo suficiente para prestar a asistencia sanitaria que require a poboación de Vedra, coma unha sala para a educación maternal ou unha consulta para a atención a urxencias.

Este deterioro prodúcese despois de anos de negligencia e abandono por parte da administración local como tamén da Xunta de Galiza, esta última ao non asumir as competencias que lle son propias en materia de sanidade e enfrontar o mantemento das instalacións sanitarias no concello de Vedra.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas para dotar á veciñanza de Vedra dun centro de saúde en bo estado de conservación, acorde ás necesidades que presenta o concello e coa cobertura de profesionais precisa para garantir unha adecuada asistencia sanitaria?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 13:51:59

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 13:52:02



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Recentemente, saíu publicada a situación que están a vivir as explotacións lácteas do noso país, cando as organizacións agrarias denuncian que o colectivo de gandeiros galegos cobra de media 35,9 céntimos de media por litro de leite, por debaixo da media española que é de 31,1 céntimos e á cola de todo o Estado.

Unha situación derivada dos problemas estruturais xerados durante 33 dos 40 anos de Goberno do PP dende a aprobación do Estatuto de autonomía, unha dereita que trata de trasladar as súas responsabilidades cara ao Goberno do Estado, poñendo o foco na nova Lei da cadea alimentaria que tivo que ser modificada polo actual Goberno ante as peticións das organizacións agrarias pola ineficacia da lei que aprobara o Partido Popular durante o seu goberno, primeiro foi modificada cun Real decreto en febreiro de 2020 que introduciu na lei a obrigatoriedade de que en cada operación de venda dentro da cadea, este repercutise nos custes de produción e agora na reforma lexislativa que acaba de aprobarse introduciu a prohibición da venda a perdas e establecer prácticas comerciais desleais, unha modificación que as propias organizacións agrarias cualificaron como moi positiva, pero que non debe quedar en papel mollado, poñendo en marcha os mecanismos necesarios dende as administracións autonómicas para facer que se cumpra o establecido na lei.

Nesa liña o Goberno de Castilla la Mancha puxo en marcha o Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria da rexión, na que están presentes representantes de todo o sector, dende os agricultores e os gandeiros, pasando pola distribución e ata os consumidores. Na súa primeira reunión fixeron a presentación dun estudio independente realizado pola universidade sobre os custes de produción do ovino, cabrún e vacún de leite na súa rexión e esperan que con este órgano se avance na transparencia da xeración de prezos da cadea alimentaria e permitan tomar decisións que beneficien a toda a cadea agroalimentaria.

A maiores dos problemas xerados pola suba das materias primas para as explotacións, en Galicia, os prezos que reciben os nosos gandeiros pola leite están por debaixo da media estatal, polo que debemos mirar para a nosa casa e



reverter unha situación que fai que os gandeiros galegos sexan os que menos cobran de España polo leite do seu gando.

Foi o propio PP o que presentou hai poucas datas unha iniciativa que pedía que a Xunta de Galicia adoptase as medidas que foran oportunas para favorecer os investimentos de industrias lácteas en produtos de maior valor engadido, mágoa que ademais desa transformación non aceptase a emenda presentada polo noso grupo para pedir que condicionaran todas as medidas de apoio ás industrias e que estas garantan uns contratos xustos para os produtores.

Dende o Goberno Galego tratan de confundir á opinión pública cando defenden que existe un incremento da rendibilidade dos nosos gandeiros e gandeiras do 7 %, unhas afirmacións con nesgo porque os ditos datos non son derivados de que as explotacións lácteas teñan un maior rendemento da súa produción, son única e exclusivamente porque producen máis cantidade de leite e a maior produción, maior facturación, pero non por iso maior beneficio por litro producido.

Fai falla unha política activa de estruturas e de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras e a limitación das plantacións de eucaliptos en terras agrarias, non só a declaración de intencións que figura nunha lei, xa que despois de décadas de goberno do PP, máis de dous terzos do territorio galego está en estado de abandono, con menos do 25 % do noso territorio de superficie agraria útil, mentres que España ten o dobre e cada ano en Galicia pechan de media 600 explotacións.

Temos comarcas enteiras desmanteladas e mentres tanto se invisten millóns de euros en construcións innecesarias como o Gaiás de Sergude, non existe un compromiso real, nin un obxectivo definido, para impulsar medidas políticas que fagan que Galicia ocupe o espazo que lle corresponde neste sector, recibimos inxentes cantidades de cartos da Unión Europea, preto de 1.600 millóns de euros de fondos europeos do PDR nos derradeiros 12 anos, sendo das 5 rexións de España que máis fondos recibiu, pero o desmantelamento dos instrumentos de apoio aos sectores agrarios produtivos foi total, dende centros de investigación de recoñecido prestixio internacional como o CIAM de Mabegondo ou o CIF de Lourizán, pasando polos centros de Formación Agraria ou a rede de oficinas de extensión agraria.

Galicia ten un peso na industria láctea que non é parello ao seu peso no sector produtor, dos 10 principais grupos lácteos de España, só hai 4 con presenza en Galicia (Lactalis, Capsa, TGT e Lactogal) e para atopar a primeira industria de



capital galego, hai que ir ao posto 16 do *ranking* para atopar a Leite Río, ese escenario de debilidade da industria láctea galega reflíctese no feito de que máis do 48 % do leite producido en Galicia marcha para fóra sen transformar.

O leite procesado en Galicia, dedícase nun 60 % ao seu envasado como leite líquido, o que en xeral achega menor valor engadido que a súa transformación noutros produtos lácteos. En Galicia as dúas factorías que ten Lactalis se dedican en exclusiva ao envasado de leite, cando o mesmo grupo no conxunto de España, dedica un 50 % do seu leite a envasado e bebidas e outro 50 % a produtos lácteos de maior valor engadido como queixos, iogures ou manteiga

En cifras globais, no conxunto de España, só o 32 % do leite envásase e outra porcentaxe idéntica do 32 % vai para queixos, mentres que a porcentaxe galega destinada a queixos é de só dun 15 % do leite.

O Goberno galego presentou o Plan estratéxico 2020–2025 con 125 medidas, nel din que queren pasar de transformar o 50 % do leite que producimos, a un 75 % nos próximos anos e din que para logralo apoiarán todos os proxectos industriais que se queiran desenvolver en Galicia, din que queren apostar polo apoio á investigación, á formación e ao asesoramento ao agro, pero a realidade é que levan 13 anos abandonando a formación e investigación pública, comprométese a fortalecer os servizos das 68 oficinas agrarias comarcais, que din que completarán cunha oficina móbil para pequenos concellos, pero a realidade é que a estiveron desmantelando

Os plans soportan todo pero o Plan estratéxico para o sector lácteo galego, que presentou a Xunta de Galicia, só terá credibilidade se as medidas que contempla van acompañadas de determinación no seu desenvolvemento e conteñen as ferramentas orzamentarias necesarias para levalas a cabo.

Unións Agrarias advertía que os gandeiros galegos levan perdido entre o 2020 e 2021 un 11,45 % dos seus ingresos polas subas nos custes de produción, mentres industrias como Capsa e Lactalis lucían un incremento de facturación dun 18 % e un 24 % respectivamente no mesmo período, grazas á revalorización do leite líquido nos lineais da distribución e debido á suba imparable dos derivados industriais como a graxa, con estes datos resulta imprescindible que a Administración galega estableza os mecanismos que fagan cumprir a lei da cadea, con algunhas empresas que teñen unha posición de privilexio para condicionar as cotizacións do leite en orixe, xa que no caso de Lactalis representan a un 18 % (uns 1.200 gandeiros) e no caso de Capsa a un 15 % (uns 1.000 gandeiros) do total dos 6.500 gandeiros que ten Galicia. Ambas empresas



no período de febreiro a outubro de 2021, melloraron os ingresos só en Galicia do entorno dos 22 millóns de euros, o que lles permitiría subir máis de 4 céntimos / litro aos produtores.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Pensa o Goberno galego poñer en marcha mecanismos como o Observatorio de Prezos para garantir o cumprimento da Lei da cadea e que os produtores cobren por encima dos custes de produción?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:29:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:29:24



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O comité de XEAL acaba de denunciar a decisión da dirección empresarial de parar o forno 14, o único que estaba operativo en Cee, sen comunicarllo á representación do persoal e sen achegar ningunha data prevista para volver arrancar a produción.

Esta medida agrava o desmantelamento progresivo que as fábricas de ferroaleaxes están sufrindo dende hai máis de dous anos cando a empresa foi vendida ao fondo TPG *Sixth Street Partners*. Mentres isto sucede o cadro de persoal leva esperando dous anos por coñecer o Plan de viabilidade que necesariamente presentou XEAL ante a Administración e que debe garantir a continuidade da actividade industrial e os postos de traballo existentes nas fábricas, cuns investimentos necesarios que garantan a produción, unha ocultación que podería supor que XEAL estea centrando o seu futuro na explotación dos recursos enerxéticos, cun deterioro paulatino das fábricas e amortizando man de obra.

A venda da empresa converteu as fábricas de Cee e Dumbría nunha *maquila* do grupo FerroGlobe, supeditando as capacidades e futuro das instalacións ás decisións da vendedora, un acordo que pese á petición do comité de empresa manteñen en segredo as empresas e a propia Xunta de Galicia.

A decisión de suspender a produción no forno 14 prodúcese ademais nun momento no que o custe da electricidade acada prezos históricos derivados da guerra en Ucraína, que superan os máximos marcados nos últimos meses. É dicir, XEAL paraliza a fabricación nos fornos mentres obtén beneficios millonarios grazas á produción de electricidade xerada nas centrais hidroeléctricas.

Ademais da situación das fábricas e o emprego, a empresa tamén atacou aos dereitos laborais e salariais do persoal, deixando sen aplicación o convenio colectivo propio derivado da aplicación da reforma laboral de Mariano Rajoy e a eliminación da ultractividade, aínda que cunha aplicación máis que cuestionable xuridicamente, roubándolle aos traballadores e ás traballadoras os seus dereitos consolidados. Esperemos que coa nova reforma laboral do Goberno progresista



que recupera a ultractividade, a situación laboral e salarial volva a establecer eses dereitos.

E non só iso, o Comité de Empresa denuncia que XEAL aplica prácticas represivas despedindo persoal de maneira arbitraria e atacando a liberdade sindical e os dereitos de representación do persoal ao despedir un traballador membro do comité de empresa polo simple feito de testemuñar a favor dunha traballadora vítima de acoso. Cunha inexplicable complicidade da dirección da empresa co condenado por acoso, que segue no seu posto de traballo como se nada acontecese e sen que se lle abraise un expediente.

A Xunta de Galicia non pode seguir mirando para outro lado e debe garantir o mantemento dos postos de traballo e a actividade das ferroaleacións segundo o establecido na sentenza do TSXG de novembro de 2020 que di que a condición de non segregación das actividades fixouse para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte e, polo tanto, a Xunta de Galicia debería fixar uns criterios de cumprimento desa condición establecida por sentenza xudicial.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego establecer os criterios de emprego e actividade industrial para o cumprimento da sentenza do TSXG do 20 de novembro de 2020 que di que a condición de non segregación das actividades enerxéticas e de ferroaleacións fixouse para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:30:12

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:30:27



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Hai 16 meses, aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que se solicitaba á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo multilateral co fin de acadar a homologación do Camiño dos Faros, unha homologación que leva anos paralizada e pendente dun Goberno galego que semella que unha iniciativa de éxito como é esta ruta de sendeirismo para as comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, non lle preocupa

Con esta proposta, a unanimidade dos grupos do Parlamento reclamáballe á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo na que ademais do executivo galego participasen a Deputación da Coruña, os alcaldes dos 9 concellos polos que transcorre o Camiño dos Faros, a Asociación de Turismo Costa da Morte –ATCM-, a Asociación Camiño dos Faros, a Federación Galega de Montañismo e aqueles outros organismos e colectivos que a propia mesa estimase conveniente polo seu recoñecemento e competencias nos ámbitos que o asunto requira.

O obxectivo desta iniciativa era conseguir a homologación e planificar o futuro dunha actividade que mobiliza ata 20.000 visitas anuais á Costa da Morte e Bergantiños. Dende o Grupo Socialista seguimos apostando por un Camiño dos Faros tal e como está configurado actualmente e non roubarlle o nome nin diluílo noutro tipo de proxecto que utilice grandes consultoras para un mero uso economicista e deixando na cuneta o realmente importante. Resulta necesario salvar os escollos, principalmente medioambientais, coa titularidade das leiras ou a porcentaxe de asfalto que presenta a proposta, coas modificacións propostas pola propia Asociación Camiño dos Faros, promotora do proxecto ou outras que se pactasen na mesa que se debería constituír.

Pese ás múltiples iniciativas do noso grupo en sede parlamentaria e ás supostas intencións manifestadas tanto pola directora do departamento de Turismo da Xunta de Galicia, como polo propio vicepresidente 1º da Xunta de Galicia de cumprir este acordo e poñerse a traballar pola homologación desta ruta de gran percorrido, despois das preguntas realizadas por este grupo, tanto en comisión como en pleno, vemos como case ano e medio despois deste acordo, a Xunta de



Galicia non convocou nin unha soa vez á mesa de traballo para conseguir esta homologación.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

A que está esperando o Goberno galego para constituír a mesa de traballo para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran recorrido, despois de que fose aprobado pola unanimidade dos grupos do Parlamento hai ano e medio?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:32:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:33:01



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 13 de maio de 2015 a “Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0”, como un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia e consolidar o crecemento.

No propio documento din que os retos da axenda son que fose o instrumento que aumente o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega ata chegar a un 20 % do PIB europeo no ano 2020.

Se comparamos como magnitude homoxénea unicamente o peso da industria manufacturera (excluindo a enerxía), Galicia debería ser capaz de lograr tamén un peso do 20 % sobre o PIB para estas ramas de produción.

Rexenerar tecido industrial para aumentar o peso do sector industrial e crear emprego de calidade no ano 2020.

En canto ao emprego industrial, para establecer un obxectivo de fronte ao ano 2020, din que debemos ter en conta as seguintes tendencias:

- O obxectivo da Axenda é impulsar un forte crecemento do sector industrial, ata un 50 % adicional do seu peso actual, no valor engadido bruto de Galicia.
- Aínda que os incrementos de produtividade na industria levan a unha menor creación de emprego, en proporción ao peso que alcanza na economía, o emprego industrial debería aumentar en consonancia co impulso ao sector.

A futura conxuntura económica, cos diferentes esforzos que tanto a Administración pública como as entidades privadas están a abordar, debe



conducir a unha recuperación de emprego na economía galega en xeral e na industria en particular.

Desta maneira, o obxectivo da Axenda é incrementar o peso do emprego industrial en catro puntos, o que levaría (segundo a evolución demográfica prevista para o período 2014-2020) ata máis de 50.000 novos ocupados (en termos EPA) na industria.

Tres son as orientacións básicas que guían esta axenda e o seu contido:

- Unha orientación facilitadora que debe presidir todas as medidas de política industrial no período de vixencia da Axenda.
- Un especial impulso da internacionalización e da innovación, polo seu papel esencial no progreso da actividade industrial.
- Unha orientación de estimulación de todas aquelas actuacións que incidan sobre os factores territoriais da competitividade industrial.

Estas orientacións, segundo o previsto pola lei, serán obxecto de desenvolvemento a través dos programas de impulso desta axenda e a través daquelas actuacións ou grandes proxectos industriais que teñan un impacto relevante no sector.

É dicir que as dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata significar un 20 % do PIB galego, e a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria, pero non sabemos se o Goberno galego ademais de aplicar a dita axenda ata o ano 2022 fixo unha avaliación desta axenda e dos seus resultados, como correspondería a unha administración seria, que ademais de falar de plans estratéxicos, proxectos, axendas e outros, debería logo avaliar o seu resultado.

Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cal é o grao de cumprimento da “Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0”?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:34:46

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:35:01



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

A aprobación dunha lei de recuperación de terra agrarias foi unha iniciativa legislativa necesaria que chegaba con moitos anos de atraso, nos que se foron agravando os problemas ocasionados pola falla de superficie agraria útil que afecta directamente á viabilidade das nosas explotacións e ao abandono do noso rural.

Esta formulación supuxo un xiro radical sobre as formulacións que mantivera o PP nos máis de 30 anos ao fronte do Goberno galego dos 40 que levamos dende a aprobación do Estatuto de autonomía. Uns gobernos que se caracterizaron polos múltiples atrasos na normativa de ordenación territorial que afectaron tamén á falla de protección das terras agrarias con respecto a usos urbanísticos desordenados, pola ausencia de iniciativas sobre a mellora da estrutura das terras agrarias, polo bloqueo sistemático ao desenvolvemento das leis que no seu momento fixera o goberno de Fernando González Laxe como era a Lei de montes veciñais en man común ou do goberno de Emilio Pérez Touriño como foi a Lei do banco de terras e por ter rexeitado as numerosas proposicións presentadas polo noso grupo dende a primeira legislatura de Goberno de Fraga sobre o banco de terras, sobre a ordenación e concentración das terras agrarias, sobre o banco de explotacións, etc. Nuns debates nos que o PP non aceptou ningún tipo de ordenación dos usos das terras que hai un ano adoptou e polos atrasos e a falta de prioridades nos traballos de concentración parcelaria, xa que en Galicia só hai unhas 450 mil hectáreas con concentración parcelaria, que vén sendo un terzo da que debería estar feita, cun ritmo dos traballos por debaixo dunhas 5.800 has. por ano, que están por debaixo do que se acadaba no comezo destes traballos dende os 60 ata os 90.

A lei foi presentada sen estar acompañada dun mínimo estudo de impacto, sen unha avaliación previa da situación da estrutura territorial en Galicia e sen unha análise coste-eficiencia das solucións propostas, todo confiado unha vez máis a uns supostos efectos *cuasi-máxicos* deste marco legislativo, que poden quedar en nada se non existe impulso político e orzamentario na aplicación das medidas contidas na lei, algo que dicimos no debate da súa aprobación ao carecer dun acompañamento orzamentario, dunha análise dos medios materiais e de persoal



para desenvolvela, nin un cronograma de actuacións para que esta teña credibilidade.

Galicia ten un grave problema co abandono de terra agraria e durante estes derradeiros 12 anos de goberno de Feijóo, a pesar de anuncios e da publicidade e de denominar lexislaturas como “as lexislaturas do rural”, o abandono medrou de xeito importante. Galicia perdeu máis de 250.000 hectáreas de superficie agraria útil, abandonáronse máis de 37.000 explotacións agrarias na primeira década deste século e o noso país temos unha superficie agraria útil que apenas supera o 20 % do territorio, unha das porcentaxes máis baixas de España e Europa, xa que no resto do territorio español e en países como Alemaña ou Francia esta supera o 40 %, uns datos que lastran o futuro do noso rural e a nosa actividade agrícola e gandeira, ademais de xerar problemas para Galicia no reparto dos fondos da Política Agraria Común.

Dende o noso grupo traballamos a reo no desenvolvemento parlamentario da lei e incluso introducimos novos instrumentos para mobilizar terreo agrario, como os espazos agrarios de experimentación para apoiar a novos produtores, pero entendemos que dificilmente imos conseguir nada, sen o necesario compromiso orzamentario que necesita a súa posta en funcionamento, un cadro de persoal axeitado para tal fin e un cronograma de actuacións para o seu desenvolvemento.

Hoxe seguimos coas demasiadas concentracións parcelarias paralizadas e con moitas parroquias e lugares dos nosos concellos que seguen a esperar pola posibilidade de que se desenvolvan no seu territorio e resulta difícil entender a publicidade e o bombo e prato que fai o Goberno desta lei para se conformar cunhas cantas aldeas modelo mentres se abandonan as concentracións parcelarias e se gastan millóns en “escaparates” como o “Gaiás de Sergude” que consumen millóns do noso orzamento.

No desenvolvemento legislativo solicitamos sistemas de control e seguimento desta lei, para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elabore un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, con indicación de obxectivos, o orzamento, os recursos materiais e humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Este informe, que debería ser publicado na páxina *web* do Agader, incluíría, como mínimo, as actuacións do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación á Comisión de Seguimento e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación da terra agraria.



Aprobouse que no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei e mediante decreto do Consello da Xunta, crearíase a comisión de avaliación e seguimento da lei de recuperación de terra agraria de Galicia, unha comisión que terá unha composición plural e que contará coa presenza de expertos e especialistas na materia, procedentes do eido universitario, académico ou dos colexios profesionais relacionados co ámbito sectorial, que analizará as actuacións realizadas pola Agader en materia de recuperación da terra agraria, coñecerá os informes de control da xestión económico-financeira emitidos polos órganos de control externo e interno e propondrá as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas, analizando os recursos persoais, materiais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos desta lei, así como o seu escenario plurianual.

O PSdeG presentou preto de 250 emendas a esta proposición de lei do PP e entre as aceptadas, transaccionadas e subsumidas, foron máis de 110 as que pasaron a formar parte dela, algunhas sobre o sistema de control e seguimento da lei, cambios na investigación da propiedade, pero tamén cuestións como que non só fose a Agader a que se encargase de desenvolver esta lei, tamén as oficinas agrarias comarcais e os distritos forestais e a inclusión dun novo instrumento que non existía na súa proposta inicial, como son os espazos agrarios de experimentación, un instrumento que se configura como espazos destinados á formación e experimentación de actividades agrarias, nos que as persoas mozas ou emprendedoras poidan recibir formación e probar o seu modelo de negocio nunha contorna favorable que fomente a innovación e facilite a súa incorporación progresiva ao sector agrario e a transferencia de coñecemento, cos obxectivos de facilitar procesos progresivos de novas incorporacións, nomeadamente de persoas mozas, ao sector agrario.

Por todo iso, e despois dun ano da entrada en vigor da Lei de recuperación de terra agraria, o deputado e a deputada que asinan preguntan.

Púxose en marcha a Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia que a propia lei establece que se constituiría no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:35:48





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:36:03



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No proceso de transición enerxética que estamos a vivir en todo o mundo e especialmente en toda Europa para tomar medidas que poñan freo ao cambio climático que estamos a sufrir, primeiro se viron implicadas as empresas máis contaminantes como as centrais eléctricas que utilizaban carbón como combustible e vemos como as comarcas onde se situaban estas plantas, están a sufrir os efectos deste proceso de transición enerxética.

Neste proceso de transición, outras das empresas afectadas son as que producen carburantes e para axilizar o seu proceso deberan ter o apoio das administracións co fin de diversificar as actividades que realizan e impulsar a produción de biocombustibles respectuosos na loita contra o cambio climático.

Nesta liña o Ministerio de Transición Ecolóxica e reto demográfico reuniuse coas empresas petroleiras do Estado para a creación do “grupo de traballo técnico do refino”, un foro de discusión entre a Administración e o sector empresarial para identificar, coordinar e priorizar actuacións que faciliten a necesaria descarbonización xusta do sector antes de 2050. Este grupo de traballo abordará temas como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; o papel do sector do refino na transición ecolóxica coa vista no 2030 e no 2050; as oportunidades do hidróxeno renovable no sector; o impulso da economía circular e a súa relevancia para o desenvolvemento de zonas rurais; os biocombustibles avanzados; a colaboración co sector público e entre o sector privado; a simplificación administrativa para o desenvolvemento de proxectos en refinerías ou a identificación de proxectos que reduzan as emisións do sector.

Sen mencionar expresamente a necesidade de avaliar os niveis de emprego que xera este sector, ninguén pode discutir o papel fundamental que ten o sector do refino para alcanzar os obxectivos de neutralidade climática, cunha participación fundamental na transformación cara a modelos enerxéticos non contaminantes como os biocombustibles avanzados e o hidróxeno renovable. Unhas iniciativas de transición que deben ter o seu centro de desenvolvemento en comarcas dependentes economicamente dos combustibles fósiles.



En Galicia temos unha refinería de petróleo de REPSOL en A Coruña con preto de 1500 empregos entre os directos e indirectos e tamén plantas de MASOL IBERIA BIOFUEL SL en Ferrol, que mantén máis de media centena de empregos entre directos e indirectos e VERTEX BIOENERGY en Curtis, con preto dun centenar de empregos entre os directos e indirectos.

A principios de marzo do 2021, o conselleiro delegado de REPSOL foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, para analizar os investimentos da compañía en Galicia e as posibilidades de acudir aos fondos *Next Generation* desta empresa, o presidente da Xunta falou directamente da importancia da colaboración público-privada e os seus efectos na economía e no emprego da nosa terra. Durante a dita reunión, o representante de REPSOL informou dos proxectos de REPSOL na Coruña

O Goberno da Xunta de Galicia debería poñer en marcha un “Plan de apoio ao sector dos carburantes e Galicia” con medidas que busquen investimentos nas plantas industriais existentes e outras que se puideran instalar, xa que o noso goberno debería exercer as súas competencias económicas e industriais para aproveitar a oportunidade que xurde coa aparición dos Fondos *Next Generation* nos vindeiros anos e Galicia debe estar preparada para que as empresas e investidores apostasen polo noso territorio para a consecución dun modelo enerxético máis sostible e un impulso á transición, que debe ser xusta e impulsora de novos empregos de calidade, tendo en conta da importancia de que se priorice a aplicación destes fondos naquelas comarcas cunha dependencia do sector petroquímico e outras enerxías de orixe fósil como é a da Coruña.

As informacións aparecidas nos medios de comunicación falan dos proxectos que REPSOL quere poñer en marcha para a refinería da Coruña co paraugas destes fondos europeos e tamén comezan a aparecer outros posibles proxectos nas plantas de Ferrol e Curtis e de novos investidores.

Escoitamos que REPSOL pretende desenvolver tres proxectos, un coa produción de hidróxeno renovable a partir do biogás obtido de residuos urbanos, outro para incrementar a capacidade de produción de biocombustibles coa aplicación de novas tecnoloxías aproveitando os residuos procedentes dos fogares e da industria agroalimentaria. e por ultimo o aproveitamento enerxético de focos de calor da refinería para quentar a auga dos núcleos poboacionais próximos á factoría. Tamén vimos o proxecto no porto exterior da Coruña, no que REPSOL en alianza con outras empresas coas que comparten instalacións portuarias, ten entre os seus obxectivos servir como catalizador da innovación enerxética do



sector industrial da súa contorna, mediante o uso de enerxías renovables e con cero emisións á atmosfera, e a creación dun polo industrial enerxético e mariño.

Sen subestimar os proxectos destinados ás instalacións industriais de Repsol na Coruña, entendemos que este complexo industrial non alberga ningunha das grandes actuacións que esta compañía vai a desenvolver nos vindeiros anos para as súas plantas e isto lastra o futuro da refinería coruñesa con respecto ao resto de instalacións existentes en España.

Por todo isto e para que Galicia figure nos plans de futuro das empresas, cunha aposta polo investimento nas súas plantas nesta situación de transición enerxética e o camiño cara á utilización de fontes de enerxía respectuosas co medio ambiente, o Goberno galego debería promover un plan de impulso ao sector, baixo as competencias plenas que ten en materia económica e industrial, pilotando este proceso para que non se actúe tarde tal e como sucedeu coas empresas dependentes do carbón, nas que a Xunta non fixo absolutamente nada, planificando e apoiando as empresas para que aposten polas instalacións galegas, nunha transición xusta para os seus traballadores e traballadoras.

A Xunta de Galicia ten competencias plenas en materia industrial e non pode seguir de costas ao terrible proceso de desindustrialización que afecta ao noso territorio, cun Goberno galego que non ten un plan de futuro para a industria da nosa terra, que non garante a actividade existente e non atrae novos investimentos. A comarca da Coruña tamén sofre esta desidia, disimulada polos resultados da multinacional Inditex, pero perdendo empresas como Isowat, Caramelo, R, Emesa trefilería, Sapa, a Fábrica de armas ou Aluiberica. A industria xera postos de traballo de calidade, exerce de polo tractor da economía, incide no comercio e na hostalaría e establece marcos laborais de referencia doutros sectores.

Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Que medidas está a tomar o Goberno galego para apoiar ás empresas do sector de carburantes en Galicia ante o proceso de transición enerxética?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:36:52





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:58:17
Nº Registro: 47477
Data envío: 18/01/2023 13:58:17.547

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:37:08

CSV: BOPGDSPG-f6GRqZHOa-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A veciñanza do núcleo urbano de Meicende na parroquia de Pastoriza en Arteixo, un dos núcleos máis poboados deste concello, levan anos reivindicando a posta a disposición dalgún médico en quenda de tarde no seu centro médico para darlle cobertura as múltiples traballadoras e traballadores que teñen problemas para acudir ao médico en horario de mañá por motivos laborais.

Ademais desa reivindicación histórica da veciñanza de Meicende que non semella preocuparlle á Consellería de Sanidade, nos primeiros meses do verán 2020, observamos como se eliminaba o servizo de pediatría do consultorio do dito núcleo urbano, derivando os seus usuarios ao Centro de Saúde de Vilarrodís do mesmo concello, algo que posteriormente foi modificado pola denuncia feita pública polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Arteixo que fixo que se repuxese o servizo de pediatría algúns días á semana, compartindo o dito servizo co Centro de Saúde de Vilarrodís.

Dende a posta en marcha do Centro de Saúde de Vilarrodís, moitos dos usuarios do consultorio de Meicende e do Centro Médico de Arteixo foron derivados a este novo centro de saúde e coa súa apertura non se produciron incrementos nos servizos que a Consellería de Sanidade daba aos usuarios no dito concello, facendo unha simple recolocación de médicos de familia, especialistas e persoal sanitario ao novo centro.

A cidadanía da parroquia de Pastoriza e máis en concreto do núcleo de Meicende segue a insistir na presenza dalgún dos seus médicos en quenda de tarde e está moi preocupada pola posible perda do servizo de pediatría no seu consultorio e ten medo a que a Consellería de Sanidade desexe baleirar de servizos o consultorio derivando aos seus pacientes cara ao Centro de Saúde de Vilarrodís.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Está estudando a Consellería de Sanidade a introdución dalgún médico en quenda de tarde no dito consultorio?





Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:37:49

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2023 13:38:03

Marina Ortega Otero na data 18/01/2023 13:38:15



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Transcorreron uns 60 anos desde que se levantaron tres liñas de alta tensión en Oseiro no concello de Arteixo, unhas liñas que atravesan a urbanización “SolyMar” a pouco metros dalgunhas vivendas que foron construídas hai uns 40 anos, atravesan o colexio de Galán e o parque infantil da dita urbanización. Hai máis de 25 anos da primeira manifestación dos veciños da dita urbanización, constituídos nunha plataforma para esixir o desvío das liñas que sobrevoan as súas vivendas, unha demanda histórica dos alí residentes pero fundamentalmente dos dous centenares que viven nos dous edificios de 66 pisos situados debaixo dos tendidos.

A Plataforma relaciona a aparición de moitos casos de cancro, ansiedade, problemas hormonais e o non poder durmir polas noites polo ruído que emiten as liñas, a realidade é que estas infraestruturas eléctricas seguen incumprindo a distancia mínima de 200 metros que establece a Organización Mundial da Saúde e o Parlamento Europeo, xa que nalgúns puntos, non hai nin dez metros entre os pisos e o tendido.

O actual alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo, afirmaba na campaña que o levou a alcaldía no 2011: "*Presentaremos durante este mandato unha proposta real e crible para desviar as torres*", pero a realidade é que o Goberno local de Arteixo deixou prescribir ata en dúas ocasións o convenio para financiar o traslado das liñas asinado entre a Consellería de Industria, Fenosa nese momento propietaria das liñas e o propio concello e 11 anos despois o problema continúa. Durante o mandato do actual alcalde informou de que se aprobara o cambio urbanístico iniciado polo Goberno anterior e obtívose o permiso da Dirección Xeral de Patrimonio para realizar o desvío, anunciaron que retomarían as negociacións coa Consellería de Industria e a compañía eléctrica e, en 2014, asegurou que só faltaba que Rede Eléctrica presentase o proxecto técnico de traslado e anunciaba para ese ano as obras.

Nada sabemos do traslado das liñas, pero Red Eléctrica confirmou hai poucas datas a súa disposición para redactar o proxecto, pero non sabemos quen vai financiar o traslado, xa que a regulación eléctrica di que a entidade que solicita a



variante dunha liña ten que achegar os permisos dos terreos por onde vaia a pasar a dita variante, así como asumir o seu custo. Escoitamos o actual alcalde de Arteixo facer público que asumiría ata 1,5 millóns de euros de fondos propios para o traslado das ditas liñas, pero non sabemos que cantidade está disposta a asumir a Xunta de Galicia e se están agora en contacto con Naturgy para involucralos no financiamento do traslado.

A realidade é que despois de décadas desta problemática e 11 anos de promesas incumpridas por parte do PP, a cidadanía de “SolyMar” necesita feitos que fagan realidade as promesas realizadas polo seu alcalde e o cumprimento do establecido pola Organización Mundial da Saúde e o Parlamento Europeo que establece que a distancia mínima ás vivendas debe de ser de 200 metros.

Por todo o exposto o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cal é o estado do traslado das liñas de alta tensión que atravesan a parroquia de Oseiro no concello de Arteixo e que incumpren o establecido pola Organización Mundial da Saúde e o Parlamento Europeo que di que a distancia mínima ás vivendas debe de ser de 200 metros?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:38:58

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:39:13



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A protección de brañas e turbeiras é esencial na loita contra o cambio climático, algo recoñecido pola totalidade da comunidade científica. Só co 3 % da superficie do planeta, as turbeiras acumulan o 30 % do CO₂ do planeta, calculase que o volume de carbono acumulado nas turbeiras de todo o mundo é comparable ao total que hai na atmosfera, supera incluso o acumulado nos bosques do planeta. A súa conservación, por tanto, é absolutamente fundamental na loita contra o cambio climático.

As turbeiras de Galicia están entre as que presentan unha maior taxa de acumulación de carbono a nivel mundial –e, por tanto, de secuestro de CO₂ presente na atmosfera–, segundo reflicte un estudio publicado na revista “Nature Climate Change” no ano 2018, asinado por un equipo internacional no que colaboran dous investigadores do grupo de investigación Ciencia do Sistema Terra da USC, que destacaron na presentación dese traballo a nivel Galicia que as turbeiras son espazos naturais que participan en múltiples funcións ecolóxicas, como a regulación da descarga de auga cara aos ríos, a depuración de auga, servir como hábitat de biodiversidade, “ademais de ser auténticas bibliotecas nas que está escrito o noso pasado”. Igualmente afirmaban que “Dado o delicado equilibrio entre captar e liberar carbono e, por tanto, entre pasar de sumidoiro a fonte, a protección e recuperación das turbeiras deberían ser obxectivos prioritarios tanto en Galicia como en España” e que “Se estes ecosistemas non se coidan, ese CO₂ libérase co mesmo efecto que xera a contaminación da industria. É dicir, as consecuencias para o cambio climático son as mesmas: non preservalas provoca efecto invernadoiro”.

Hai que lembrar que a pesar dos múltiples recordatorios realizados no marco da *Comisión Estatal de Patrimonio Natural y de la Biodiversidad*, Galicia non registrou ata o momento ningunha zona húmida no *Inventario Español de Zonas Húmedas*, creado en 2004, tal e como demanda o Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula este inventario nacional.

En Galicia o Decreto 127/2008 desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidos de Galicia. A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, case 15 anos despois da entrada en vigor desa norma non existe –porque a Xunta non o



elaborou- o inventario de zonas húmidas previsto detalladamente no propio decreto, que o configura como o instrumento que recollerá de forma sistemática as zonas húmidas situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídas nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II, como é o caso das turbeiras, entre outros presentes en Galicia.

Por tanto, fóra das cinco zonas húmidas Ramsar, radicadas todas elas na costa e que representan unha mínima fracción dos valiosos ecosistemas deste tipo que ten Galicia, o resto das zonas húmidas, sinaladamente as nosas valiosísimas turbeiras, non existen para a Administración galega, atopándose na actualidade sometidas estas últimas a dous tipos de ameazas fundamentais: a eucaliptización acelerada, que leva a desecar turbeiras enteiras, e o elevado número de proxectos eólicos en tramitación.

Na parroquia de Castriz no límite entre os concellos de Santa Comba e Coristanco existían unhas brañas de enormes dimensións, posiblemente un dos breixos atlánticos máis grandes de toda Galicia e a nosa sorpresa é observar como este espazo que debería de estar protexido pola Administración autonómica tal e como indicabamos no exposto anteriormente se está a converter nun eucaliptal, con parcelas enormes drenando a auga existente para logo poñer planta de eucalipto e outras coa plantación xa realizada.

A mediados do mes de abril, o Grupo Parlamentario Socialista visitaba a zona con representantes de “Ecoloxistas en Acción” e podemos dar fe do delito ecolóxico que se está a levar a cabo ante os ollos das autoridades medio ambientais e forestais do Goberno galego, con parcelas preparadas e outras con eucalipto recentemente colocado nun período de moratoria para as plantacións desta especie e onde non existía plantación previa e só unha enorme turbeira chea de breixo.

A asociación “Ecoloxistas en Acción” denunciou o tema ante a Consellería do Medio Rural e a de Medio Ambiente e ata na Garda Civil, nela pedían a incoación do correspondente procedemento sancionador e a reposición da zona húmida denominada Braña da Serra ou Braña Loira a súa situación anterior, eliminando as plantacións de eucaliptos e os sistemas de drenaxe instaurados.

Xa que con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2025 as reforestacións con especies do xénero *Eucalyptus* unicamente estarán permitidas cando a ocupación anterior do terreo obxecto da reforestación constituíse unha masa pura ou mixta dominante deste xénero, e sempre e cando as plantacións anteriores se realizasen respectando o disposto na lexislación sectorial vixente e no caso denunciado non existía tal plantación de eucaliptos.



As zonas húmidas están situadas nas parroquias de *San Pedro de Xallas de Castriz no Concello de Santa Comba e San Miguel de Couso, Coristanco*. Na denuncia amósanse as parcelas que conforman a Braña da Serra, breixeira atlántica galega en perigo de desaparición polo abuso do sector forestal e tomaban como lindes da braña os actuais, xa que hai 20 anos a extensión desta breixeira chegaba ata a ferverza de Castriz no leste, á lagoa de Alcaían polo norte, e lindaba con Grixoa ao oeste. O linde sur son os lugares de Boaña de Abaixo e Boaña de Arriba.

Na denuncia facían varios grupos de parcelas, unha conformada por aquelas parcelas nas que se conserve o breixo de xeito máis ou menos puro, sen demasiada intervención humana. Outro conformado por aquelas superficies onde o breixo coexiste coas plantacións de pinos feitas hai máis de 15 anos, un terceiro grupo con parcelas nas que xa hai anos que se arrasou a breixeira para plantar eucaliptos ou acacias, un cuarto coas parcelas nas que ata hai pouco había breixo, pero nos últimos 5 anos, foi arrasado a prol de realizar plantacións de eucaliptos ilegais e masivas, ou simplemente foron realizados desbroces, fresaduras e drenaxes para acabar co sistema húmido natural e un quinto conformado por parcelas dedicadas a pradaría ou terreo mixto, pero sen ser plantacións

Hai meses, denunciabamos na comisión 7ª como estabamos a observar a plantación masiva de eucalipto derivado do efecto chamada da moratoria e preguntabamos cantas denuncias e sancións recibira a autoridade forestal, xa que ata nos viveiros de Galicia a planta estivo esgotada e existían cortas de pino e outras especies por todo o noso territorio cos madeiros sen tempo para levar a cabo todo o traballo que desexaban contratarlles. Aproveitando a pregunta o noso grupo pediulle ao director xeral de Montes que investigase o que estaba a suceder na zona húmida de Castriz e este comprometeuse en sede oficial a preocuparse polo tema, pero non vimos ningún tipo de actuación dende a Administración forestal para frear a dita situación.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Que medidas tomou o Goberno galego en relación coas denuncias realizadas por Ecoloxistas en Acción ante a Consellería do Medio Rural pola eucaliptización das brañas de Loira e da Serra?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:40:08

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:40:24

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 13:40:37



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Ao longo do mes de xullo e nos primeiros días de agosto asistimos ás denuncias dos distintos equipos directivos de institutos arredor de toda a comunidade. Exemplos como o do IES Punta Candieira de Cedeira onde presentaron a dimisión en bloque como medida de protesta pola redución de docentes decidida dende a Consellería de Educación ou o do IES A Sangriña, na Guarda, onde tamén teñen dimitido en bloque as denuncias no IES Virxe do Mar ou no IES Ramón Cabanillas por citar unha pequena mostra da situación límite que padecen os distintos centros galegos.

A comezos do mes de xullo elaboráronse os cadros de persoal para o vindeiro curso, un documento presentado ante inspección e que nalgúns casos, mesmo deu o visto bo á cifra que reclamaban os centros, como os 74 reclamados para poder manter a oferta no Punta Candieira.

Pero nada máis lonxe da realidade, a Consellería de Educación finalmente trasladaba unhas listas definitivas que constatan un recorte drástico do número de profesores e profesoras neste centro, 11 con respecto ao ano pasado. A supresión deste profesorado pon en perigo un ciclo formativo e o bacharelato de adultos; diminuírá o horario de profesores de garda, fundamental para atender ao alumnado no caso de ausencias ocasionais do profesorado; vai reducir os períodos de atención da aula de convivencia inclusiva, co cal non se poderán atender os problemas de convivencia nas aulas; impedirá ofertar optativas que en moitos casos son decisivas para que os alumnos e alumnas poidan acceder ás universidades e contribuirá a aumentar a diferenza de oportunidades educativas entre o alumnado do rural e as persoas que viven nas cidades.

O IES Punta Candieira vén dando mostras do seu dinamismo e da calidade do seu ensino nos últimos anos, participando en diversos proxectos e concursos e acadando premios e excelentes resultados. É evidente que unha perda tan grande de persoal docente vai supoñer un problema enorme na calidade do ensino.

Moitos son os motivos e os feitos que demostran que unha redución de alumnado na aula permite unha mellor atención individualizada e uns resultados positivos en canto ao rendemento escolar. A mellora na atención do alumnado non só ten consecuencias positivas a nivel académico, senón que achega outras bondades



como a detección máis precoz das dificultades cunha atención especializada máis axeitada ou máis tempo para acadar os obxectivos programados, unha mellor relación coas familias, ou máis tempo para a realización das tarefas burocráticas.

Con esta política de recortes, a Consellería de Educación camiña, polo tanto, na dirección contraria á consecución dunha redución progresiva de rateos cando estamos ante o momento idóneo para que a Administración inicie o diálogo e o estudo das posibilidades sobre unha das reivindicacións máis relevantes para toda a comunidade educativa. O descenso de natalidade e o consecuente descenso de matriculación de alumnado, traducíndose en supresións de postos de traballo de docentes, unha realidade que non pode servir de escusa á Administración para continuar cunha política nefasta de recortes de investimento en recursos humanos e económicos no eido do ensino que deixan aos centros e ás e aos seus profesionais nunha situación de absoluta precariedade.

Todos os grupos municipais do concello de Cedeira, BNG, PP e PSdeG pactaron unha declaración institucional pedindo que se corrigan estes recortes e solicitando unha reunión urxente co Conselleiro de Educación, unha solicitude que segundo as informacións recibidas polo noso grupo foi derivada á delegación territorial.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Vai a Consellería de Educación atender as demandas de máis persoal solicitadas polo dimitido equipo directivo do IES Punta Candieira e a unanimidade da corporación municipal de Cedeira?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:41:25

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 13:41:40

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 13:41:55



Á Mesa do Parlamento

Martin Seco García, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A prestación do servizo de transporte escolar en toda Galicia está a ser caótica dende que se adjudicou o novo contrato a finais de decembro de 2021. Unha das zonas que está a padecer este caos é o concello de Arteixo, situación que o Grupo Socialista vén de denunciar sen que a Xunta de Galicia cumpra a súa función de control e seguimento do cumprimento do contrato que neste caso lle correspondeu á empresa ALSA.

Aos problemas acontecidos e denunciados polo PSdeG na comarca de Santiago súmase tamén os da comunidade educativa de Arteixo, tanto do IES Manuel Murguía e Pastoriza, como dos CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo e Galán.

No primeiro caso, a propia dirección do centro ten emitido comunicados vía ABALAR ás nais e pais do alumnado, nos que admite os graves problemas que están a sufrir por unha absoluta descoordinación do servizo, tamén a ANPA do IES Pastoriza presentou queixas ante a dirección do centro e a propia consellería.

As nais e pais denuncian situacións de extrema gravidade, con retrasos de máis de 40 minutos, nenos dos CEIP que teñen que chegar á derradeira parada por pasar a horas non estipuladas e non ter quen os recolla na súa parada, reconfiguración das liñas establecidas polos centros educativos, etc, etc ... Ante esta situación os propios traballadores das empresas de transporte están desbordados pola improvisación e falla de coordinación existente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia os problemas co servizo de transporte escolar no concello de Arteixo?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:42:29

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 13:42:44





Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 13:42:59



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os datos publicados nas derradeiras datas por organismos oficiais e unha axencia independente falan dunha debilitade do sector industrial, que perdeu peso relativo, tanto en termos de valor engadido bruto como en termos de perda de empresas. En concreto, nos trece anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Alberto Núñez Feijóo, a falla de política industrial activa caracterizou un tempo no que desapareceron importantes empresas galegas e no que o sector industrial non conseguiu o desenvolvemento necesario para situarse no 20 % do PIB, tal e como figuraba no documento do Goberno galego chamado Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0 para o período entre os anos 2015 e 2020 e que era a referencia da Comisión Europea para a industria.

A comparación de datos recentes con España amosa a preocupante evolución dalgúns indicadores industriais para Galicia, como por exemplo o Índice de Producción Industrial. Os datos do primeiro cuadrimestre de 2022, falaban da caída dun 6,5 % en relación co mesmo período do exercicio anterior; mentres no total de España subira un 2 %, cunha fenda de máis de 8 puntos entre Galicia e o Estado. Estes datos continúan a ser negativos ata o mes de xuño nos que a produción industrial galega acumula unha caída do 2,9 % en comparación co mesmo período de 2021, mentres que no total do Estado español crece ese mesmo 2,9 %.

Esta tendencia inversa, de crecemento do sector industrial en España mentres se amosa un decrecemento industrial en Galicia, supón unha fonda chamada de atención para a economía galega, na que o peso do VEB industrial xa se reducira previamente, tendo en conta que ata o mes de abril Galicia tiña a maior caída do Estado.

Por outra banda, consultando o informe da consultora especializada D&B, un total de 46 empresas abandonaron Galicia no primeiro trimestre deste ano para asentarse noutros territorios do Estado, unha dinámica que sitúa o país en saldo negativo, xa que marchan máis sociedades das que veñen e isto se se traduce na perda de 26 millóns de euros mensuais. Ao longo de 2021 marcharon de Galicia para domiciliarse noutros territorios 113 empresas e entre 2013 e 2019 marcharon de Galicia para outras comunidades do Estado español máis de 830 sociedades, que facturaban por valor duns mil millóns de euros.



A crise industrial en Galicia amosa evidencias empíricas en datos como ese, que corroboran a necesidade dunha política industrial activa dende o Goberno da Xunta de Galicia. É evidente que hai sectores e empresas de éxito na economía galega, algunhas novas e outras con décadas de madurez e rodaxe, pero tamén que hai outras en fases complicadas, pero tanto detrás dunhas como noutras subxace a ausencia de política industrial que acompañe ao emprendemento nos ámbitos tecnolóxicos, enerxético, estratéxicos e de investimento, entre outros.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego que a produción industrial caese en Galicia nun 2,9 % ata o mes de xuño de 2022 con respecto o ano anterior mentres subía o mesmo 2,9 % no conxunto de España?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:43:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:43:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/01/2023 13:44:02



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Luís Álvarez Martínez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O novo Plan hidrolóxico elaborado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o período 2021-2027 asigna ao regadío do Val do Lemos 11,83 hectómetros cúbicos de auga ao ano. O consumo anual previsto nos seis municipios do Val do Lemos con leiras regables ou con terreo xunto ao encoro non pasa dos 4,12 hectómetros cúbicos e cabe indicar que o potencial de consumo de auga de regadío é case tres veces maior que as necesidades de consumo doméstico, comercial e industrial dos municipios aos que afecta.

No territorio que forma parte do radio de acción do regadío Val de Lemos, o 75 % deste consumo urbano absórbeo o municipio de Monforte con case 3,3 hectómetros cúbicos de auga ao ano, o resto das localidades da área de influencia móvense en cifras de consumo de auga similares. Bóveda e Sober teñen asignados 0,23 hectómetros cúbicos, Pantón e O Incio 0,22 cada un e A Pobra do Brollón 0,12. Nas comarcas veciñas, o municipio de Chantada necesita 0,67 hectómetros cúbicos para usos urbanos e o de Quiroga 0,20.

Aínda que ese consumo de auga para usos agrarios poida parecer moito, o certo é que é bastante menor do que os usuarios do regadío tiñan autorizado cando no 2006 se legalizou a súa asociación de regantes. Naquel momento, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil asignara o desvío ás canles desta infraestrutura un máximo de 21,25 hectómetros cúbicos procedentes fundamentalmente do tramo embalsado pola presa de Vilasouto, pero tamén do Cabe nos ramais de rega próximos a este río.

Os regantes adoptaran naquel momento o compromiso de optimizar o uso da auga para reducir progresivamente o seu consumo. O obxectivo naquel momento era reducir ata os 13 hectómetros cúbicos a auga necesaria para regar. Catorce anos despois, ese obxectivo foi conseguido por unha aplicación de controis máis rigorosos no uso da auga pero tamén pola preocupante redución do número de leiras que necesitan deste regadío.

As cifras do novo plan hidrolóxico elaborado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o período 2021-2027 deixan claro que a pesar do declive da agricultura vinculada ao regadío Val de Lemos, cunha demanda de auga para uso



agrario bastante máis reducida que a de Terra Chá, que supera os 37 hectómetros cúbicos.

Para poñer en marcha unha folla de ruta que achegue solucións aos principais problemas da actividade agraria e ao aproveitamento sostible da auga por parte da comunidade de regadores do Val de Lemos iniciouse o proxecto de reactivación da agricultura na comarca de Monforte que puxo en marcha a Confederación Hidrográfica Miño-Sil co soporte técnico da Universidade de Santiago. Un plan integral de aproveitamento agronómico do regadío Val de Lemos que trata de sacarlle proveito dunha vez por todas a esta infraestrutura de rega, que suma xa medio século de existencia e que nunca chegou a funcionar como se supoñía que debía facelo.

Este plan foi encargado a persoal especializado do Campus Terra da USC, que con 290.000 euros financiará a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica que avaliará a zona dende o punto de vista legal, económico, social, produtivo e estrutural e incluírá unha análise precisa dos problemas principais actuais e futuros. Ademais, establécese que no estudo se contemplará unha proposta de actuacións a realizar, cunha estimación de custos económicos e unha listaxe das entidades que deberían participar na aplicación das conclusións. Neste proceso as entidades involucradas garanten que terán en conta como valor esencial, a participación dos actuais usuarios deste regadío tanto no diagnóstico de situación como na proposta de solucións.

Unha infraestrutura de regadío que se iniciou a mediados do século XX e que viu como desaparecían boa parte das leiras dedicadas a uso agrario pola falla de políticas activas en materia de mobilización de terra agraria que non desenvolveron os sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia. Un regadío que debe de dar servizo a unhas 5.000 Ha, pero que só actúa nunhas 600 pola falla de políticas de concentración de terras neste entorno.

Agora que vemos como a situación xurdida pola guerra de Ucraína amosa a necesidade de que os nosos gandeiros puideran ter unha maior capacidade de autoabastecemento de cereais, Galicia segue á cola de España e Europa en superficie agraria útil e observamos como se viu comprometida a alimentación do gando nos primeiros momentos do conflito e como agora as explotacións teñen serias dificultades polo custo desta materia prima.

Por isto cómpre que visto que a Confederación Hidrográfica inicia este proceso, dende a Xunta de Galicia con competencias nesta materia, aporte o seu traballo para recuperar e mellorar esta infraestrutura, forme unha mesa de traballo coa



comunidade de regantes e inicie un plan de reactivación da actividade agraria no Val de Lemos para aumentar a superficie agraria útil deste territorio.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Cales son os traballos que está a facer a Xunta de Galicia para recuperar o sector agrario no Val de Lemos?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:44:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2023 13:45:06

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:45:22



A Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Se hai un exemplo de edificio anacrónico e de exemplo de feísmo e abandono é o da Cámara Agraria de Carballo, no barrio da Milagrosa. Esta edificación baleira e inservible converteuse nun punto habitual de pegada de carteis que só se van co tempo.

Seguen a pasar os anos e a incapacidade de chegar a acordos entre os gobernos autonómico e local de Carballo fai que a situación non teña solución.

No ano 1996, o Goberno local do PP falaba de aproveitalo como centro de formación, pero a dita utilización nunca chegou. No ano 2007 aventurouse a posibilidade de destinalo a un segundo centro de saúde, pero era unha infraestrutura demasiado pequena, no ano 2009 o Goberno local solicitou a Medio Rural a súa cesión para uso municipal, sen éxito. En 2013 a unanimidade da corporación municipal aprobou en pleno a petición do inmovible para derrubalo e ampliar a praza da Milagrosa, dentro dun proxecto máis amplo deste espazo, que ademais sería aproveitado polos comerciantes nos días de feira. A contestación do Goberno galego foi que se o concello quería a Cámara Agraria, que lla mercase, unha contestación sorprendente pola situación de abandono que ten a edificación e a necesidade de poñer en valor a zona.

Mentres o Goberno galego segue sen darlle unha solución axeitada para a cidadanía de Carballo e o Goberno local non ten capacidade para chegar a acordos coa Administración autonómica, a edificación é un perigo para a seguridade e integridade das e dos viandantes polo risco elevado de desprendemento de cascotes, cristais de fiestras e mesmo tellas.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Ata cando ten pensado o Goberno galego ter en situación de abandono o edificio da antiga Cámara Agraria de Carballo?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:47:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/01/2023 13:47:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/01/2023 13:48:08



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Con data 30 de agosto de 2022, notificouse a Resolución da Directora Xeral de Patrimonio Natural de data 11 de agosto de 2022, ditada por delegación da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se acordou denegar a solicitude de subvención formulada polo Concello de Melide ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2021 (DOG núm. 9 do 14/01/22) para a actuación de “posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos”, motivando a dita decisión por ser un investimento non subvencionable, incumprindo o artigo 5 da orde.

A dita solicitude de subvención facíase ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos na Rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT814A) (DOG núm. 9 do 14 de febreiro de 2022), con cargo á submedida 4.4 'Axuda aos investimentos non produtivos vinculados a realización de obxectivos agroambientais e climáticos'.

Cómpre analizar o artigo 5 da dita orde:

“Artigo 5. Actividades subvencionables e importe

1. Poderán ser obxecto das axudas previstas nesta orde as seguintes actividades:

a) Actuacións dirixidas á mellora da paisaxe agraria ou actuacións de desenvolvemento de usos recreativos:

1º. Creación e/ou mellora de cercas, sebes, vexetación de lindes e bordos non cultivados nas parcelas agrícolas que incrementen o valor paisaxístico do territorio.

2º. Actuacións para a mellora da paisaxe rural, como a restauración de muros de cachotaría e cantaría.



3º. *Restauración ou adecuación de carreiros rurais.*

4º. *Creación de rutas e áreas recreativas, así como os investimentos necesarios orientados a proporcionar o equipamento de información e interpretación adaptados ás características dos espazos naturais como elementos interpretativos, paneis informativos, observatorios ou elementos de análoga natureza asociados ás rutas ou ás áreas relacionados coa mellora do carácter de utilidade pública de Natura 2000 destinadas a visitantes ou habitantes;*

5º. ***Sinalizacións de camiños e sendas sempre que contribúa a aumentar o coñecemento dos valores naturais ou facilite o percorrido no dito espazo”***

Poderían ser múltiples os motivos de denegación da solicitude dentro do dito artigo 5, pero a Consellería decidiu motivala de xeito abstracto impedindo o dereito á defensa do concello.

A solicitude foi presentada en tempo e forma e foi acompañada pola documentación preceptiva, no “Anteproxecto para a posta en valor e difusión dos valores ambientais do río furelos como corredor ecolóxico dentro da ZEC Serra do Careón” preténdese a recuperación dun antigo carreiro que transcorre ao carón do río Furelos, dentro da Zona de Especial Conservación (ZEC) “Serra do Careón”, zona esta de enorme riqueza tanto en flora como en fauna, moi próxima ao centro urbano de Melide e na que se encontran importantes elementos de interese: río Furelos, ZEC Serra do Careón, Núcleo de Furelos, Ponte Románica de Furelos, Ponte do S. XIX de Furelos, Pasais de Petos, Arquitectura tradicional hidráulica (muñíos, levadas, presas...), bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, carballeiras galaico – portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* e fauna característica das áreas fluviais.

Coa recuperación e sinalización desta senda contribuiríase á posta en coñecemento dos valores ambientais e culturais presentes na zona de actuación, poñendo á disposición do público usuario un espazo accesible que facilitaría a visita. Trátase de poñer en coñecemento, ao longo do sendeiro, mediante a instalación de paneis informativos, as principais características e especies prioritarias de conservación, favorecendo o coñecemento do que significa a Rede Natura 2000, e en concreto esta ZEC, e o papel que esta figura de protección implica para a conservación ambiental.

O anteproxecto enmárcase ademais dentro dos obxectivos prioritarios dos espazos das áreas de montaña recollidos no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, en concreto na epígrafe 5, onde se insiste na “creación e adecuación en cada ZEC das infraestruturas de uso público necesarias para achegar a poboación local e os visitantes aos valores do espazo natural, de forma ordenada e compatible cos obxectivos de conservación”.



Entre os obxectivos do proxecto está garantir o mantemento dos hábitats de interese comunitario e os hábitats de especies protexidas: a posta en valor do patrimonio natural e cultural, a conservación da biodiversidade, a sensibilización sobre boas prácticas ambientais, o interese didáctico dos recursos naturais, a concienciación da veciñanza para a protección ambiental e patrimonial, a recuperación dun espazo natural, a protección do ambiente, a revitalización do entorno rural, así como promover e fomentar o deporte ao aire libre e un estilo de vida saudable.

E para o cumprimento dos ditos obxectivos os principais traballos a executar consisten na limpeza e roza de camiños, adecuación do camiño, marcaxe do trazado, sinalización dos elementos de interese e instalación de elementos interpretativos.

Resulta claro que as actuacións que se establecen no proxecto presentado polo concello de Melide, son actividades subvencionables de conformidade co establecido no artigo 5.1 da orde polo que se debería de atender o recurso presentado polo concello ante a decisión da consellaría.

Esta situación xa sucedeu co proxecto de mellora do entorno da Fonte de San Xoán de Furelos, a Consellería de Medioambiente denegou a subvención á que o concello de Melide tiña dereito, cuns argumentos que carecían da motivación suficiente e que non impediu que o concello polos seus propios medios realizase unha obra que tanto mellorou o entorno da dita fonte.

Non é a primeira vez que o PSdeG-PSOE no grupo goberno do concello de Melide denuncia, con probas como as aparecidas nas redes sociais, o uso partidista contra o actual Goberno local de Melide que fai da Consellería de Medioambiente, a persoa que é a súa máxima responsable e que fora alcaldesa do dito concello.

Esta situación fai sospeitar á veciñanza que detrás destas decisións “abstractas” de impedir investimentos da consellería de Medioambiente no concello de Melide, teñan motivacións partidistas para prexudicar á cidadanía de Melide impedindo ao Goberno local acceder as subvencións pola única motivación de non estar dirixido polo PP.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:



Cal é a motivación da Consellería de Medioambiente para denegar a solicitude de subvención do concello de Melide na actuación de “posta en valor e difusión dos valores ambientais do río Furelos”?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:46:15

Pablo Arangüena Fernández na data 18/01/2023 13:46:30

Paloma Castro Rey na data 18/01/2023 13:46:52



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A cidadanía de Arteixo está preocupada pola situación existente na planta de compostaxe de Figueroa, cun novo lume nas súas instalacións que comezou o día 3 de novembro e que aínda ten focos de combustión nestas datas, desprendendo un fume potencialmente contaminante que respiran os veciños dos barrios de Figueroa e o Rañal e que incluso chega ao núcleo de Arteixo cando sopra aire do nordés.

Esta situación non é nova, xa que a finais do ano 2019 tivemos que soportar unha situación similar coa combustión de pilas de residuos da mesma planta que estiveron activas durante meses, expulsando ao aire uns fumes cun importante olor e alto potencial contaminante.

Cómpre recordar as distancias a algúns puntos críticos do noso concello: barrio de Figueroa (400m), IES de Sabón (600m), campos de fútbol de Ponte dos Brozos (750m), piscina municipal (950m), cunha poboación que xa sufriu esta combustión dende outubro do 2019 a xaneiro do 2020 e volven a sufrilo 3 anos despois, sorprendidos pola falla de actuacións e de solucións que dan dende o concello de Arteixo e a Administración autonómica.

Os socialistas revisamos no 2019 a licencia de actividade da planta coa intención de comprobar que a actividade realizada se axustaba á legalidade e aos permisos vixentes -unicamente poden realizar compostaxe de material vexetal, sen ningún tipo de carga química-.

No proxecto presentado no ano 2017 ante o Concello de Arteixo por parte da empresa que desenvolve actividade nesa planta, Inversiones Castro Veira Sociedad Limitada (INCAVE); no anexo 1 -referente ao proceso produtivo-, establecíase o seguinte:

“La actividad de tratamiento de residuos procedentes de la silvicultura y residuos está prevista para una capacidad de tratamiento del orden de 200Tn/año; Residuos de madera sin sustancias peligrosas 80Tn/año, Residuos biodegradables 120Tn/año.



El proceso consiste en que el material procedente de residuos silvícolas son primero recepcionados e inspeccionados para posteriormente ser almacenado en pilas de 50m3 y por último triturados una parte y otra parte astillados en función de a donde se destine finalmente; es decir, para plantas de compost ó empresas de venta de astilla para calderas de biomasa.”

“Los tiempos de almacenamiento del material triturado o astillado se reducirán en la medida de lo posible para ser transportado en mismo día.”

Dende o Grupo Socialista presentamos nese 2019, unha solicitude de información ambiental á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que afirmou que a “pila en combustión contiña unhas 400 toneladas de restos vexetais sen triturar, cunha superficie aproximada de 1.750 m2 e unha altura variable entre 1 e 5 metros”.

Con esa información dende o noso grupo preguntamos ao Goberno local en sesión plenaria sobre o presunto incumprimento do proxecto presentado no 2017 ante o Concello, no referente á cantidade tratada e á superficie das pilas de residuos, así como no tempo de almacenamento e preguntamos sobre as actuacións e trámites de control, por orde cronolóxica, que levara a cabo o Concello de Arteixo, dende todos os seus departamentos, dende o ano 2017 ata o 2019, engadindo se consideraban prudente dende o departamento de urbanismo e medio ambiente autorizar no 2017 a instalación dunha planta deste tipo, cos riscos que leva asociados, nunha zona moi próxima a núcleos de poboación e as instalacións deportivas e centros escolares de Arteixo, tendo en conta ademais que no proxecto só se incluía un pozo no apartado de “Abastecemento de auga”.

Tamén preguntamos polas actuacións, por orde cronolóxica, levadas a cabo por parte do Concello de Arteixo e de todos os seus departamentos, dende o día de comezo do incendio e se informaran á cidadanía sobre a posible incidencia na saúde pública e a vida cotiá da cidadanía do incendio e posterior combustión, pero o Goberno local non aportou nada de información sobre a problemática.

Ademais das intervencións realizadas polos servizos de emerxencia, somos coñecedores das denuncias da poboación ante o Seprona, que non sabemos que consecuencias tivo porque a actividade seguiu desenvolvéndose nas mesmas condicións.

Hai tres anos vivimos a incapacidade da Xunta de Galicia e do Concello de Arteixo para tomar medidas de protección da poboación afectada e dar solucións ao grave problema de seguridade e salubridade que xera esta instalación para a nosa veciñanza, tamén somos descoñecedores de cales foron as actuacións que levou a cabo a Consellería de Medio Ambiente despois dos sucesos do 2019, xa



que o sistema de almacenamento e as infraestruturas seguen igual dende aquela segundo as informacións recibidas polos veciños do entorno, cunha administración que tomou a posición de “Don Tancredo”, deixando pasar o tempo sen facer nada a ver se todo volvía á normalidade.

Por todo iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Cales foron as actuacións realizadas pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, despois da contestación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental sobre as condicións da planta en 2019?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:50:42

Pablo Arangüena Fernández na data 18/01/2023 13:50:54

Paloma Castro Rey na data 18/01/2023 13:51:11



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e María Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Goberno do Estado, na súa aposta por medidas de apoio á nosa industria e ao mantemento de emprego de calidade, concedeu 44 millóns de euros en axudas a instalacións industriais de Galicia dentro do mecanismo de compensación de CO₂.

Estas axudas son clave para o avance da nosa industria e para protexer os postos de traballo de moitos traballadores e traballadoras do noso territorio, unhas axudas que intensifican as medidas tomadas polo Goberno do Estado para reforzar a competitividade dos sectores industriais fronte á actual situación dos prezos da enerxía que sacude toda Europa, unhas medidas que establecen axudas directas, como eses 44 millóns e outras indirectas como as rebaixas de impostos nas que se está a traballar ou a inclusión temporal das plantas de coxeración das industrias con gran consumo de gas no mecanismo de excepción ibérica.

Estas axudas incluídas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo na proposta de resolución provisional das axudas do mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro contan con 244 millóns de euros e foron adxudicados case na súa totalidade, sendo Galicia a comunidade de toda España que máis fondos recibe, un 18 % do total dispoñible en 13 concesións.

Son perceptores destas axudas empresas como ALCOA, Aluminios Cortizo, XEAL, Papeleira de Brandía, a factoría de ENCE en Pontevedra, EXLABESA, MEGASA, FERROGLOBE, CELSA ou o complexo industrial de REPSOL na Coruña e dentro destes perceptores, as factorías de ALCOA en San Cibrao son as máis beneficiadas cun total de 29,85 millóns de euros en axuda directa, algo que pon de manifesto quen traballa polo mantemento do emprego na Mariña lucense á espera de que a Xunta de Galicia cumpra con algo máis que palabras á hora de garantir o futuro desta planta ou en FERROGLOBE na que ademais de estas axudas tivo que ser a SEPI a que rescatara a esta empresa con 34,5 millóns de euros.

O Goberno galego, que polo noso Estatuto de autonomía é a administración competente en materia industrial, non estableceu medidas de apoio a estas empresas, pese ás emendas que o noso grupo presentara aos orzamentos da Xunta



de Galicia do 2022 para habilitar fondos para esta cuestión. Tampouco estamos a ver como dende o Goberno galego impulsan a implantación de enerxía renovable ligada a este tipo de produción industrial que podería garantir uns prezos razoables para a súa competitividade.

Do mesmo xeito que o Goberno estatal pon os seus esforzos para apoiar ás ditas empresas dende o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego debería facer un esforzo máis aló de palabras que desaparecen tal e como chegan.

Por todo iso o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Pensa o Goberno galego implementar unha liña de axudas con fondos propios ás industrias con altos custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro tal e como fai o goberno estatal?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:48:50

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:49:05



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A segunda maior navieira de contedores do mundo, a danesa Maersk, ten previsto facer de España uno dos seus grandes centros de abastecemento de combustible renovable para a súa frota, composta por uns 715 buques, cun proxecto orzado nuns 10.000 millóns de euros de investimento e que xerará 85.000 postos de traballo: 5.000 directos, 40.000 indirectos e outros tantos na fase de execución. Así, pretende construír en Galicia e en Andalucía senllas fábricas de metanol verde, o biocombustible que substituirá ao gasóleo que empregan actualmente os cargueiros e co que prevé descarbonizar a súa frota.

Con máis dun século de historia ás súas costas, a navieira danesa Maersk pode presumir de ser un dos principais referentes do sector do transporte marítimo a nivel mundial. Neste camiño de crecemento, decidiu hai uns anos navegar cara a un futuro moito máis verde e respectuoso co medio ambiente e neste proceso é onde entra en xogo Galicia, que despois do traballo do Goberno central, foi xunto con Andalucía as elixidas para desenvolver un ambicioso proxecto enerxético co que seguir alimentando aos seus barcos.

Galicia non é un territorio descoñecido para Maersk, xa que a navieira traballa no porto de Marín facendo de escala a un barco *feeder* un portacontedores que leva unha carga que posteriormente introduce noutro de maiores dimensións, cunha periodicidade semanal. Este traxecto permítelle conectar a terminal pontevedresa con Alxeciras por mar, pero tamén por terra xa que conecta a vila mariñá con Alxeciras a través dun tren semanal. E esta ruta representa todo un fito, porque cos seus 1.650 quilómetros trátase do traxecto ferroviario con carga refrixerada máis longo de España.

Maersk destina dos 293 millóns de euros que pagou durante o 2021 en concepto de impostos en Europa, uns 60 millóns quedaron en territorio español, unha cifra que previsiblemente crecerá nos próximos meses se finalmente leva a cabo o proxecto anunciado e tamén influirá no mercado laboral, xa que os dous novos centros de produción de metanol verde de Maersk anunciados suporán a creación de 5.000 empregos directos, 40.000 indirectos e outros 40.000 que se xerarán durante a fase de construción dos dous centros.



O conselleiro delegado da multinacional danesa, Soren Skou, e o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, asinaron un protocolo xeral de colaboración para explorar as oportunidades de produción de combustibles verdes a gran escala en España. En Galicia hai moitas posibilidades de ter a disposición enerxía eólica e Andalucía conta cun gran número de parques fotovoltaicos, ademais de estar ambas comunidades situadas en localizacións estratéxicas nas rutas marítimas do Atlántico e do Mediterráneo polas que discorrerán os barcos de Maersk.

Este proxecto pode implicar unha revolución no deseño desas rutas para que os barcos dispoñan de puntos de aprovisionamento de combustibles renovables, aínda que a localización exacta das fábricas de metanol verde non é oficial, estarán situadas en terminais portuarias para que os barcos de Maersk poidan encher os seus depósitos. Unha das localizacións posibles é o porto exterior de Langosteira que xa foi visitado por representantes da empresa danesa.

Dos 10.000 millóns de investimento, ao redor do 40 % destinarase ás fábricas, mentres que o resto dedicarase á construción de instalacións renovables que producirán a electricidade necesaria para obter primeiro hidróxeno verde e, a partir del, metanol, aínda que tamén subscribirá contratos bilaterais de subministración (PPA) de enerxía con outros promotores. Unha fórmula esta última que está a proliferar para conseguir electricidade a prezos máis baixos co obxectivo de impulsar proxectos industriais. Este proxecto podería xerar ata dous millóns de toneladas de combustibles verdes ao ano segundo informou a multinacional danesa. Esta necesitará seis millóns anuais para alcanzar o seu obxectivo de emisións no 2030 e cantidades aínda maiores no 2040, para cando quere chegar ás cero emisións netas.

De momento, a multinacional xa encargou 19 buques capaces de funcionar con metanol verde para poñelos en funcionamento entre o 2023 e o 2025. Necesitarán 750.000 toneladas de combustible, que non serán españolas, porque fontes gobernamentais explicaron que en 2027 estaría operativa a primeira fábrica española, pero non precisaron se a galega ou a andaluza, para comezar inmediatamente despois da posta en marcha da segunda.

O presidente da Xunta declarou o propio día do anuncio oficial realizado polo presidente do Goberno e Maersk que descoñecía o proxecto e que non tiveran participación no acordo, unha información que indica o grao de incapacidade para a negociación e captación de proxectos industriais do Goberno galego.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:





Cales son as iniciativas que adoptou o Goberno galego dende a sinatura do protocolo de colaboración entre Maersk e o Goberno do Estado para facilitar a chegada deste forte investimento industrial ao noso territorio?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:49:42

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/01/2023 13:49:57



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia debería actuar con dilixencia e conceder un prazo de execución e orzamento suficientes para que as explotacións gandeiras poidan contar coas medidas de prevención de ataques da fauna salvaxe que precisan para realizaren a súa actividade coa seguridade necesaria.

A Administración autonómica debe escoitar as reivindicacións das organizacións agrarias e aprobar sen demora unha ampliación do prazo para a xustificación das axudas para prevención de danos da fauna salvaxe que permita aos beneficiarios acometer as accións para as que lles foron concedidos estes fondos. Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes finalizou o 21 de febreiro, a Consellería de Medio Ambiente debería ter publicado a resolución en maio, unha data a partir da cal as persoas beneficiarias contarían con algo máis de catro meses para poder realizar as obras ou actuacións subvencionadas e xustificar o gasto, pero ata o 13 de novembro non fixeron pública a resolución que deixa as explotacións sen marxe de actuación e que por riba reduce a contía solicitada. Ademais a ampliación de prazo que fixa de data límite o 9 de decembro resulta unha burla pois os afectados pasan a contar de case cinco meses a pouco máis de tres semanas, tempo insuficiente para adquirir os materiais, contratar obreiros e acometer actuacións como instalación de valados ou cercas que en moitos casos acadan extensións quilométricas.

A propia Consellería de Medio Ambiente debería ademais de cubrir o 100 % do importe das actuacións solicitadas, unha situación que non fai en todos os casos e que semella que tratan de ocultar obstaculizando o acceso dos beneficiarios ao insuficiente orzamento que deixa sen apoio ás explotacións para facer fronte aos ataques que ano tras ano ocasionan cuantiosas perdas.

Temos que recordar que o sector cárnico de vacún en extensivo é o máis prexudicado por esta situación, un sector estratéxico que xa sufriu a incapacidade da Xunta para poñer a disposición dos gandeiros e gandeiras axudas directas propias do Goberno galego tal e como prometeran en marzo deste ano e que representan o derradeiro soporte económico e social para comarcas nas que o despoboamento e o colapso demográfico son unha realidade. Unhas explotacións que realizan un labor imprescindible dende o punto de vista da xestión do territorio e a prevención dos lumes.



Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego ampliar o prazo e aumentar o orzamento da Xunta de Galicia para as axudas para prevención de danos pola fauna silvestre, co fin de que sexan atendidas o 100 % das explotacións solicitantes?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 13:52:56

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:53:10



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia debería rectificar o listado de concellos afectados polos ataques de lobo que manexa a Consellería do Medio Rural para asignar as axudas que a nova PAC prevé para zonas con alta incidencia de danos na gandería.

Estas axudas enmárcanse dentro da nova liña “Xestión sostible de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros”, onde as superficies indemnizables estarán dentro dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia designados como zonas con presenza de grandes carnívoros.

As condicións de elixibilidade para as explotacións son estar localizadas nunha desas áreas, realizar pastoreo, dispor un mínimo de 15 cabezas de gando maior ou equivalente, e dispor de sistemas de vixilancia ou coidado do gando (dispositivos de xeolocalización e/ou cans de garda-mastíns). Nestas condicións as explotacións poderían optar a uns pagos anuais compensatorios de ata 75 euros por hectárea.

A Consellería do Medio Rural estaba a propoñer un listado de concellos de alta incidencia por ataques do lobo que xa está obsoleto, pois databa do ano 2009 cando se redactou o Plan de xestión do lobo e todos somos coñecedores de que se estaban a dar ataques noutras zonas e a relación de concellos foi actualizada pola Consellería de Medio Ambiente no ano 2021 coa incorporación de 22 concellos adicionais.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Vai o Goberno galego a ampliar os censos para a nova liña da PAC, “Xestión sostible de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros” aos concellos de Piñor, San Cristovo de Cea, Pedrafita, As Nogais, Bóveda, Cervo e Chantada?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Martín Seco García na data 18/01/2023 13:51:58

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/01/2023 13:52:16





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG do 17 de xaneiro de 2023 publicaba a orde do 21 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto.

Esta orde ten por obxecto a concesión de axudas destinadas á realización de operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños, co fin de fomentar unha pesca sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva.

As axudas terán como finalidade: Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que contribúan á eliminación gradual dos descartes e das capturas accesorias, que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos, que reduzan os efectos da pesca sobre o medio ambiente, en particular, mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo lograr un uso máis sustentable dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos predadores protexidos.

Poderán ser beneficiarios os propietarios de buques pesqueiros e as organizacións ou asociacións dos anteriores, incluídas as confrarías de pescadores.

Por todo o anterior os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cal é o orzamento destinado pola Consellería do Mar para esta orde de axudas destinadas á realización de operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños en 2023?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 18/01/2023 14:08:24

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2023 14:08:42

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/01/2023 14:09:00

Ana Belén García Vidal na data 18/01/2023 14:09:13

Manuel Santos Costa na data 18/01/2023 14:09:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/01/2023 14:09:37

Daniel Vega Pérez na data 18/01/2023 14:09:54





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG do 17 de xaneiro de 2023 publicaba a orde do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto.

O Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, establece as medidas financeiras da Unión para a aplicación da política pesqueira común, das medidas pertinentes relativas ao dereito do mar, do desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas e da pesca interior, e da política marítima integrada. Este regulamento establece a posibilidade de apoiar os investimentos no ámbito da produción na acuicultura.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribuirá ao logro de, entre outros, os seguintes obxectivos: fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, ambientalmente sustentables, economicamente viables e socialmente responsables; impulsar a aplicación da política pesqueira común e fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas.

Por outra banda, a Estratexia galega da acuicultura (Esga) é o documento de articulación que rexerá a planificación e a xestión da actividade acuícola cun horizonte situado no ano 2030.

A Esga establece as liñas de acción no territorio galego que se pretenden desenvolver na acuicultura, en consonancia coas disposicións do Plan estratéxico plurianual da acuicultura español.

Por todo o anterior os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento destinado pola Consellería do Mar para esta orde de axudas no ámbito da produción acuícola en 2023?





Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 18/01/2023 14:12:41

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2023 14:12:56

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/01/2023 14:13:10

Ana Belén García Vidal na data 18/01/2023 14:13:22

Manuel Santos Costa na data 18/01/2023 14:13:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/01/2023 14:13:49

Daniel Vega Pérez na data 18/01/2023 14:14:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG do 17 de xaneiro de 2023 publicaba a orde do 21 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto.

O Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, establece as medidas financeiras da Unión para a aplicación da política pesqueira común, das medidas pertinentes relativas ao dereito do mar, do desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras e acuícolas e da pesca interior, así como da política marítima integrada.

Este regulamento establece ademais, no seu artigo 6, as prioridades do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, entre as cales se atopan o apoio á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico no sector da pesca e da acuicultura.

Por outra banda, a Estratexia galega da acuicultura (Esga) é o documento de articulación que rexerá a planificación e a xestión da actividade acuícola cun horizonte situado no ano 2030. A Esga establece as liñas de acción no territorio galego que se pretenden desenvolver na acuicultura, en consonancia coas disposicións do Plan estratéxico plurianual da acuicultura española.

Por todo o anterior os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento destinado pola Consellería do Mar para esta orde de axudas para o fomento do desenvolvemento tecnolóxico a innovación e a competitividade no sector da acuicultura en 2023?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 18/01/2023 14:16:57

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2023 14:17:16

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/01/2023 14:17:30

Ana Belén García Vidal na data 18/01/2023 14:17:41

Manuel Santos Costa na data 18/01/2023 14:17:56

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/01/2023 14:18:08

Daniel Vega Pérez na data 18/01/2023 14:18:25



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Consellería de Educación decidiu suprimir unha mestra de educación infantil do CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha e con ela unha aula deste nivel. Unha medida criticada polas nais e pais representadas pola comunidade educativa por considerar que vai en contra da calidade educativa e o benestar das súas fillas e fillos.

Resulta incomprendible que as autoridades educativas ante a falta de 4 alumnos/as para superar o rateo dos 50 alumnos/as se tome a decisión de suprimir unha aula, cando estamos a falar de rapaces de 3 anos.

Hai motivos para non baixar a calidade educativa do centro coa eliminación desta aula xa que o CEIP por catálogo ten 3 liñas en cada nivel de educación Infantil e o profesorado desa etapa é profesorado estable e “definitivo no centro”.

O centro recibe alumnado de nova matriculación (procedente doutras comunidades e países) durante todo o curso polo que é bastante probable que o curso seguinte ou incluso nos primeiros meses deste teñamos alumnado para as tres aulas.

Os alumnos/as que comezan este ano a súa etapa escolar, son nenos e nenas que viviron o confinamento e a pandemia, moitos deles sen escolarización previa nas garderías e con todas as limitacións que iso supón a todos os niveis: sociais, de desenvolvemento, na linguaxe, no control de esfínteres, etc ... Polo que, seguramente, van necesitar máis atención e apoios.

Poden existir casos de alumnado sen matricular por motivo da pandemia, polo que nos podemos atopar que nos meses de outubro ou novembro se incorpore novo alumnado procedente de fóra da comunidade, zonas limítrofes ou do estranxeiro e o centro supere o rateo.



Ademais sería unha aposta por unha educación de calidade, manter esa 3ª unidade e baixar o rateo de alumnos nesta idade, máis se cabe contando co persoal definitivo e necesario no centro, nun ano no que se reducen os períodos de adaptación segundo a orde de calendario escolar e faise voluntaria a dita situación.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

A eliminación dunha mestre e unha aula de 4º de Educación Infantil pese a estar moi preto do límite do rateo esixido pola Administración é a aposta por unha educación de calidade da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/01/2023 16:51:08

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 16:51:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións pendentes no porto de Covelo (Poio).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 Portos de Galicia iniciou a tramitación dos convenios e dos proxectos para a mellora dos portos de Covelo e Raxó, que prevían un investimento de 1,9 millóns de euros en Covelo e 1,3 no porto de Raxó.

No ano 2010 Portos anunciou que os dous proxectos serían unificados nun só, e que serían recollidas as melloras demandadas polo concello e a veciñanza. En maio de 2010 o presidente do organismo, o sr Álvarez Campana, anunciou que o proxecto prevía un investimento superior aos 3 millóns de euros e que a licitación da obra se faría no outono desa anualidade.

Transcorridos máis de 12 anos daquel anuncio, os proxectos están sen realizar. No caso de Raxó anunciouse recentemente o investimento de 900.000 euros (dos que o concello asumirá o 30%), mediante un acordo entre Portos de Galicia e o concello.

No caso do porto de Covelo, fixéronse algunha reformas parciais mais está sen realizar o proxecto inicialmente acordado e redactado, que permitiría ordenar e urbanizar o acceso ao recinto portuario desde a PO 308, a pavimentación da calzada e das beirarrúas, a creación dunha zona de estacionamento e a dotación de saneamento, alumeadado e mobiliario urbano.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións prevé levar a cabo o goberno galego no porto de Covelo en 2023?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Rosana Pérez Fernández
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2023 19:19:18

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 19:19:26



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En data 15 de abril de 2022 o Grupo Parlamentario Socialista defendía en Comisión unha proposición non de lei referida á situación que afecta o municipio de Cartelle que 28 anos despois de iniciarse o proceso de concentración parcelaria máis de mil persoas propietarias continúan sen recibir os seus títulos de propiedade.

A referida concentración parcelaria iniciouse concretamente no ano 1993 e finalizou entre 2006 e 2007.

No seu momento foron 1.200 os veciños e veciñas que destinaron as súas fincas a esta concentración parcelaria buscando sacar produtividade destas terras, pero o proxecto quedou completamente abandonado pola Xunta de Galicia.

Unha problemática que se arrastra durante as últimas dúas décadas á que a Consellería do Medio Rural debe dar solución inmediata, e que provoca graves problemas aos propietarios e propietarias, por non dispor dunha escritura que certifique a titularidade dos terreos, obrigando aos veciños e veciñas a que teñan que se desprazar ata as oficinas agrarias en busca dunha certificación, cada vez que precisan solucionar algún problema relativo coas súas parcelas.

A proposta de resolución cuxo texto literal era “O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solucione, de forma urxente, a problemática que sofren os veciños e veciñas do municipio de Cartelle na provincia de Ourense, que a pesar de finalizar a concentración parcelaria entre o ano 2006 e 2007, aínda non dispón dos títulos de propiedade”, foi aprobada por unanimidade polos tres grupos políticos: Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Partido dos Socialistas de Galicia.



Pese a este acordo en sede parlamentaria nada mudou dende aquela e é polo que a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que pasos deu a Conselleria de Medio Rural dende xuño de 2021 ata a actualidade en relación coa entrega de títulos da concentración que afecta o municipio de Cartelle?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/01/2023 10:19:08

Martín Seco García na data 19/01/2023 10:19:18



Á Mesa do Parlamento

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Unha vez coñecidos os datos de execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2022 en todas as consellerías, é rechamante os datos referidos a vivenda que ven a asinar o que o Partido Socialista leva tempo reclamando a Xunta de Galicia. A solución pasa por máis orzamento para poder desenrolar todos os programas de vivenda con certo garante e sobre todo que a execución orzamentaria sexa real, en tempo e forma. Xa no 2021 puxemos de manifesto que só o 35% do programa 451B de acceso a vivenda, foi executado en tempo.

Partindo de que o 1 % do total do Orzamento Xeral vai para vivenda e que o remate do ano o orzamentado non se executa máis dun 50 %, sobre todo no Acceso a Vivenda como se manifesta mes a mes. No balance final logo de encaixes, de partidas plurianuais e demais temas, segundo a Xunta representa entre o 75-80% do orzamentado. E dicir quedan case 30 millóns sen gastar anualmente.

E coñecido o compromiso do Goberno central coas súas políticas de vivenda e a orientación que lle está a dar o Plan de recuperación para cumprir o mandato constitucional e que a vivenda digna sexa un dereito de verdade para os galega/as e non só un artigo da constitución. O investimento para mellorar este acceso en toda as comunidades autónomas é importante e en Galicia non podía ser menos. O Goberno central leva feito en Galicia un investimento de mais de 400M de euros en vivenda e en Rehabilitación nos últimos anos. No Plan Estatal de Vivenda 2018/2021 109 M de euros. No Plan Estatal de Vivenda 2022/2025 82,2M de euros de, 22,8M de euros do Bono de Alugueiro Mozo. A todo isto débese sumar os 205M de € dos Fondos Extraordinarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. É importante o investimento en rehabilitación enerxética de vivendas, o Goberno Central dende 2018 transferiu preto de 300 M de € para actuacións en vivendas, barrios e edificios. No ano 2022 transferíronse 101 M de € para rehabilitación. A idea do Goberno do Estado é continuar co compromiso orzamentario ata rehabilitar 25.000 vivendas en Galicia



e construír 1.200 novas vivendas sociais. É fundamental que a Xunta de Galicia avance na execución de eses fondos, xa que de aí dependen os novos investimentos.

Ante esta metodoloxía atopámonos coa realidade galega.

Nos orzamentos da Xunta para o ano 2023, obsérvase un aumento de 2,1M€ de respecto do ano 2022 en Vivenda e dicir un 1,7%, si temos en conta o IPC acumulado que é mais dun 5,5 %, ese aumento non actualiza nin os prezos dos materiais de construción.

Na situación que nos está tocando vivir, imponse a construción de vivendas protexidas e a súa adxudicación aos colectivos mais vulnerables, así como facer unha boa política de aluguer.

Non debemos esquecer que a exclusión residencial afectaba antes do Covid ao 35 %, agora logo de todo o vivido e bastante máis. por contra a oferta de alugueiro descendeu en Galicia, sendo Ourense con un 27 % o referente galego.

Vista a baixa execución orzamentaria da Xunta ata o último trimestre do 2022, onde destacan negativamente os servizos públicos e de protección social, con datos sangrantes en vivenda, onde os cartos finalmente empregados nin sequera chegan ao 10 %, , nomeadamente no programa 451B de acceso a vivenda , no que ano tras ano queda un remanente importante sen executar. Convén recordar que o executivo galego ten todas as competencias neste ámbito e que é a súa obriga dar solucións reais ante a grande dificultade para acceder ao alugueiro en Galicia. Pódese afirmar que a xestión do executivo galego de Rueda segue as mesmas directrices das de Feijóo con respecto a execución orzamentaria. Nos podemos esquecer que o gasto en políticas sociais nun momento tan delicado como o que estamos a vivir debe ser prioritario, e suficiente para dar resposta a realidade galega.

Non é tema menor o tratamento orzamentario que se lle está a dar as políticas de vivenda por parte da Xunta, cunha tan baixa execución que nos tres primeiros trimestres do 2022, a súa execución foi do 9,2% no acceso a Vivenda (451B), mellorando relativamente no Fomento a Rehabilitación e a calidade da vivenda(451A) acadando o 28,%. Todo isto coa problemática galega que impide a cada vez máis escasa mocidade galega acceder a un alugueiro en condicións



dignas para poder iniciar o seu proxecto vital na comunidade. Hai unha triste realidade, Galicia é a comunidade de España con menos axudas ao alugueiro a xente moza, así como a que ten menor promoción pública de vivenda.

No 2021 800M de € cambiaron de partidas, dedicándose a outros gastos distintos do recollido no proxecto de orzamento, o que mostra unha falla de xestión e sobre todo de planificación. Supoñemos que no 2022 os datos serán similares, mostrando a súa incapacidade para a xestión orzamentaria.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de que ano tras ano a execución orzamentaria leve sempre un atraso case ata fin de ano no tema da vivenda, nomeadamente no acceso a vivenda (451B)?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Eduardo Ojea Arias

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 10:26:46

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 10:26:54



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A taxa de crecemento da economía galega reflicte un nivel inferior á do conxunto de Estado en 2022, situando a Galicia na cola das comunidades autónomas neste ano, e as previsións de crecemento manteñen á nosa comunidade nunha situación comparativamente preocupante para 2023 segundo distintos estudos de conxuntura. Esta debilidade do crecemento apréciase tamén na evolución do emprego autónomo na nosa comunidade.

Os datos da Federación de Autónomos de Galicia amosan un 2022 tráxico para as persoas traballadoras por conta allea na nosa comunidade, toda vez que estiman a perda de máis de 2.500 persoas autónomas a peche do pasado ano con respecto ás cifras do exercicio anterior. En concreto, a directiva desta federación sinala a desaparición de “sete autónomos ao día en Galicia” nun ano no que se perdeu autoemprego “todos os meses”.

Esta situación, que afecta especialmente ao sector do comercio, súmase á baixa dun 13 % na creación de empresas en Galicia, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, que responden ao mes de outubro de 2022. Mentres Galicia é a quinta comunidade con maior caída do conxunto de España, a media estatal, no mesmo período, sitúase nun retroceso do 2,2 %. A evolución comparada galega non é positiva.

Neste contexto, cómpre sinalar que o informe do Banco de España sobre a evolución económica das pemes pon de manifesto a dificultade que están atopando as empresas de menor tamaño para acceder a financiamento bancario. De feito, os datos do segundo e terceiro trimestre do ano 2022 en relación con esa dificultade -xuros máis altos e requisitos máis estritos nun contexto inflacionario- son os máis complexos para as pemes dende 2013.

Ante estas dificultades, o goberno da Xunta non está adoptando unha política económica activa e suficiente para respaldar ao tecido produtivo galego ante os retos existentes.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o goberno da Xunta a evolución económica do tecido produtivo galego e especificamente dos autónomos e pemes en 2022?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 10:23:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 10:23:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego fixo público o Documento inicial do proxecto da liña de alta tensión do parque eólico dos Cotos II e do parque eólico Chan dos Meniños, que afecta aos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra.

O documento ten data de decembro de 2021, sinatura dixital dunha enxeñeira de montes de data 2-3-2022 e data de publicación do 28 de marzo de 2022.

O citado documento é un paso previo e necesario para que o órgano ambiental, neste caso a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellaría de Medio Ambiente, elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental da liña.

Para a análise do citado procedemento cómpre ter en conta:

1º A liña de alta tensión está vencellada á construción de dous parques (Os Cotos II e Chan dos Meniños) dos que non consta ningunha información nin trámite para súa autorización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º Está en tramitación outra liña de alta tensión, paralela á anterior, para a conexión do parque eólico Os Cotos coa subestación de Ponte Sampaio.

3º Tanto o parque eólico Os Cotos como Os Cotos II e Chan dos Meniños están promovidos pola empresa ECOENER, e outro tanto ocorre coas dúas liñas de alta tensión, polo que estamos diante dunha fragmentación de proxectos que deberían ser tramitados conxuntamente e avaliados de maneira integral e nos seus efectos sinérxicos e acumulativos.

4º Os citados parques eólicos e as liñas eléctricas de alta tensión teñen un elevado impacto no medio natural, no patrimonio cultural e nos usos económicos e residenciais do territorio, causan graves prexuízos ás comunidades rurais da contorna e responden a un modelo depredador, que só favorece a grandes empresas enerxéticas. Ao tratarse de zonas densamente habitadas ou próximas a zonas urbanas, as expectativas de recuperación demográfica e reactivación socioeconómica veranse seriamente mermadas pola implantación destas grandes infraestruturas enerxéticas.

5º Antes da tramitación de cada proxecto por separado, debería facerse unha previsión e unha planificación sobre parques eólicos e liñas de alta tensión que están en fase de solicitude, tramitación ou previsión de futura instalación, para poder obter unha imaxe de conxunto e unha avaliación global de impactos no territorio.

6º A Lei 18/2021, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduce no artigo 39 diversas modificacións da Lei 8/2009, entre elas a non admisión a trámite de novas solicitudes de parques eólicos por un período de ano





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e medio desde a entrada en vigor da lei. Esta modificación normativa debe ser tida en conta na tramitación e autorización da liña de alta tensión.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta desbotar a tramitación da liña de alta tensión de conexión dos parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños ao ser unha infraestrutura de conexión de parques dos que non consta ningunha solicitude?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2023 12:02:29

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2023 12:02:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 12:02:45





Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Plan de Pastoreo de Galicia é unha iniciativa da Consellería do Medio Rural que ten por obxecto aumentar as zonas de pastoreo nos montes veciñais en man común, co fin de previr os lumes forestais e favorecer a gandaría extensiva na nosa comunidade, e achegar así o correspondente valor engadido.

A Xunta renova e executa novos pasteiros a través de encomendas a medios propios da administración autonómica, un traballo que se realiza de xeito gratuíto para as comunidades de montes que, a cambio, se comprometen a manter e explotar os pasteiros axeitadamente.

Cómpre lembrar que a escolla deste tipo de montes - os que teñen un réxime de propiedade en man común ou veciñal - responde á necesidade de valorizar uns espazos que supoñen o 22,5% das superficie de Galicia e aproximadamente un terzo da superficie forestal de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego das accións levadas a cabo dentro do Plan de Pastoreo de Galicia nas fases desenvolvidas ata o de agora?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 19/01/2023 12:44:25

Daniel Vega Pérez na data 19/01/2023 12:44:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/01/2023 12:45:06

Raquel Arias Rodríguez na data 19/01/2023 12:45:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 12:47:40
Nº Rexistro: 47602
Data envío: 19/01/2023 12:47:40.982

José Antonio Armada Pérez na data 19/01/2023 12:45:36

Cachafeiro Anta, Belén na data 19/01/2023 12:45:51

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 19/01/2023 12:46:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-f6GRqZH0a-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a avaliación da Xunta do proxecto desenvolvido desde o programa 151A Fomento da Lingua Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente aprobación dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2023, co único apoio dos votos do Partido Popular, confirma a deriva orzamentaria restritiva que este goberno vén aplicando ao programa 151A Fomento da Lingua Galega.

Ao mesmo tempo que o goberno do PP se gaba de contar cuns orzamentos que de novo rozan cifras en crecemento histórico, desde a Consellería de Cultura Educación, Formación profesional e Universidades, que no global tamén presenta un orzamento superior ao ano 2022, destina ao programa 151A Fomento da Lingua Galega unha cantidade moi lixeiramente superior ao ano pasado que se achega aos 800.000 euros.

A falta de impulso orzamentario para avanzar en normalización lingüística é unha instrución política do PP que se ratifica por máis un ano e que, de o analizarmos en datos de progresión económica dos trece anos de goberno do Partido Popular, nos permite concluir que o orzamento para 2023 aínda non é nin a metade do correspondente a 2009.

Unha política de investimento económico regresivo que ten consecuencias na limitación dos posíbeis avances na restitución do galego en todos os usos sociais en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

igualdade co castelán e nunha política progresiva de normalización lingüística tal e como regula o marco lexislativo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta do proxecto desenvolvido desde o programa 151A Fomento da Lingua Galega nos trece anos de goberno?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 19/01/2023 13:37:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2023 13:37:05

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2023 13:37:16



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Consello de Contas estimou en 159,7 millóns de euros o financiamento pendente por parte da Xunta cara ás universidades públicas galegas no período 2010-2017 con respecto á media das universidades públicas presenciais españolas como resultado da conxelación de taxas universitarias decretada polo goberno autonómico sen a axeitada compensación económica para o Sistema Universitario Galego.

O goberno de Galicia decidiu conxelar as taxas universitarias de grao e máster en distintos cursos académicos no Sistema Universitario Galego, o cal implicou menos ingresos para as universidades públicas galegas, ás que, como sinalou o propio Consello de Contas, non lles correspondería soportar o custo desta decisión, polo que a Xunta debería dotalas dos fondos necesarios e pendentes.

Non obstante, nun novo exercicio de “eu invito, ti pagas”, o goberno galego non ten compensado a estas institucións académicas, cuxas perdas de financiamento cuantifica o Consello de Contas. Con esta materia pendente, é relevante tamén ser moi dilixentes á hora de abordar o financiamento universitario e as distintas partidas. Neste contexto, cómpre analizar o programa orzamentario 422C-Ensinanzas universitarias, os acordos co SUG, os maiores custes que a inflación implica para o funcionamento das universidades e aqueles derivados da contratación de persoal.

Nun momento no que o Goberno galego debe servir como apoio e motor das universidades públicas galegas, cómpre ter toda a información detallada sobre o financiamento universitario así como ser firmes no compromiso de dotar dos recursos suficientes ao noso sistema universitario público galego ao longo desta lexislatura e dos vindeiros anos.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como se vai comprometer a Xunta de Galicia co financiamento das universidades públicas galegas no que queda de lexislatura dado o financiamento pendente e os retos que teñen que afrontar?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 13:58:59

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 13:59:07

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 13:59:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 13:59:25



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na súa recente e recorrente valoración das estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia correspondentes a 2020 elaboradas polo Ministerio de Cultura, a Asociación de profesionais dos arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación en Galicia (BAMAD) alertaba de varias cuestións que dan conta dun empeoramento da súa situación.

Se no ano 2018 eran 75 os concellos que non dispuñan de biblioteca, dous anos máis tarde eran xa 91, e isto a pesar de que o director xeral de Cultura anunciaba no Parlamento en 2020 que “un dos obxectivos máis inmediatos da Xunta é o de concretar novas ferramentas de cooperación coas administracións locais que permitan coñecer as necesidades bibliotecarias de cada unha delas”.

E se ben é certo que este ano por fin sae adiante o proxecto de bibliotecas móbiles itinerantes -que darán servizo a 20 concellos-, tamén o é que esta iniciativa se fixo con moito do orzamento para 2023 que estaba destinado ás bibliotecas nas contas do Goberno galego.

Neste senso, e tal e como xa denunciou o Grupo Parlamentario Socialista, en materia de bibliotecas deixan en mínimos para o vindeiro exercicio a partida de investimentos dedicada á adquisición de libros en galego, que queda nun 17 % do que era. Esta cuestión contrasta cunha das conclusións do II Mapa de Bibliotecas, nas que se marcaban como reto “manter as medidas de apoio á produción en galego de calidade e á adquisición de recursos en galego”.

Os últimos datos do Ministerio apuntan ademais que estamos por baixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada 1.000 habitantes.

Por outra banda, o marco lexislativo segue sen se desenvolver regulamentariamente, nomeadamente no que ten que ver coa organización e cooperación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia e coa inexistencia dun plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.



Da diagnose e conclusións do II Mapa de Bibliotecas aprobado en maio de 2022 infírese que, tal e como apunta Bamad, é importante que “se desenvolvan e apliquen ferramentas de planificación que indiquen que servizos e de que características se deben ofrecer, en que aspectos é necesario investir e cara a onde se deben encamiñar os esforzos de cada punto bibliotecario”.

Diante do que podería ser un notablemente mellor balance da situación das bibliotecas en Galicia, preguntamos:

Ten previsto o Goberno galego algunha ferramenta de cooperación coas administracións locais para conseguir completar co servizo de biblioteca todo o territorio galego en 2023, tal e como anunciaba hai anos o secretario xeral de Cultura?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 11:25:00

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 11:25:15



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Coincidindo coa efeméride do nacemento de Castelao, este 30 de xaneiro celébrase unha nova edición do Día da Ilustración para visibilizar este sector a través da lembranza de sobranceiros artistas e o seu legado. Este ano a homenaxeada será María Antonia Dans Boado (Oza dos Ríos, 1922-Madrid, 1988), referente do neoexpresionismo e en cuxas obras os escenarios galegos estaban moi presentes.

A ilustración en Galicia conta na actualidade con moito peso dentro do noso escenario cultural, pero certamente non é unha profesión que goce da proxección e recoñecemento que debería, sendo esta unha das reivindicacións da Asociación Galega de Profesionais da ilustración (AGPI), que na actualidade conta con preto de 140 socios e socias.

A falta de profesionalización e as escasas axudas e preocupación que para este sector concreto existen dende as administracións, en contraposición con outros sectores culturais, son algunhas das reivindicacións trasladadas polo sector ao Grupo Socialista e que compartimos.

Mostra disto é que no extenso documento que recolle a Estratexia Cultural Galega 2021 a ilustración aparece só en tres ocasións e sempre vencellada ao sector do libro. Así, esa ECG21 formúlase como medidas a desenvolver:

- . Aumento da promoción internacional da literatura infantil e xuvenil, e da ilustración galegas.
- . Impulso de liñas de axuda para a participación dos creadores literarios (escritores, tradutores e ilustradores) en programas culturais internacionais de acordo coas asociacións do sector do libro.
- . Creación dun programa anual que difunda o labor dos creadores do ecosistema do libro (escritores, ilustradores e tradutores).

Mais ata o de agora non semella que ningún destes tres retos se conseguise ou se desenvolvese algunha acción nese senso.



Alén disto, ao Grupo Socialista parécenos un erro a concepción por parte da Administración autonómica da ilustración como disciplina cultural unicamente vencellada ao libro.

Por todo isto, as deputadas que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego satisfactorio o traballo desenvolvido para a promoción e protección do sector cultural da ilustración alén do seu vencello co libro?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 16:32:01

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 16:32:15



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O colapso no servizo de Urxencias do Centro Hospitalario da Universidade de Santiago (CHUS) vén sendo unha constante nestes últimos anos que se viu agravada aínda máis se cabe nestes últimos tempos. Fronte a isto, o Goberno galego mantén unha actitude pasiva sen dar os pasos necesarios para afrontar un problema que xa é crónico.

A Asociación de Pacientes e Persoas Usuarias do CHUS volvía denunciar a situación de saturación nese servizo na mesma semana de Reis, na que 13 pacientes graves permanecían en padiolas e cadeiras de rodas nos corredores de acceso de Urxencias. A maiores, sempre segundo este colectivo, a pesares das advertencias do persoal sanitario aos responsables do servizo, 19 pacientes co ingreso en planta asinado estaban ocupando os espazos de traballo e 8 padiolas da zona de atención permanecían sen ocupar por falta de persoal sanitario asignado.

No Sergas aducen que xa tiñan previsto o aumento das urxencias hospitalarias por causa do incremento de afeccións respiratorias, para o que aprobaron un plan de continxencias, máis a realidade apunta a que non son problemas puntuais senón situacións recorrentes que poderían mellorar de existir unha mellor organización.

Dotar de suficientes recursos e boa xestión a atención primaria, desenvolver axeitadamente o servizo de hospitalización a domicilio, pór a disposición das persoas doentes todas as camas das que dispón a área sanitaria de Santiago e Barbanza ou establecer circuitos claros para ser áxiles na desviación de doentes dende urxencias a hospitalización serían cuestións que sen dúbida poderían facer mellorar o servizo de Urxencias do CHUS.

Por todo isto, parece claro que o colapso crónico do que adolece o servizo de Urxencias do CHUS obedece a un problema organizativo que pasa por unha dotación estrutural e de profesionais adecuada, por potenciar as alternativas que teñen demostrado ser eficientes noutras áreas sanitarias como a área de observación, a unidade de curta estadaía, o hospital de día ou a hospitalización a domicilio e por adecuar a oferta ás necesidades reais de hospitalización convencional e de atención sociosanitaria.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Entende o Goberno galego que o problema de saturación do CHUS obedece maioritariamente a unha mala organización e xestión dos recursos?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 12:42:36

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2023 12:42:51

Marina Ortega Otero na data 19/01/2023 12:43:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación vivida na residencia de maiores do Consello de Sarria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores de Sarria, xestionada por un organismo autónomo dependente do Concello, foi obxecto de diversas informacións públicas que, desde o G.P. do BNG, acollemos con preocupación.

De maneira sintética:

1.- Destapouse un caso de espionaxe sobre as traballadoras da residencia a través da contratación, por parte dun responsábel municipal, concretamente o concelleiro de Servizos Sociais en 2019, dun detective privado.

2.- Investígase o acceso irregular de persoas alleas ao centro ás imaxes das cámaras de vixianza da residencia de maiores o que suporía, de confirmarse, unha vulneración da privacidade e intimidade das persoas usuarias da residencia e das traballadoras.

3.- Na residencia de maiores existía unha caixa de diñeiro en efectivo propiedade das persoas usuarias para sufragar gastos complementarios como podoloxía, perrucaría ou farmacia. Recentemente sóbose dun descuadre nas contas desa caixa e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén da existencia de senllos informes das traballadoras e de Tesourería municipal reclamando a desaparición desa caixa e a práctica que representa.

Ao Bloque Nacionalista Galego cóstanos porque así se publicou nos medios de comunicación (curioso cando se nos nega por parte da Xunta de Galiza e de maneira reiterada acceso a actas de inspección e expedientes nesta materia) das irregularidades detectadas nesta residencia por parte dos servizos de inspección da Consellaría.

A información publicada sinala, literalmente: “realizó el día 14 de noviembre una inspección de servicios sociales en la residencia de Sarria que releva una gestión con numerosas irregularidades. Desde medicación mal administrada, a habitaciones con techos rotos y cayéndose o falta de registros en asuntos como las caídas de los usuarios o las sujeciones. La inspectora dio diez días a los responsables de la residencia para enmendar los fallos. El plazo acaba este jueves”.

Para o G.P. do BNG é inadmisíbel que cousas como as relatadas con anterioridade acontezan en calquera servizo público, máis aínda nunha residencia de maiores. Tendo en conta que a Xunta de Galiza é responsábel de velar polos dereitos das persoas usuarias e o correcto funcionamento dos servizos sociais, independentemente de cal sexa a titularidade e/ou o modelo de xestión destes, fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que opinión lle merece todo o relatado ao Goberno galego como máximo responsábel en materia de servizos sociais?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2023 16:30:49

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 16:30:53

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 16:31:04



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establécese que os mecanismos de transparencia e de bo goberno deben funcionar como contrapesos que garantan a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos, fixando como obriga regular o acceso cidadán a determinada información administrativa e garantindo o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, enunciado no artigo 23, como a capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

No artigo 11 da dita Lei régulanse as obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística e no seu apartado 2. establécese que: *“En particular, a Xunta de Galicia fará pública toda a información complementaria sobre os seus orzamentos que sexa remitida ao Parlamento ao longo do exercicio, incluíndo unha actualización trimestral en función da execución orzamentaria, así como a liquidación anual”*.

Do mesmo xeito, o artigo 21 regula a reutilización da información do sector público autonómico, que nos seus apartados 2 e 3 establece:

- 1 *“Promóvese a posta á disposición en formatos abertos para facilitar a reutilización da información do sector público coa finalidade fundamental de facilitar un mellor coñecemento da actividade do sector público e o uso dos datos para a creación, por parte de terceiros, de produtos derivados e servizos de valor engadido.*
- 2 *Os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia velarán para que os documentos aos cales se aplica esta lei e a restante información que se considere de interese público poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.”*



Finalmente, o artigo 22.1 da citada lei contempla que *“A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do seu sector público facilitarán os seus documentos nos formatos ou nas linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato coma os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas.”*

Aínda que a Xunta de Galicia fai pública a través do DOG o que denomina como “Execución orzamentaria”, (<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financiera-e-contable/execucion-trimestral-dos-orzamentos/execucion-trimestral-do-ano-2022>), a realidade é que o documento que se publica non é o mesmo que entra no Parlamento e que realmente é o estado de execución que contempla todos os programas, seccións e capítulos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non procede á publicación desta información na páxina de transparencia a pesar de ser unha obriga legal?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 14:00:11

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 14:00:26



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei de residuos e solos contaminados de carácter estatal para una economía circular. Lei 7/2022, do 8 de abril, que entrou en vigor hai case 1 ano, establece no seu artigo 25 que para facilitar a preparación para a reutilización e o reciclado de alta calidade, as entidades locais establecerán a recollida separada de, a lo menos, as fraccións de biorresiduos de orixe doméstico antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto.

Entendendo tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclaxe en orixe mediante compostaxe doméstico ou comunitario.

Esta lei vén traspoñer unha directiva comunitaria do ano 2018 para adaptar a lexislación estatal ás esixencias europeas.

Os anos de desleixo do Goberno galego na súa política de xestión de residuos fai que cheguemos tarde ao cumprimento destes obxectivos o que obriga a ter que tomar medidas urxentes se non queremos incorrer en multas e sancións.

O sistema Sogama que xestiona os residuos da meirande parte dos concellos galegos tradicionalmente tratou os residuos provenientes da bolsa negra (residuo convencional) e amarela (plásticos, latas e bricks), no ano 2018 inaugurou a planta de Areosa dedicada a xestión dos biorresiduos que non esta a ser moi exitosa e é claramente insuficiente para tratar a materia orgánica (contedor marrón) de todos os concellos.

Por outra banda, as plantas de transferencia, onde se compacta o residuo están adaptadas para o transvase do contedor verde xenérico, e amarelo, pero non para contedor marrón FORSU (Fracción Orgánica contida nos Residuos Urbanos).

O Plan Sogama contemplaba esta adaptación en 13 plantas de transferencia: 6 de nova construción (en Cee, Ponteceso, Curtis, A Lama, Arbo y Riotorto) e 7 de



adaptación (Vigo, O Porriño, Silleda, A Rúa, Ourense, Lugo e Narón), pero leva moito atraso.

E o mesmo acontece coas novas plantas de tratamento de residuo orgánico, xa que das 11 previstas no PXRUGA 2010-2022, unicamente están en proceso de execución 3: Verín, Cervo e Vilanova, e ningunha aínda en funcionamento.

Por outra banda en Galicia existen outros 2 sistemas de xestión de residuos Nostián e Barbanza que levan décadas apostando pola compostaxe, e que este goberno do partido popular despreza de forma sistemática.

Dende o Grupo Socialista somos conscientes de que Sogama non ten a día de hoxe capacidade para a xestión de a materia orgánica de todos os concellos adscritos incluso descontando aqueles que opten por unha compostaxe de proximidade e polo tanto entendemos que ten que aproveitar os fondos estatais destinados á aplicación da nova lei e os fondos propios previstos, para ademais de construír as infraestruturas que sexan preciso, formular unha complementariedade cos outros dous sistemas de residuos (Nostián e Barbanza).

Defendemos que é o momento de que o goberno da Xunta deixe de actuar coma se so existira Sogama e colabore cos outros 2 sistemas para a súa actualización e inclusión no sistema galego de xestión de residuos, o que sería máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente.

E por iso polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que convoque de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza, e Nostián) co fin de implementar e coordinar os 3 sistemas de xestión existentes en Galicia, e trazar unha folla de ruta común cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que conta Sogama con recursos técnicos suficientes para tratar o residuo orgánico de todos os concellos adscritos ao seu sistema de xestión?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 16:52:07
Nº Rexistro: 47653
Data envío: 19/01/2023 16:52:07.466

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:41:51

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:41:59

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:42:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 16:42:16

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 16:42:26

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 16:42:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-f6GRqZHOa-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O goberno da Xunta de Galicia aproba con carácter anual unha achega aos colexios de avogados e procuradores de Galicia para atender aos gastos derivados do funcionamento e da infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica gratuíta, tales como a atención e tramitación de expedientes administrativos e o pago de infraestruturas.

Esta cantidade se corresponde co 8 por cento do importe total de gasto por este servizo certificado o ano anterior por cada un dos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia.

Dende hai unha década o Goberno galego mantén a mesma porcentaxe que resulta claramente insuficiente e provoca que os colexios profesionais teñan que facer un gasto excesivo para poder ofrecer á cidadanía un dereito recoñecido constitucionalmente como é o dereito de acceso á xustiza, en detrimento doutros gastos de xestión ordinaria para o correcto funcionamento destes organismos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno debe mudar o criterio de determinación das cantidades obxecto de subvención previo acordo co consello xeral da avogacía galega, co fin de poder cumprir de forma efectiva o deber de colaboración cos colexios na prestación deste servizo.

E é por isto polo que solicitamos ao goberno da Xunta que se reúna co Consello Xeral da Avogacía Galega e o Consello Xeral da Procuradoría co fin de acadar un acordo en relación ao criterio de determinación das cantidades anuais a abonar a estes colexios profesionais que responda de forma mais eficiente á necesidade de facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende este goberno suficiente a contía aportada aos Colexios profesionais de avogados e procuradores de Galicia para a xestión do acceso á xustiza gratuíta?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:46:02

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:46:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de abril de 2022 publicouse no BOE a lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para a economía circular. Esta norma traspón ao ordenamento xurídico do Estado español diferentes directivas comunitarias e introduce importantes novidades en relación coa normativa anterior en materias como

- Programas de prevención e plans e programas de xestión de residuos.
- Medidas e obxectivos na xestión de residuos.
- Xestión de residuos específicos como biorresiduos, aceites usados e residuos de construción e demolición.
- Responsabilidade ampliada do produtor.
- Redución do impacto de determinados residuos de plástico no medio ambiente.
- Medidas fiscais para incentivar a economía circular.
- Medidas de control, vixilancia, inspección e rexime sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas disposicións adicionais tamén inclúe elementos novidosos en materia de xestión de determinados tipos de residuos, contratos reservados, e impostos autonómicos sobre depósitos de residuos en vertedoiros, incineración e co-incineración de residuos.

Todas estas cuestións, así como outras previstas nas disposicións transitorias e nos anexos, superan o marco normativo establecido na lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galiza. Debe por conseguinte abrirse un proceso de participación cos diferentes sectores implicados e coas entidades locais para iniciar a revisión e actualización da lei galega.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que previsións ten o goberno galego en relación coa aplicación do previsto na lei estatal de residuos e a conseguinte actualización da lexislación galega?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2023 16:53:16

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2023 16:53:20

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 16:53:29



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Lei de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia, no artigo 10 apartado m) dispón que se debe publicar “A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos, subministrada periodicamente ao Parlamento de Galicia.”

As últimas comparecencias no Parlamento para informar sobre viaxes datan do ano 2019, ademais de que estas comparecencias só facían referencia ás viaxes no exterior, cando a regulación se referise a todas elas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Por que o Goberno de Galicia incumpre a Lei de transparencia evitando comparecer no Parlamento para informar sobre todas as viaxes dos altos cargos e publicar a correspondente información?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 11:27:19

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 11:27:37



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No ano 2016 a Xunta anunciou a creación do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. A Educación é un pilar fundamental na loita contra as desigualdades e discriminacións por diversidade e xénero. Vimos de pechar un ano o 2022 e comezar este 2023 nun contexto tráxico e insoportable por mor das violencias machistas. Nunca antes ademais unha proporción tan alta de mulleres asasinadas por violencia machista interpuxeran denuncia. Foron 21 de 49 as vítimas que o ano pasado pediron axuda ao sistema, pero non foron protexidas.

Tal e como recollía ese I Plan para a Igualdade nos centros educativos, nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas. A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma imprescindible para a superación dos prexuízos sexistas e machistas.

Amais da importancia de traballar pola igualdade real desde a escola, cómpre tamén lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de implementar un plan de igualdade consensuado capaz de dar resposta ás desigualdades na docencia que por razón de sexo padecen as profesionais no exercicio da súa profesión. Pero a realidade neste contexto tan delicado e no que a as administracións e institucións teñen o deber de poñer todo o esforzo na loita contra as violencias machistas é que nada se sabe dous anos despois de rematado o citado Plan para a igualdade nos centros educativos sobre resultados, aínda hai centros que non teñen elaborados os seus plans específicos, e son moitos os que teñen manifestado a ausencia de recursos para poder desenvolver os obxectivos contemplados no mesmo.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia previsto algún novo plan ou a actualización do anterior, ou posta en marcha dalgunha nova ferramenta ou estratexia no eido educativo para avanzar e traballar pola igualdade nos centros de ensino?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 16:49:10

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:49:18





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As marismas e a desembocadura do río Baxoi, no concello de Miño, configuran un espazo de 93 hectáreas de grande valor natural, que foi proposto en 2008 e 2012 para a incorporación á Rede Natura 2000. Aínda que aparece citado como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona Especial de Conservación (ZEC) nalgunhas publicacións oficiais, a realidade é que non chegou a protexerse ao abeiro da Rede Natura, o que pon de manifesto o desleixo do goberno galego en materia de protección do patrimonio natural e da biodiversidade.

Tanto o Plan de Ordenación do Litoral como o Plan Hidrolóxico Galiza Costa salientan os valores ambientais, paisaxísticos e ecosistémicos do esteiro do Baxoi. O POL caracterizou o espazo como Área de Mellora Ambiental e Paisaxística.

No ano 2017 o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), da USC, elaborou un estudo para a ADR As Mariñas Betanzos e o Concello de Miño, co obxecto de fundamentar a declaración das marismas e esteiro do Baxoi como Espazo Natural de Interese Local (ENIL).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este estudo pon de relevo os valores naturais e ambientais deste espazo, no que se identificaron 28 hábitats de interese comunitario, catro deles cualificados como prioritarios, así como unha superficie significativa de ecosistemas dunares e tamén bosques de ribeira. Ademais, o informe salienta o elevado número de especies vulnerábeis ou en risco de extinción que habitan nas marismas.

A inclusión deste espazo na Rede Natura garantiría a conservación dunhas marismas cun alto valor como ecosistema costeiro, o cal está sometido desde fai tempo a unha importante presión urbanística pola proximidade á praia e polo proxecto de urbanización en Monte Piñeiro.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego iniciar os trámites para a integración das marismas do río Baxoi na Rede Natura 2000?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 17:00:13

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2023 17:00:17

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2023 17:00:30





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Residuos Industriais de Galiza (PRIGA) remata a súa vixencia no presente ano 2022, polo que é o momento de facer avaliación dos seus resultados e de elaborar a partir destes os obxectivos, as liñas de actuación e as medidas do novo Plan.

Logo de 5 anos de vixencia, o Plan deu moitas mostras de esgotamento e de falta de solucións a graves problemas relacionados cos residuos industrias non perigosos. Un dos problemas máis recorrentes é o que ten que ver co esgotamento de instalacións de xestión de certos tipos de residuos e a utilización como alternativa de ocios mineiros, sen as necesarias garantías ambientais e con unha forte conflitividade social.

Ademais, cómpre ter en conta que nos últimos anos introducíronse numerosos cambios normativos e novidades que obrigan a unha profunda revisión das políticas en relación con estes materiais.

Un dos cambios máis importantes ten que ver cos principios da economía circular, que constitúen unha oportunidade para fixar novas metas en relación coa reutilización de materiais que agora se eliminan ou se depositan en vertedoiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro dos principios relevantes é o que ten que ver coas políticas de prevención e de redución de residuos, que deben fixar metas moito máis ambiciosas.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o goberno galego en relación coa avaliación do PRIGA 2016-2022 e coa elaboración participativa dun novo Plan de Residuos Industriais?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2023 17:22:39

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2023 17:22:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 17:22:52





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vellas e xustas reivindicacións de numerosos colectivos, entidades de todo tipo, asociacións empresariais, concellos da comarca da Barbanza e da Mancomunidade Arousa Norte, respecto da transferencia á Xunta de Galiza da estrada provincial EP-8001 que une a ponte de Catoira coa AP-9 en Caldas de Reis e a valoración da súa transformación nunha vía de alta capacidade que enlace a autovía da Barbanza coa AP-9, levan máis dunha ducia de anos sen ser atendidas pola administración autonómica.

Malia a que o propio goberno galego incluía o enlace no Plan Move 2009-15 e fixara especificamente a súa execución no ano 2017, ata o momento non houbo ningún avance no que recollía aquel Plan.

Mais non só figuraba nun documento. A propia Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación de Pontevedra subscribiran un acordo no ano 2010 de traspaso de varios viais, entre os que figuraba a EP-8001.

No entanto, xa no ano 2011, pouco despois da presentación do seu propio Plan, a Xunta de Galiza deixou de ter entre as súas prioridades esa estrada e posteriormente, despois de anos confundindo e enganando sobre o traspaso do vial á Xunta, a titular da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade descartouno publicamente “porque non hai solicitude formal por parte das administracións provinciais”. Unha aseveración que contrasta coas reiteradas declaracións das Deputacións da Coruña e de Pontevedra ao longo dos anos.

Pero máis alá da súa titularidade ou do inicio ou non do procedemento para a súa transferencia á Xunta de Galiza, a EP-8001, constitúe a saída natural dende a comarca da Barbanza cara a provincia de Pontevedra e Portugal, soporta un elevadísimo tráfico diario, gran parte del pesado, une non só dous concellos e dúas comarcas entre si senón que é tamén o eixo vertebrador entre dúas provincias e, ademais, leva anos sendo escenario de numerosos accidentes, nalgúns casos con resultados mortais.

Non só é lóxico, pois, senón que tamén é necesario que ese vial sexa de titularidade e de xestión autonómica e que o acordo entre as tres administracións chegue canto antes, como primeiro paso cara a unha mellora da conexión entre o sur da provincia da Coruña e a provincia de Pontevedra e Portugal, a través da posibilidade de unión entre a AG-11 e a AP-9.

Os pronunciamentos, as demandas e os acordos de moitos dos concellos situados a ambas as dúas marxes do río Ulla teñen sido numerosos durante, cando menos, os últimos dez anos. E é moita hora de que o goberno galego os comece a ter en conta e a incluílos na súa programación viaria de cara o futuro.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai iniciar, ou continuar se é o caso, as accións necesarias para facerse coa titularidade da EP-8001 que une as localidades de Catoira e Caldas de Reis e as provincias da Coruña e Pontevedra?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 17:28:49

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 17:28:53

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2023 17:29:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Ministros do 1 de marzo aprobou o anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel, paso necesario para dar comezo ao trámite de audiencia e información pública, que está aberto até o 13 de abril de 2022.

Se ben a lei ten obxectivos teóricos cos que de maneira xenérica se pode estar dacordo (cumprimento dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro e emisións contaminantes asociadas ao transporte, en liña cos acordos internacionais asinados polo Estado español), na aplicación concreta pode dar lugar a diferentes modelos e solucións.

Un dos elementos centrais da lei, no que ten a ver coa mobilidade, accesibilidade e xestión do espazo público nas zonas urbanas (especialmente nas cidades de máis de 50.000 habitantes) é a regulamentación das chamadas Zonas de Baixas Emisións, previstas no artigo 18 e na Disposición Adicional 7ª do anteproxecto, así como no artigo 14.3 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética.

A entender do BNG, tanto o previsto na lei de cambio climático como na lei de mobilidade sostíbel responde a unha concepción penalizadora, discriminatoria e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afastada da realidade galega xa que basicamente prevé a restrición do acceso a determinados vehículos (os máis antigos e contaminantes) e a autorización de acceso para aqueles que teñan o carimbo “eco”. Ademais, prevé a posibilidade de establecer taxas que penalicen o acceso a determinados tipos de vehículos contaminantes.

Ademais do carácter inxusto e discriminatorio destas medidas, que na práctica poderían supoñer un salvoconduto de acceso a determinadas zonas da cidade en función da renda, a proposta supón unha distorsión da organización e xestión do espazo público e da mobilidade urbana. O obxectivo non debe ser restrinxir o acceso de vehículos tendo en conta a súa carga contaminante senón establecer en determinadas áreas da cidade restricións maiores de maneira que se garantan os dereitos das persoas a un espazo público seguro e accesíbel, que se respecte a nova xerarquía da mobilidade, que se prime a mobilidade activa (desprazamentos a pé e en bici) e o transporte público, e que se posibilite o acceso a residentes e servizos.

Porque de levarse a cabo as previsións da lei de cambio climático e do anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel, os centros das cidades poderían verse invadidos por vehículos moi “eco”, moi sustentábeis, moi smart (satisfacendo os intereses de determinados lobis)... o que derivaría nunha xestión caótica do espazo público e do criterio de prioridade para as persoas.

Desde o BNG consideramos que existe unha terceira vía. que se pode resumir en peonalización si, penalización non. Esta terceira vía existe na práctica na cidade de Pontevedra, é a coñecida como modelo Pontevedra: unha experiencia de transformación recoñecida internacionalmente e que conseguiu reducir as emisións nun 70%.

O modelo Pontevedra consiste en implantar zonas de baixas emisións reducindo os tráfico innesarios para o funcionamento da cidade, fronte ao modelo que se recolle





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no borrador legislativo que aposta pola penalización para implantar zonas de baixas emisións de CO2 nas cidades. Pagar ou pagar son as dúas alternativas: pagar por acceder a determinada zonas, ou pagar adquirindo un vehículo coa etiqueta eco.

Para o BNG constitúe unha temeridade e unha irresponsabilidade establecer medidas relacionadas coa renda nun contexto de grave crise económica e social. As medidas que recolle a proposta legislativa supoñen unha carga para as persoas nun momento de crise que vai afectar tamén a moitas pequenas e medianas empresas que non poden renovar o seu parque automobilístico por vehículos eléctricos.

Ademais, a lei que tramita o goberno central é unha norma uniformizadora, que está pensada para grandes cidades como Madrid e Barcelona que soportan elevados índices de contaminación. Situación que mesmo motivou a apertura dun expediente sancionador da Unión Europea ao Estado español.

Por este motivo defendemos que a fórmula que xa se aplica con éxito en Pontevedra sexa unha alternativa que tamén se recolla na futura lei de mobilidade para a creación de zonas de baixas emisións, -que deben estar definidas en 2023-, a través da redución dos tráfico inncesarios para o funcionamento da cidade.

Polo anteriormente exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta presentar alegacións ao anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel para que se teñan en conta alternativas como a do modelo Pontevedra para a implantación de zonas de baixas emisións nas cidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/01/2023 17:36:00

Alexandra Fernández Gómez na data 19/01/2023 17:36:04

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 17:36:11



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 8 de abril de 2022 a Xunta anunciou a construción dunha pasarela peonil que cruzaría a ría da Coruña desde a praia de Santa Cristina radicada no concello de Oleiros ata a outra beira da ría, situada no concello da Coruña. O proxecto, que costaría 8 millóns de euros, non foi consultado cos concellos afectados e polo que se coñece do mesmo ata o momento parece propio dunha concepción das infraestruturas xa superada e que vai en contra da máis moderna concepción das obras públicas (mínimo impacto ambiental e visual, integración na paisaxe e no medio, redución de custos, etc).

Investigadores do CICA da Coruña e do CSIC valoraron moi negativamente o proxecto, chegando a cualificalo de “aberración”. A asociación Mobiliza fixo pública a proposta alternativa de usar a parte inferior da Ponte da Pasaxe para conectar ambos lados da ría, a un coste moi inferior e cun impacto tamén moito máis pequeno, ademais de que podería servir para completar o paseo marítimo a ambos lados da ría dun xeito idóneo para as necesidades dos paseantes e ciclistas.

A necesidade de mellorar a comunicación entre ambos lados da ría é un feito e unha demanda desde hai moito tempo, pero o anuncio dunha obra que parece mal concibida, excesivamente aparatosa e custosa e que, ademais, non parece que fose consultado con ninguén non é unha boa maneira de contribuír a satisfacer esa necesidade, que debería ademais enlazar e estar coordinada coas obras de rexeneración da ría que se están levando a cabo co impulso do Goberno do Estado, que a financia integramente, e cos plans para completar o paseo marítimo entre A Coruña e Culleredo.

Transcorrido xa bastante tempo desde o anuncio da obra, a Consellería de Infraestruturas parece estar desenvolvendo un xogo meramente electoralista en troques de satisfacer –como é a súa obriga- unha necesidade obxectiva como é facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría, hoxe limitada á Ponte da Pasaxe.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

É consciente a Xunta de Galicia da necesidade e a importancia de facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña que hoxe está limitada á Ponte da Pasaxe?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 17:45:33
Nº Rexistro: 47690
Data envío: 19/01/2023 17:45:33.138

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 17:34:14

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 17:34:30

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 17:34:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o procedemento sancionador aberto á empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa (Arteixo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Grupo Parlamentar do BNG acabamos de recibir a resposta a unha pregunta escrita (con número 43941) relativa ás medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa, no concello de Arteixo.

A contestación formulada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda confirma ter realizado varias inspeccións na instalación derivadas dos incendios ocorridos de forma reiterada nos últimos anos.

Asemade, confirma que, tras estas visitas de inspección, solicitou o inicio dun procedemento sancionador por exceso das cantidades xestionadas, aínda que non o determina na resposta escrita.

A resposta da Consellería vén confirmar as denuncias da veciñanza que recollemos no BNG, así como a preocupación polas posíbeis afectacións ambientais e de saúde pública.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que seguimento de control está a seguir a Consellería na parcela da empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa, no concello de Arteixo, á vista das reiteradas infraccións como xestor de residuos?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2023 17:53:42

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2023 17:53:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Rosana Pérez Fernández e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atópase á cola do Estado en oficinas bancarias por habitantes. Segundo os datos ofrecidos polo Boletín Estatístico do Banco de España para setembro de 2022, último mes con cifras, o país contaba con 3,8 sucursais de entidades de crédito por cada 100.000 habitantes, unha cifra 0,9 puntos inferior á media estatal, situada en 4,7 sucursais por cada 100.000 habitantes

Por outra parte, as oficinas bancarias da Galiza sitúanse á cola do Estado e da Unión Europea en persoal. Nesta dirección, as cifras achegadas polo anuario estatístico de 2021 da Asociación Española da Banca (AEB) indican que nese ano ocupábanse nas sucursais galegas 2.692 persoas, o que significaba 2,62 empregados por oficina, 5 empregados menos por oficina que a media estatal .

Este déficit de persoal nas sucursais de crédito xera unha redución sistemática dos servizos ás persoas usuarias, sobre todo da atención presencial, e responde a unha estratexia dirixida a encamiñar ás persoas usuarias cara a banca dixital.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao mesmo tempo aumenta a posibilidade de sufrir ciberroubos, e sorprende a súa taxa de éxito. Un 21% dos clientes financeiros admite ter sido vítima dunha tentativa de hackeo, e o 10% recoñecen que efectivamente chegou a producirse.

De feito, de entre as reclamacións presentadas perante o Banco de España, as quintas reclamacións máis numerosas, pero as terceiras que máis medran, son as relacionadas con transferencias presuntamente fraudulentas realizadas por internet.

Estas son algunhas das cifras de contexto dunha situación de exclusión bancaria que gaña corpo no noso país. A falta de posibilidades económicas, de cultura dixital, e a desconfianza cara estes novos medios de xestión dos recursos económicos propios, son a outra parte do cadro, a das persoas usuarias que ven descender a calidade e a seguridade dos servizos bancarios que reciben por parte das entidades financeiras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galiza impulsar algún mecanismo para promover a atención presencial das persoas usuarias de servizos financeiros?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2023 18:15:55

Daniel Pérez López na data 19/01/2023 18:15:58

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2023 18:16:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a información das listas de espera no SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As listas de espera hospitalarias son un dos indicadores que permiten visualizar a situación da sanidade pública galega. Após a pandemia da COVID19, o número de doentes en agarda dunha primeira consulta hospitalaria ascendía o 30 de xuño de 2022 a 198.323, das cales 599 pacientes levaban máis de 12 meses agardando por esa cita, a maioría delas no Hospital da Mariña, mais tamén no de Valdeorras e no CHUO. Nesa mesma data, as doentes en espera dunha cirurxía ascendían a 46.553, cunha importante cifra de pacientes que levaban tamén máis dun ano esperando por esa intervención, 331 persoas. Ao contrario do que sucede no caso da lista de agarda pola primeira consulta hospitalaria, neste caso, as pacientes que permanecen máis de 12 meses en espera dunha cirurxía concéntranse nos hospitais cabeceira das áreas sanitarias.

Se atendemos á situación das listas de espera de probas diagnósticas, 119.197 doentes estaban agardando ao remate do segundo trimestre do 2022, sendo 3.116 as persoas que estaban nesa situación desde antes do verán de 2021.

Cómpre ter presente ademais, o incremento de pacientes que se atopan nesta situación con respecto a publicacións anteriores, cun incremento superior ás 3.000





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas en espera dunha cirurxía respecto a decembro de 2021 ou de 6.300 nas listas de espera de primeira consulta hospitalaria.

Aínda que estes datos poderían traducirse nunha análise lixeiramente positiva pola melloría de certos parámetros con respecto aos publicados en semestres anteriores, cómpre ter presente que non permiten unha análise real da situación das listas de espera. Son datos absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as doentes incluídas nestas listas de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando pensa facer públicas o goberno galego a totalidade das listas de espera, incluíndo as pacientes en espera de ser citadas telefonicamente e as incluídas en listas de espera non estrutural?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023


Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 18:21:51

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 18:21:55





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

